



PARLAMENTO
DE GALICIA



DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

X lexislatura
Serie Pleno
Número 14

Sesión Plenaria
6 de febreiro de 2017

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA

Punto único: Debate e votación do ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017 (09/PL-000001 doc. núm. 1968)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 24, do 03.12.2016

Publicación da corrección de erros, BOPG nº 34, do 23.12.2016

Publicación de emendas á totalidade, BOPG nº 39, do 03.01.2017

Publicación de emendas ao articulado, BOPG nº 45, do 16.01.2017

Publicación do informe de Ponencia, BOPG nº 50, do 23.01.2017

SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez e tres minutos da mañá.

O señor presidente comunica as ausencias xustificadas dos señores Álvarez Martínez e. Rodríguez Estévez (Páx. 13.)

Prestación de promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia por parte de varios deputados e deputadas (Punto preliminar.)

Antes de entrar na orde do día, en cumprimento do previsto no artigo 7.3 do Regulamento, o señor presidente indícalle á señora secretaria da Mesa que proceda ao chamamento de dúas novas deputadas e tres deputados para que presten promesa ou xuramento.

A señora secretaria (Arias Rodríguez) procede ao chamamento. (Páx. 13.)

Logo de prestaren xuramento ou promesa de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia, D. Jacobo Moreira Ferro, D^a María Isabel Nóvoa Fariña, D. Moisés Rodríguez Pérez, D^a María Soraya Salorio Corral e D. Gonzalo Trenor López acadan a condición plena de deputadas e deputados do Parlamento de Galicia. (Páx. 13.)

Debate e votación do ditame, emitido pola Comisión 3^a, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017. (Punto único da orde do día.)

Presentación do ditame da comisión: Sr. presidente da Comisión 3^a, Economía, Facenda e Orzamentos (Losada Álvarez). (Páx. 14.)

Debate conxunto dos estados de gastos

Rolda dos grupos parlamentarios para explicar a súa posición sobre o ditame da comisión e, se é o caso, defender as emendas mantidas: Sra. Pontón Mondelo (BNG) (Páx. 16.), Sr. Fernández Leiceaga (S) (Páx. 23.), Sr. Sánchez García (EM) (Páx. 31.) e Sr. Puy Fraga (P). (Páx. 39.)

Rolda dos grupos parlamentarios para que se definan sobre as emendas defendidas polos demais grupos: Sra. Pontón Mondelo (BNG) (Páx. 48.), Sr. Fernández Leiceaga (S) (Páx. 50.), Sr. Sánchez García (EM) (Páx. 53.) e Sr. Puy Fraga (P). (Páx. 56.)

Debate do articulado

Rolda dos grupos parlamentarios para explicar a súa posición sobre o ditame da comisión e, se é o caso, defender as emendas mantidas: Sra. Presas Bergantiños (BNG) (Páx. 60.), Sr. Losada Álvarez (S) (Páx. 64.), Sr. Lago Peñas (EM) (Páx. 69.) e Sr. Tellado Filgueira (P). (Páx. 73.)

Rolda dos grupos parlamentarios para que se definan sobre as emendas defendidas polos demais grupos: Sra. Presas Bergantiños (BNG) (Páx. 78.), Sr. Losada Álvarez (S) (Páx. 79.), Sr. Lago Peñas (EM) (Páx. 81.) e Sr. Tellado Filgueira (P). (Páx. 82.)

Votación dos estados de gastos

Votación dos orzamentos das seccións e dos entes instrumentais dependentes delas

Votación dos orzamentos da sección 01 (Parlamento de Galicia), da sección 02 (Consello de Contas) e da sección 03 (Consello da Cultura Galega): *aprobados por 39 votos a favor, 25 en contra e 7 abstencións.* (Páx. 85.)

Votación das emendas números 1 a 5, 7 e 300 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao orzamento da sección 04 (Presidencia da Xunta de Galicia): *rexeitadas por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 85.)

Votación das emendas números 1 a 18 e 21 a 35 do G. P. dos Socialistas de Galicia ao orzamento da sección 04 (Presidencia da Xunta de Galicia): *rexeitadas por 31 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 85.)

Votación das emendas números 16 a 27 do G. P. de En Marea ao orzamento da sección 04 (Presidencia da Xunta de Galicia): *rexeitadas por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 85.)

Votación do orzamento da sección 04 (Presidencia da Xunta de Galicia): *aprobado por 39 votos a favor, 32 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 86.)

Votación das emendas números 8 a 19 e 296 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao orzamento da sección 05 (Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza): *rexeitadas por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 86.)

Votación das emendas números 36 a 69 do G. P. dos Socialistas de Galicia ao orzamento da sección 05 (Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza): *rexeitadas por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 86.)

Votación das emendas números 1 a 15 do G. P. de En Marea ao orzamento da sección 05 (Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza): *rexeitadas por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 86.)

Votación do orzamento da sección 05 (Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza): *aprobado por 39 votos a favor, 32 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 87.)

Votación das emendas números 20 a 22 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao orzamento da sección 06 (Consellería de Facenda): *rexeitadas por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 87.)

Votación da emenda número 72 do G. P. dos Socialistas de Galicia ao orzamento da sección 06 (Consellería de Facenda): *rexeitada por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 87.)

Votación das emendas números 70 a 73 (agás a número 72, xa votada) do G. P. dos Socialistas de Galicia ao orzamento da sección 06 (Consellería de Facenda): *rexeitadas por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 87.)

Votación da emenda número 28 do G. P. de En Marea ao orzamento da sección 06 (Consellería de Facenda): *rexeitada por 31 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 88.)

Votación do orzamento da sección 06 (Consellería de Facenda): *aprobado por 39 votos a favor, 32 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 88.)

Votación das emendas números 23 a 39 e 307 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao orzamento da sección 07 (Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio): *rexeitadas por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 88.)

Votación das emendas números 74 a 103 do G. P. dos Socialistas de Galicia ao orzamento da sección 07 (Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio): *rexeitadas por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 88.)

Votación das emendas números 29 a 50 do G. P. de En Marea ao orzamento da sección 07 (Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio): *rexeitadas por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 89.)

Votación do orzamento da sección 07 (Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio): *aprobado por 39 votos a favor, 32 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 89.)

Votación das emendas 40 a 44, 46, 47, 49 e 58 a 61 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao orzamento da sección 08 (Consellería de Infraestruturas e Vivenda): *rexeitadas por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 89.)

Votación das emendas números 193 a 195 e 205 a 207 do G. P. dos Socialistas de Galicia ao orzamento da sección 08 (Consellería de Infraestruturas e Vivenda): *rexeitadas por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 89.)

Votación das emendas números 51, 61 e 62 do G. P. de En Marea ao orzamento da sección 08 (Consellería de Infraestruturas e Vivenda): *rexeitadas por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 90.)

Votación do orzamento da sección 08 (Consellería de Infraestruturas e Vivenda): *aprobado por 39 votos a favor, 32 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 90.)

Votación das emendas números 62 a 82, 294, 295, 305 e 306 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao orzamento da sección 09 (Consellería de Economía, Emprego e Industria): *rexeitadas por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 90.)

Votación das emendas números 229 a 235 e 284 a 300, do G. P. dos Socialistas de Galicia ao orzamento da sección 09 (Consellería de Economía, Emprego e Industria): *rexeitadas por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 90.)

Votación das emendas números 64 a 70 bis do G. P. de En Marea ao orzamento da sección 09 (Consellería de Economía, Emprego e Industria): *rexeitadas por 31 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 91.)

Votación do orzamento da sección 09 (Consellería de Economía, Emprego e Industria): *aprobado por 39 votos a favor, 32 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 91.)

Votación da emenda número 100 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao orzamento da sección 10 (Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria): *rexeitada por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 91.)

Votación das emendas números 83 a 141 (agás a 100, xa votada), 297, 298, 299 e 301 a 304 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao orzamento da sección 10 (Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria): *rexeitadas por 18 votos a favor, 39 en contra e 13 abstencións.* (Páx. 91.)

Votación das emendas números 301 a 393 do G. P. dos Socialistas de Galicia ao orzamento da sección 10 (Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria): *rexeitadas por 31 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 92.)

Votación das emendas números 71, 72, 73 e 74 do G. P. de En Marea ao orzamento da sección 10 (Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria): *rexeitadas por 19 votos a favor, 39 en contra e 13 abstencións.* (Páx. 92.)

Votación da emenda número 75 do G. P. de En Marea ao orzamento da sección 10 (Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria): *rexeitada por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 92.)

Votación do orzamento da sección 10 (Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria): *aprobado por 39 votos a favor, 32 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 92)

Votación das emendas números 142, 194, 199, 200 e 203 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao orzamento da sección 11 (Consellería de Sanidade): *rexeitadas por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 93.)

Votación do orzamento da sección 11 (Consellería de Sanidade): *aprobado por 39 votos a favor, 32 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 93)

Votación das emendas números 204 a 240 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao orzamento da sección 12 (Consellería de Política Social): *rexeitadas por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 93)

Votación das emendas números 433 a 441 do G. P. dos Socialistas de Galicia ao orzamento da sección 12 (Consellería de Política Social): *rexeitadas por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 93.)

Votación das emendas números 85 a 90 do G. P. de En Marea ao orzamento da sección 12 (Consellería de Política Social): *rexeitadas por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 94.)

Votación do orzamento da sección 12 (Consellería de Política Social): *aprobado por 39 votos a favor, 32 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 94.)

Votación das emendas números 241 a 245, 257 a 259, 292 e 293 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao orzamento da sección 13 (Consellería do Medio Rural.): *rexeitadas por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 94.)

Votación das emendas números 442 a 465 do G. P. dos Socialistas de Galicia ao orzamento da sección 13 (Consellería do Medio Rural.): *rexeitadas por 31 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 94.)

Votación das emendas números 91 a 95 do G. P. de En Marea ao orzamento da sección 13 (Consellería do Medio Rural.): *rexeitadas por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 95.)

Votación do orzamento da sección 13 (Consellería do Medio Rural.): *aprobado por 39 votos a favor, 32 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 95.)

Votación das emendas números 260 a 291 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao orzamento da sección 14 (Consellería do Mar): *rexeitadas por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 95.)

Votación das emendas números 466 a 498 do G. P. dos Socialistas de Galicia ao orzamento da sección 14 (Consellería do Mar): *rexeitadas por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 95.)

Votación das emendas números 96 a 103 do G. P. de En Marea ao orzamento da sección 14 (Consellería do Mar): *rexeitadas por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 96.)

Votación do orzamento da sección 14 (Consellería do Mar): *aprobado por 39 votos a favor, 32 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 96.)

Votación dos orzamentos da sección 20 (Consello Consultivo de Galicia), sección 21 (Transferencias a corporacións locais), sección 22 (Débeda pública da Comunidade Autónoma) e sección 23 (Gastos de diversas consellerías): *aprobados por 39 votos a favor, 19 en contra e 13 abstencións.* (Páx. 96.)

Entidades públicas instrumentais**Organismos autónomos**

Votación dos orzamentos da Escola Galega de Administración Pública, da Academia Galega de Seguridade Pública, do Instituto Galego de Estatística e do Instituto de Estudos do Territorio: *aprobados por 39 votos a favor, 32 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 96.)

Votación das emendas números 45, 48, 50 e 57 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao orzamento do Instituto Galego da Vivenda e Solo: *rexeitadas por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 97.)

Votación das emendas números 209 a 228 do G. P. dos Socialistas de Galicia ao orzamento do Instituto Galego da Vivenda e Solo: *rexeitadas por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 97.)

Votación do orzamento do Instituto Galego da Vivenda e Solo: *aprobado por 39 votos a favor, 32 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 97.)

Votación das emendas números 143 a 193, 195 a 198, 201, 202, 308 e 309 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao orzamento do Servizo Galego de Saúde: *rexeitadas por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 97.)

Votación das emendas números 394 a 432 do G. P. dos Socialistas de Galicia ao orzamento do Servizo Galego de Saúde: *rexeitadas por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 98.)

Votación das emendas números 76 a 84 do G. P. de En Marea ao orzamento do Servizo Galego de Saúde: *rexeitadas por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 98.)

Votación do orzamento do Servizo Galego de Saúde: *aprobado por 39 votos a favor, 32 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 98.)

Votación dos orzamentos do Instituto Galego do Consumo e da Competencia, do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral e do Fondo Galego de Garantía Agraria: *aprobados por 39 votos a favor, 32 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 98.)

Entidades públicas instrumentais de consulta ou asesoramento

Votación dos orzamentos do Consello Económico e Social de Galicia e do Consello Galego de Relacións Laborais: *aprobados por 39 votos a favor, 32 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 99.)

Axencias públicas autonómicas

Votación do orzamento da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia: *aprobado por 39 votos a favor, 32 en contra e ningunha abstención.* (Páx.99.)

Votación da emenda número 6 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao orzamento da Axencia de Turismo de Galicia: *rexeitada por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 99.)

Votación das emendas números 19 e 20 do G. P. dos Socialistas de Galicia ao orzamento da Axencia de Turismo de Galicia: *rexeitadas por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 100.)

Votación do orzamento da Axencia de Turismo de Galicia: *aprobado por 39 votos a favor, 32 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 100.)

Votación das emendas números 51 a 56 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao orzamento da Axencia Galega de Infraestruturas: *rexeitadas por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 100.)

Votación das emendas números 104 a 192, 196 a 204 e 208 do G. P. dos Socialistas de Galicia ao orzamento da Axencia Galega de Infraestruturas: *rexeitadas por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 100.)

Votación das emendas números 52 a 60 e 63 do G. P. de En Marea ao orzamento da Axencia Galega de Infraestruturas: *rexeitadas por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 101.)

Votación do orzamento da Axencia Galega de Infraestruturas: *aprobado por 39 votos a favor, 32 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 101.)

Votación das emendas números 250 a 260 do G. P. dos Socialistas de Galicia ao orzamento do Instituto Enerxético de Galicia: *rexeitadas por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 101.)

Votación do orzamento do Instituto Enerxético de Galicia: *aprobado por 39 votos a favor, 32 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 101.)

Votación das emendas números 236 a 249 do G. P. dos Socialistas de Galicia ao orzamento do Instituto Galego de Promoción Económica: *rexeitadas por 31 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 102.)

Votación do orzamento do Instituto Galego de Promoción Económica: *aprobado por 39 votos a favor, 32 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 102.)

Votación das emendas números 261 a 283 do G. P. dos Socialistas de Galicia ao orzamento da Axencia Galega de Innovación: *rexeitadas por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 102.)

Votación do orzamento da Axencia Galega de Innovación: *aprobado por 39 votos a favor, 32 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 102.)

Votación da emenda número 256 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao orzamento da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural: *rexeitada por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 103.)

Votación do orzamento da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural: *aprobado por 39 votos a favor, 32 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 103.)

Votación dos orzamentos da Axencia Galega de Emerxencias; do Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (CIXTEC); da Axencia Tributaria de Galicia; da Axencia Galega das Industrias Culturais; da Axencia Galega de Servizos Sociais; da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde; da Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos; do Instituto Galego de Calidade Alimentaria; e do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia: *aprobados por 39 votos a favor, 32 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 103.)

Entidades públicas empresariais

Votación das emendas 503, 504, 505, 506, 510 e 511 do G. P. dos Socialistas de Galicia ao orzamento da entidade pública empresarial Augas de Galicia: *rexeitadas por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 103.)

Votación das emendas números 503 a 575 do G. P. dos Socialistas de Galicia (agás a 503, 504, 505, 506, 510 e 511, xa votadas) ao orzamento da entidade pública empresarial Augas de Galicia: *rexeitadas por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 104.)

Votación do orzamento da entidade pública empresarial Augas de Galicia: *aprobado por 39 votos a favor, 32 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 104.)

Votación das emendas números 499 a 502 do G. P. dos Socialistas de Galicia á entidade pública empresarial Portos de Galicia: *rexeitadas por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 104.)

Votación do orzamento da entidade pública empresarial Portos de Galicia: *aprobado por 39 votos a favor, 32 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 104.)

Consortios autonómicos

Votación das emendas números 576 a 603 do G. P. dos Socialistas de Galicia ao orzamento do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar: *rexeitadas por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx.105.)

Votación do orzamento do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar: *aprobado por 39 votos a favor, 32 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 105.)

Votación dos orzamentos da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística; do Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia; do Consorcio para a Xestión

e Explotación da Rede Básica de Abastecemento de Auga aos Concellos de Cervo e Burela; do Consorcio Casco Vello de Vigo; da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia e do Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia: *aprobados por 39 votos a favor, 26 en contra e 6 abstencións.* (Páx. 105.)

Sociedades mercantís públicas autonómicas

Votación do orzamento da Sociedade de Xestión do Solo de Galicia-Xestur, S.A: *aprobado por 39 votos a favor, 32 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 106.)

Votación dos orzamentos das sociedades mercantís públicas: Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A.; Redes de Telecomunicación Galegas, S.A. (Retegal); Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo, S.A; Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A.; Sociedade Galega de Medio Ambiente, S.A. (Sogama); XesGalicia, S.A.; Sodiga Galicia, S.A.; Galicia Calidade, S.A.; Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A.; Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios, S.A; Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (Seaga); e Xenética Fontao, S.A: *aprobados por 39 votos a favor, 32 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 106.)

Fundacións públicas autonómicas

Votación dos orzamentos das fundacións públicas autonómicas: Fundación Deporte Galego; Fundación Galicia Europa; Fundación Semana Verde de Galicia; Fundación Centro Galego de Artesanía e Deseño; Fundación Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia; Fundación Exposicións e Congresos A Estrada; Fundacións Feiras e Exposicións de Lugo; Fundación Feiras e Exposicións de Ourense; Instituto Feiral da Coruña; Fundación Galega de Formación para o Traballo; Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña; Fundación Pública Cidade da Cultura de Galicia; Fundación Rof Codina; Fundación Pública Camilo José Cela; Fundación Instituto Galego de Oftalmoloxía; Fundación Pública Urxencias Sanitarias Galicia 061; Instituto Galego de Medicina Xenómica; Fundación Pública Galega para a Tutela de Persoas Adultas; Fundación Centro Tecnolóxico da Carne e Fundación Centro Tecnolóxico do Mar: *aprobados por 39 votos a favor, 32 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 106.)

Votación do texto articulado do ditame

Votación das emendas números 1 a 33 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao texto articulado do ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017: *rexeitadas por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 107.)

Votación das emendas números 1 a 48 do G. P. dos Socialistas de Galicia ao texto articulado do ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017: *rexeitadas por 31 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 107.)

Votación das emendas números 1 a 25 do G. P. de En Marea ao texto articulado do ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017: *rexeitadas por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 107)

Votación do texto articulado do ditame, emitido pola comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade autónoma de Galicia para o ano 2017: *aprobado por 39 votos a favor, 32 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 108)

Remata a sesión ás tres e vinte minutos da tarde.

Ábrese a sesión ás dez e tres minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días, outra vez.

Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento*, polo que non procedemos á súa lectura.

Xustificaron a inasistencia a este pleno don Luís Manuel Álvarez Martínez e don David Rodríguez.

Entramos na orde do día.

Prestación de promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía de Galicia por parte de varios deputados e deputadas

O señor PRESIDENTE: Dando cumprimento ao previsto no artigo 7 do Regulamento, procedo a solicitar a prestación da promesa ou xuramento de acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de autonomía das novas e dos novos deputados en substitución dos que causaron baixa.

Segundo o procedemento, a fórmula é a de contestar: «si, xuro» ou «si, prometo» á pregunta desta Presidencia. Deseguido, a secretaria da Mesa fará o chamamento das señoras deputadas e dos señores deputados para que dende o propio escano contesten a pregunta que lle formulará esta Presidencia, que consiste en: señoras deputadas e señores deputados, ¿xuran ou prometen acatar e gardar fidelidade á Constitución e ao Estatuto de Galicia?

Señora secretaria, cando queira.

A señora SECRETARIA (Arias Rodríguez): Grazas, presidente.

Don Jacobo Moreira Ferro: Si, xuro.

Dona María Isabel Nóvoa Fariña: Si, prometo.

Don Moisés Rodríguez Pérez: Si, prometo.

Dona María Soraya Salorio Corral: Si, prometo.

Don Gonzalo Trenor López: Si, prometo.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora secretaria.

Unha vez prestada a promesa ou xuramento, adquiren a condición plena de deputados e deputadas, e dámoslles a benvida a este hemiciclo.

Comezamos co punto único.

Debate e votación do ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017

O señor PRESIDENTE: Mantéñense para o pleno as emendas dos grupos parlamentarios do Bloque Nacionalista Galego, dos Socialistas de Galicia e de En Marea, que se detallarán posteriormente e que son os documentos 4264, 4244 e 4230 respectivamente.

Para a presentación do ditame da comisión ten a palabra o presidente da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, don Abel Losada Álvarez.

O señor PRESIDENTE DA COMISIÓN 3ª, ECONOMÍA, FACENDA E ORZAMENTOS (Losada Álvarez): Grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados, o Proxecto de lei tivo entrada no Rexistro do Parlamento o día 3 de decembro de 2016. A Mesa do Parlamento, na reunión do día 3 de decembro de 2016, dispuxo a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento*. As emendas á totalidade foron cualificadas o 30 de decembro de 2016. Os grupos parlamentarios de En Marea, dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego formularon emendas de devolución global dos orzamentos xerais e dos orzamentos das seccións, así como emendas non devolutivas que transferían créditos entre aplicacións de distintas seccións ou modificaban a contía total dos estados de ingresos e gastos. Todas as emendas foron desbotadas na sesión do Pleno do 16 de xaneiro de 2017.

As emendas parciais que se detallan a continuación foron cualificadas o 16 de xaneiro de 2017: o Grupo Parlamentario Popular de Galicia, emendas ao articulado, 4; emendas aos estados numéricos, 3; total, 7. O Grupo Parlamentario de En Marea, emendas ao articulado, 25; emendas aos estados numéricos, 104; total, 129. O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, emendas ao articulado, 48; emendas aos estados numéricos, 603; total, 651. O Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, emendas ao articulado, 33; emendas aos estados numéricos, 301; total, 334.

Presentáronse en total 110 emendas ao articulado, 1.011 emendas aos estados numéricos, que fan un total de 1.121 emendas.

A Comisión 3ª, de Economía, Facenda e Orzamentos, na súa sesión do 18 de xaneiro de 2017, designou os seguintes ponentes: polo Grupo Popular de Galicia, don Pedro Puy Fraga, titular; don Miguel Ángel Tellado Filgueira, suplente. Polo Grupo Parlamentario de En Marea, don José Manuel Lago Peñas, titular; don Antón Sánchez García, suplente. Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, don Abel Losada Álvarez, titular; dona Begoña Rodríguez Rumbo, suplente. Polo Grupo do Bloque Nacionalista Galego, dona Noa Presas Bergantiños, titular; dona María Montserrat Prado Cores, suplente.

A sesión da Ponencia tivo lugar o 19 de xaneiro de 2017 e nela rematouse o informe, que contén as recomendacións que lle fixo a Comisión, consistentes en aprobar por maioría as emendas formuladas polo Grupo Parlamentario Popular. Tamén recomendou a aprobación da emenda número 29 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

En relación coas restantes emendas, a Ponencia, por maioría, recomendoulle á Comisión o rexeitamento das presentadas ao articulado polos grupos parlamentarios de En Marea, dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego.

As emendas aos estados de gasto presentadas por estes grupos quedaron pendentes para comisión.

A Comisión, reunida os días 26, 27 e 30 de xaneiro, aprobou por maioría o informe emitido pola Ponencia e rexeitou as presentadas aos estados de gasto polos grupos parlamentarios da oposición.

O número de emendas mantidas para o Pleno é o seguinte: polo Grupo Parlamentario de En marea, emendas ao articulado, 25; emendas aos estados numéricos, 104; un total de 129. Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas: emendas ao articulado, 48; emendas aos estados numéricos, 603; un total de 651 emendas. Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, emendas ao articulado, 32; emendas aos estados numéricos, 301; un total de 333 emendas.

Debátense, polo tanto, neste pleno un total de 105 emendas ao articulado e 1.008 emendas aos estados numéricos; é dicir, 1.113 emendas, que quedan pendentes de tramitación neste pleno.

O ditame consta dun texto articulado e duns estados numéricos constituídos polos estados de ingresos, de gastos e financeiros. O orzamento total consolidado do sector público autonómico ascende a 10.801.147.972 euros.

O texto articulado consta dunha exposición de motivos, seguida de 59 artigos, agrupados en 6 títulos, 17 disposicións adicionais, dúas disposicións transitorias, 3 disposicións derradeiras e 7 anexos.

O título I refírese á aprobación dos orzamentos e ao réxime de modificación de créditos. O título II regula os gastos de persoal. O título III é o referido ás operacións de endebedamento e ás garantías. O título IV regula a xestión orzamentaria. O título V está dedicado ao financiamento das corporacións locais. E o título VI é o referido ás normas tributarias, que inclúe un único precepto en relación cos criterios de afectación do imposto sobre o dano ambiental e o canon eólico, xa que a meirande parte da regulación tributaria se contén no Proxecto de lei de medidas fiscais, administrativas e de ordenación, que proximamente se vai tramitar neste pleno.

Finalmente, determínase o prazo de vixencia da futura lei, así como a data da súa entrada en vigor.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Losada.

Debate conxunto dos estados de gastos

O señor PRESIDENTE: Entramos, polo tanto, no debate conxunto dos estados de gastos.

Rolda dos grupos parlamentarios.

Comezamos co Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Ten a palabra a señora Pontón Mondelo.

A señora PONTÓN MONDELO: Moi bo día, señor presidente, señorías.

Eu hoxe quixera empezar este debate enviando todo o apoio e solidariedade do Bloque Nacionalista Galego ás miles de persoas que durante esta fin de semana sufriron as graves consecuencias do temporal, moi singularmente a todas aquelas persoas que viron a súa vida en perigo polos cortes de luz. Entendemos tamén a situación dramática que viviron miles de gandeiros e gandeiras no noso país, con cortes de luz absolutamente abusivos que fixeron, en moitas ocasións, que non puideran muxir nin alimentar as súas vacas ou arrefriar o leite. Isto, desde logo, é un auténtico drama, unha traxedia para este sector, e entendemos que, ante esta situación, o que non cabe é a pasividade da Xunta de Galiza, que mira para outro lado ante uns cortes abusivos por parte de Fenosa.

Nós entendemos que é lóxico que durante un temporal poidan darse situacións de cortes da subministración, o que nos parece un abuso é que poidan producirse cortes de luz durante 72 horas ou durante 48 horas, porque isto o que nos quere dicir é que Fenosa ten descoidado o mantemento das liñas no noso país e, polo tanto, agrava as consecuencias dun temporal, pero tamén que houbo unha falta de previsión importante, porque non é lóxico que, sabendo que iamos ter un problema destas características, non houbera un dispositivo adaptado para que realmente as avarías se solucionaran en pouco tempo.

Polo tanto, nós hoxe tamén aproveitamos aquí para trasladarlle ao Goberno que está presente que cremos que hai que dar unha resposta importante aos temporais en tres ámbitos: primeiro, no ámbito de que a Xunta debería habilitar unha liña de axudas inmediata para paliar non só os danos no sector gandeiro, senón en todo o sector económico e nas infraestruturas públicas dos concellos. En segundo lugar, que sería importante que se lle abriera un expediente a Fenosa, porque é evidente que non está atendendo ben a súa obriga de ter a liña en bo estado e que, desde logo, tiña que ter previsto cales eran as consecuencias deste temporal e garantir, polo tanto, compensacións económicas á xente. E, en terceiro lugar, nós cremos que ben o presidente ou o vicepresidente da Xunta deberían comparecer na sesión plenaria ordinaria que se vai celebrar mañá. Sería importante, primeiro para que nos explicaran a súa avaliación de como se atendeu un temporal que tivo un impacto moi forte no noso país, que medidas van adoptar, e, sobre todo, para que os cidadáns, que moitos deles hoxe están enfadados e indignados nas súas casas, vexan que hai un goberno e un parlamento que realmente responde ante esta situación. Que esta comparecencia se produza depende única e exclusivamente da vontade do Goberno.

Nós xa dicimos desde o BNG que non temos absolutamente ningún problema por que se poida facer unha modificación da orde do día para que realmente este sexa un tema que se debata, para que o Parlamento responda ás necesidades que neste momento ten o noso país

e para que non actuemos roboticamente, pasando de cales son as preocupacións que hai neste momento.

En todo caso —e entrando xa no concreto do debate dos orzamentos—, eu diría que hoxe este pleno e todo o periplo que tiveron os orzamentos durante o seu debate no Parlamento de Galiza son un capítulo máis dunha serie, que é unha serie que xa coñecemos neste país; pode ser a serie titulada: Feijóo ofrécenos diálogo pola mañá e pola tarde aplica o rodillo parlamentar. Porque eu quero chamar a atención sobre un feito que ten o seu impacto, aínda que, por habitual, non deixa de ser impactante, e é que o Goberno galego non acepta nin unha soa das emendas que propón a oposición. Isto na práctica é enterrar o diálogo, demostrarnos tamén unha certa soberbia, porque parece que os únicos que fan propostas ou aos que se lles escoitan as propostas son aos do Grupo Popular; sen embargo, aos que representamos outros cidadáns que tamén son galegos e estamos poñendo propostas sensatas nas nosas emendas non se nos acepta nin unha soa das emendas. Vemos que o significado que lle dá o presidente da Xunta á palabra diálogo é diferente ao que aparece no dicionario. Entón, señor Feijóo, ou cambiamos o significado da palabra diálogo ou vostede debe ser un pouco máis serio e non vir aquí simplemente arrasar con todas as propostas que presentamos neste caso desde o Grupo Parlamentario do BNG, pero tamén desde o resto da oposición, que recollen demandan sensatas, lóxicas e moitas delas mesmo aprobadas a nivel dos concellos cos votos do Partido Popular. Eu creo que esta é unha situación un pouco anormal.

En todo caso, o Grupo do BNG presentou máis de 300 emendas para mellorar os orzamentos e poñer en marcha unha auténtica axenda en defensa dos dereitos de Galiza e das maiorías sociais. Sen embargo, o Partido Popular vai votar non, realmente, a empezar a acabar co estado do malestar, rescatando a sanidade, a educación e a política social. O PP hoxe vai votar non a acabar co espolio da nosa enerxía a través do impulso a unha tarifa eléctrica galega que poña fin aos privilexios das eléctricas.

Hoxe o Partido Popular tamén vai votar non a crear emprego de calidade. Hoxe o PP vai votar non a unha nova política industrial que free a deslocalización, que apoie o noso sector lácteo ou a que realmente se aposte polo sector pesqueiro. Hoxe o PP tamén vai votar non a que apostemos realmente pola innovación, pola modernización do noso tecido empresarial e hoxe o PP tamén vai votar non a que incrementemos os fondos para loitar contra a violencia machista, contra a violencia de xénero. É evidente que esta non é a mellor maneira de demostrar que cando tomamos acordos neste Parlamento nos que dicimos que hai que incrementar os recursos, logo, cando facemos propostas concretas, o Partido Popular simple e llanamente non estea disposto nin tan sequera a estudar esas propostas e a mellorar a resposta que temos que darlle á grave situación da violencia de xénero.

Polo tanto, en realidade, hoxe estamos ante un non-debate, un non-debate dos orzamentos da Xunta de Galiza no que realmente vemos que o Partido Popular quere converter a democracia nun trámite burocrático onde non haxa ningunha racionalidade e, sobre todo, onde se lles furta a oportunidade aos galegos e galegas de que se melloren os orzamentos a través da súa tramitación no Parlamento. Eu teño que dicir que creo que esta situación ten un nome, e que ese nome é: autoritarismo. O mesmo autoritarismo que hoxe se vai consolidar do outro

lado da Península, en Cataluña, con ese xuízo político que se celebra a Artur Mas... (*Murmurios.*) Si, si, e eu quero aquí aproveitar para enviarlle o apoio... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor, silencio.

A señora PONTÓN MONDELO: O mesmo autoritarismo ditatorial que hoxe se vive cun xuízo político que se está celebrando en Cataluña. (*Aplausos.*) E aproveito para enviar todo o apoio e solidariedade ás ex-conselleiras Irene Rigau, Joana Ortega e ao ex-presidente Artur Mas, que realmente van ser xulgados por algo que é básico en democracia: consultar o pobo e cumprir co mandato dos cidadáns nas urnas. Iso é o que está pasando. Hoxe é un día vergoñento para as persoas que defendemos a democracia e é unha mostra máis da incapacidade do Estado español para aceptar, precisamente, a democracia, a vontade popular e o dereito dos pobos a decidir. Xa sabemos, señoras e señores do Partido Popular, que a vostedes lles molesta a democracia e que claramente o que queren é seguir manténdonos presos dun réxime que está esgotado por todas partes. En fin, o réxime está esgotado, igual que as súas ideas, igual que as ideas do Goberno galego, que realmente é un goberno en modo *stand by*, que consulta os celulares mentres estamos nos debates e que, realmente, como dicíamos, ignora as emendas da oposición, pero o máis grave é que este goberno en *stand by* ignora a realidade deste país e véndenos un crecemento san do que falaban así como un mantra nestes orzamentos, pero o que realmente fai detrás deses slogans é intentar esconder unha dura realidade desde o punto de vista social e tamén intentar esconder que o feito de que se aplicara a austeridade dunha forma tan feroz no noso país provocou que a crise fora máis profunda e que os galegos e galegas estean padecendo en maior medida as consecuencias da crise.

E isto podemos resumilo en tres titulares que vimos estes días nos xornais. Un: ese crecemento san podemos ver que significa que Galiza perde 18.000 habitantes e retrocede a niveis de hai sete anos, que se trata do descenso máis acusado desde que en 2011 se iniciou a caída da poboación. Un segundo titular que nos pon de manifesto cal é o verdadeiro crecemento san é o último dato sobre o desemprego: o paro sobe en xaneiro 6.164 persoas en Galiza, case un 3 %; é a cuarta comunidade cun maior aumento. O total de desempregados alcanza os 212.078, pero o Goberno teima en dicirnos que imos na boa dirección. E un terceiro titular que é moi significativo ten que ver co incremento das desigualdades, e vemos como mentres nos pregoan a saída da crise e a recuperación económica en Galiza o único que medran son as persoas que teñen dificultades para chegar a fin de mes, que son máis da metade dos galegos e das galegas, e os datos das propias ONG, que nos están dicindo que hai máis de 700.000 persoas en risco de exclusión social no noso país.

Polo tanto, señorías, o crecemento san do que fala o Partido Popular o que nos deixa é unha Galiza con máis pobreza, con máis desigualdade, desde logo, que non é capaz de superar o problema demográfico e que coas súas políticas acentúa esa situación.

E, fronte a estes orzamentos que podemos dicir que non teñen nin alma nin corazón, desde o Bloque Nacionalista Galego o que propoñemos son propostas, que eu vou intentar sintetizar en seis ámbitos —porque tamén é moi difícil facelo neste tempo de debate— que serían prioritarios para nós —aínda hai posibilidades de que acepten algunha emenda— e que

teñen que ver coa necesidade dunha nova política industrial e coa defensa dunha tarifa eléctrica galega; en segundo lugar, coa necesidade de fortalecer os nosos sectores produtivos para crear emprego; o terceiro ámbito, a blindaxe dos servizos públicos e dos dereitos sociais; en cuarto lugar, fagamos corpo nos orzamentos ao pacto galego contra a violencia de xénero, non quedemos simplemente nas palabras, porque as boas palabras non chegan para solucionar o problema; en quinto lugar, a aposta por un desenvolvemento sustentábel; e o sexto, que acabemos co lingüicidio que se está levando adiante por parte do Goberno galego e que realmente haxa un cambio que se vexa tamén nos orzamentos en relación coas políticas lingüísticas.

Sobre o primeiro bloque, que ten que ver coa política industrial e a tarifa eléctrica, nós entendemos desde o Bloque Nacionalista Galego que, se non apostamos por un xiro na política industrial e no aproveitamento da riqueza do noso país, é imposible que saiamos da crise e que se xere emprego de calidade en Galiza. Por iso, quixera resaltar tres emendas dentro deste apartado. A primeira, a necesidade de que neste Parlamento poñamos en marcha —e iso se verifique nos orzamentos— unha estratexia para frear a deslocalización, e moi especialmente no sector da automoción. Este é un sector clave do noso país. Estamos falando duns 19.000 empregos directos, estamos falando do 31 % das exportacións anuais galegas e, a pesar de que temos potencia desde o punto de vista da capacidade técnica e do punto de vista empresarial, nos últimos anos estase producindo un fenómeno de deslocalización que é moi preocupante. Fíxense, durante os últimos anos, segundo denuncian os propios sindicatos, en Galiza perdéronse 2.000 postos de traballo no sector da automoción. Alén do Miño, creáronse 6.000 postos de traballo neste ámbito. E o problema que temos non é só que aquí haxa empresas que estean decididas a implantarse en Portugal e que non aposten por Galiza, o problema que temos é que hai empresas con matriz galega, segundo o propio clúster da automoción, 27 provedores de compoñentes do automóbil, que se instalaron no norte de Portugal, que teñen a súa matriz na Galiza e que están desprazando non só a fabricación, senón tamén unha parte do proceso de innovación. E nós cremos que o que non vale é quedar de brazos cruzados ou improvisar nos consellos da Xunta, nas roldas de prensa, plans que logo, en realidade, non existen.

Señores e señoras do Partido Popular, necesítase unha estratexia seria desde o punto de vista da política industrial e, singularmente, nun sector clave como é o sector automobilístico; necesítase apoio empresarial para que se acompañe ás empresas na busca de novos pedidos e na consecución de novas implantacións. É necesario que haxa unha aposta polo emprego de calidade, por frear a precarización que se está producindo. Hai que facilitar o acceso ao solo industrial, o cal é bastante difícil se non se toman medidas para poñer en marcha e se abarata o acceso ao solo industrial. É necesario que se facilite a tramitación administrativa. E é claramente importante que haxa unha aposta pola innovación, pero non só para os equipos de innovación, senón tamén para que o desenvolvemento posterior desa innovación se faga en Galiza e que non se estea emigrando a Portugal, como pasa neste momento. Temos unha emenda nos nosos orzamentos e é que sería importante para o país que se estudara e que realmente haxa cambios nese sentido.

A segunda cuestión que a nós tamén nos parece relevante ten que ver cun dereito básico e é que como galegos e galegas deberíamos de ter dereito a non só ver como se exporta a nosa

enerxía, senón a que a produción de enerxía eléctrica realmente sirva para o desenvolvemento do noso país. E, claro, aquí o señor Feijóo está moi preocupado por que a defensa da tarifa eléctrica galega non lles gusta en Madrid. Eu creo que ao señor Feijóo o que lle debería preocupar é como é posible que os vascos teñan unha tarifa máis baixa para as súas empresas e que en Galiza, que exporta como mínimo cada ano un 30 % da electricidade, o único que vexamos é o desprezo de Fenosa, como vimos nestes últimos tempos.

Temos unha emenda para avanzar na defensa desa tarifa eléctrica, que o Goberno se poña mans á obra e defenda os intereses deste país, que ademais sería fundamental desde o punto de vista de aproveitar as oportunidades para Galiza e realmente de poñer a enerxía ao servizo dos galegos e das galegas e non de poñer o país ao servizo das eléctricas, que parece que é o que defende o Partido Popular.

Por último, no tema industrial, hai outra cuestión que nos parece tamén relevante e que ten que ver con cal vai ser o futuro das centrais hidroeléctricas do río Xallas; esas centrais que, segundo ten dito Ferroatlántica, van ser vendidas. Sen embargo, estamos sorprendidos e sorprendidas de que o Goberno galego non lle respondera a iso coa contundencia que se necesita. Hoxe segue habendo miles de familias en toda a comarca da Costa da Morte preocupadas polo que están pasando; son centos os postos de traballo que están en xogo. Nós o que pedimos é que realmente haxa un posicionamento claro deste Parlamento de que non se van vender as minicentrais do río Xallas e de que non lle imos permitir ao señor Villar Mir que realmente especule co futuro do noso país, que especule co río Xallas única e exclusivamente para tapar buratos que crearon outras empresas. Gustaríanos que se aprobara a emenda que temos relacionada con este tema e, sobre todo, gustaríanos que hoxe houbera unha resposta seria e contundente da Xunta de Galiza cumprindo e ademais sendo fiel aos acordos que temos neste Parlamento nos que dicimos que non se poden vender estas centrais. *(Aplausos.)*

Evidentemente, temos tamén outro tipo de propostas relacionadas cos sectores produtivos no noso país. Neste tema o certo é que é un pouco xa desesperante. Por exemplo, no ámbito rural o señor Núñez Feijóo todas as lexislaturas nos di que esta vai ser a lexislatura do rural. Pero nós vemos que, á hora da verdade, o rural e os nosos sectores produtivos non están avanzando, senón que estamos nun momento de claro retroceso. E o mellor retroceso témolo na radiografía que nos dá o propio Instituto Galego de Estatística. Segundo os datos do Instituto Galego de Estatística, desde o ano 2009 o número total de traballadores e traballadoras ocupadas no sector primario en Galiza reduciuse nun 21 %, caendo desde as 73.823 persoas até as 58.271 rexistradas a 31 de decembro de 2016. Eu non sei se isto ao Goberno lle di algo ou se realmente están contentos e cren que imos na boa dirección en relación co sector primario. Eu xa lle digo que o Bloque Nacionalista Galego cre que non, que non é normal que vexamos como se segue desmantelando un sector clave para o mantemento da actividade no ámbito rural como é o sector lácteo. Todos os anos se repite unha estatística que é a constatación dun drama, e é que vemos como a maioría das explotacións lácteas que pechan no Estado español son explotacións galegas. Segundo os datos de 2016, 6 de cada 10 explotacións que pecharon no Estado español eran galegas. Sen embargo, a conselleira do Medio Rural está satisfeita con este resultado e mantén unha política que nos leva ao exterminio do noso medio rural. Nós, desde logo, cremos que sería necesario outro tipo... *(Murmurios.)*

Eu non sei que almorzan... Se os luns lles senta mal vir ás sesións do Parlamento... Eu pido un pouco de respecto, por favor. *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Pois non o parece, señor presidente. Pois eu creo que non.

Nós, señoras e señores do Partido Popular, entendemos que é necesario que haxa cambios importantes, tanto na política agraria como na política de apoio ao sector pesqueiro e marisqueiro do noso país. É necesario que haxa unha aposta real polo Banco de Terras, pola investigación agrogandeira, pola promoción da industria de transformación do noso país. Non pode ser que simplemente esteamos producindo leite como produto principal. É fundamental tamén que haxa unha nova política forestal que non estea ao servizo de Ence e da eucaliptización, senón ao servizo da posta en valor de todo o potencial e a riqueza que ten o noso monte. *(Aplausos.)*

No ámbito do mar, vemos unha vez máis como a única aposta que ten a Xunta de Galiza é apoiar a acuicultura intensiva. E nós cremos que o que habería que facer é precisamente apoiar toda a riqueza que se pode xerar no noso país, recuperando bancos marisqueiros, apoiando realmente medidas contra a mortalidade do berberecho, apoiando aos nosos produtores e produtoras cando hai peches pola Administración, apoiando a comercialización da pesca artesanal, ou o impulso de medidas tamén estratéxicas para o noso país como é a Cidade do Mar en Vigo.

O terceiro bloque sobre o que hoxe tamén quería facer mención ten que ver coa necesidade de que acabemos co malestar social e que blindemos os servizos públicos e os dereitos básicos.

No ámbito sanitario, o Partido Popular segue incidindo nos recortes e na privatización da sanidade. E nós pensamos que precisamente o que se necesita é xustamente todo o contrario: hai que incrementar o persoal na sanidade; hai que rescatar a sanidade das privatizacións, a empezar polo hospital de Vigo, que foi o banco de probas do Partido Popular sobre un modelo de privatización, que xa vimos cal é a consecuencia que ten: un empeoramento da calidade asistencial; así como hai que poñer en marcha un plan para a redución das listas de espera, pero non para derivar a atención pública á privada, senón para reforzar a atención dentro do ámbito público, e, polo tanto, nós entendemos que sería necesario un plan de redución das listas de espera. Estase xogando, polo tanto, co máis prezado que temos como persoas, que é a saúde e a nosa vida. Nós, desde logo, pensamos que isto é importante.

A educación foi tamén outro dos obxectivos privatizadores do Partido Popular. Vemos a través da LOMCE cal é o modelo educativo do PP, un modelo elitista, privatizador, desgaleguizador e patriarcal. As nosas emendas cremos que teñen que reorientar este modelo, que hai que apostar por un ensino adaptado á necesidade do noso país, ao servizo da xente de Galiza. E hai que poñer en marcha tamén a recuperación de todos os profesores e profesoras que foron recortados; mellorar a calidade dos nosos centros educativos, pois hai moitos centros que están moi deteriorados porque se descoidou o seu mantemento durante estes anos; apostar por medidas como a gratuidade dos libros de texto ou o apoio realmente a un ensino universitario onde calquera persoa poida acceder e onde apoiemos todo o potencial que hai na universidade desde o punto de vista da investigación e da innovación, e que sexa ese un pilar para a súa transferencia á sociedade.

Finalmente, quixera tamén salientar outras tres cuestións que teñen que ver con propostas do BNG:

Falabamos sobre a necesidade de que houbera máis medios e recursos para loitar contra a violencia de xénero. E nós cremos que este é un tema que o Goberno galego non debería de tomarse coa frivolidade coa que está abordando as emendas que presentamos nesta materia. Hai poucos días tiñamos un acordo nesta Cámara, que para nós era un acordo importante, e o primeiro punto dese acordo é que se necesitaban máis medios e máis recursos para loitar contra a violencia de xénero. Hoxe nestas emendas parciais nós falamos da necesidade de poñer en marcha medidas de sensibilización, formación, atención ás vítimas de violencia de xénero, dotando con máis recursos estas partidas. E o Partido Popular hoxe mesmo emenda ese primeiro punto que aprobamos hai moi poucos días no Parlamento de Galicia. Pediríalles de verdade que houbera unha rectificación neste sentido e que hoxe teñamos aquí polo menos a aprobación dalgunha emenda que mellore a dotación para sensibilización, formación e atención ás vítimas de violencia de xénero.

O quinto punto que hoxe nos gustaría salientar ten que ver coas propostas para poñer en marcha un desenvolvemento máis sustentable. E neste sentido é fundamental, primeiro, que acabemos co modelo da incineración dos residuos e que apostemos pola compostaxe. Iso permitiría cumprir o propio Plan de xestión de residuos sólidos urbanos e tamén a normativa estatal e europea. Se a Xunta de Galicia apoiara este plan poderíamos estar falando de que se crearían no noso país máis de tres mil postos de traballo. E non creo que esta sexa unha cuestión para que se tome á lixeira como o está facendo o Partido Popular.

Queremos tamén mellorar e incrementar os fondos para saneamento e rexeneración integral das nosas rías, ou que se faga unha aposta seria e de verdade por que neste país desenvolvamos servizos de cercanías. Unha competencia estatutaria que só está no papel e que realmente sería fundamental para poñer en marcha un novo modelo de mobilidade e tamén abaratar e eliminar o impacto que ten o transporte...

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ...nas emisións de CO₂ no noso país.

E, en último lugar, pois eu falaba ao principio da necesidade de que neste país haxa un cambio en profundidade en todo o que ten que ver co apoio do que máis nos une como galegos e como galegas, que é a nosa lingua. Levamos oito anos onde o Partido Popular decidiu que a súa política neste ámbito era a asfixia e boicotear un proceso necesario de normalización da lingua galega. As consecuencias son que estamos vendo como se acelera o proceso de perda de galegofalantes. E isto non é un fenómeno natural, este é un fenómeno que ten detrás decisións políticas conscientes que tomou o Partido Popular. Entre esas decisións conscientes: a asfixia económica de toda política lingüística, que hoxe está reducida á anécdota nesas orzamentos, e non suprimen a Secretaría Xeral de Lingua porque quedaría demasiado mal. Nós o que propoñemos é unha emenda para dotar con 10 millóns de euros as políticas de normalización lingüística, porque de nada vale que un día se lamenten de que se perden galegofalantes se ao día seguinte vostedes o que fan é asfixiar calquera política que incida

positivamente en reverter esa situación. Polo tanto, teñen aquí tamén unha proposta de país importante para o noso futuro.

En conclusión, fronte a uns orzamentos do Partido Popular, sen alma, sen corazón, sen ambición nin proxecto de país, e que o único que fan é consolidar unha política errada desde o punto de vista económico e inxusta desde o punto de vista social, desde o Bloque Nacionalista Galego presentamos máis de trescentas emendas que queren dar un xiro social, unha aposta polo emprego de calidade, un programa ambicioso de país que permita poñer fin ao espolio dos nosos recursos e apostar pola modernización e a innovación en Galiza.

A min gustaríame que hoxe neste Parlamento o Partido Popular non puxera unha pedra máis nese muro que nos separa e non puxera unha pedra máis nun muro que o único que vai traer é máis sufrimento e máis problemas aos galegos e ás galegas, e que realmente reflexionen que o feito de que teña maioría lles dá lexitimidade para gobernar, o que non lles dá é lexitimidade para asfixiar a democracia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Fernández Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Señor presidente, señores deputados, eu quería comezar felicitando o conselleiro e o seu equipo, porque foron capaces en moi pouco tempo, como lembra o presidente, de facer un orzamento exprés, aínda que seguramente estaban feitas as súas liñas básicas antes das eleccións, pero, sobre todo, por ser quen de facer un orzamento perfecto. Como xa indicou a portavoz do BNG, non tomaron en consideración ningunha soa das emendas presentadas polos grupos da oposición ao estado de gastos. Das centos que fixemos entre todos non había nada que pagase a pena alterar neste orzamento, era un orzamento perfecto, bueno, perfecto para o Grupo Popular e entendo que para o Goberno.

Pero esta actitude ten consecuencias evidentes para o funcionamento do sistema político en Galicia. Se o orzamento é imposible de modificar, porque —xa digo— raia na perfección, o Parlamento sen dúbida queda devaluado, ¿non? ¿Para que serve o traballo que estamos facendo aquí? Se o orzamento queda sen cambios ao longo da súa tramitación parlamentaria é seguramente porque o Goberno —non digo xa o Grupo Popular— está comportándose neste tema concreto dun xeito —digamos— que linda coa arrogancia.

Orzamento perfecto e sen cambios, procedemento de discusión, polo tanto, bastante absurdo, ¿non? ¿Para que perder máis de dous meses o tempo todos no debate en comisión e en pleno se volvemos aquí dous meses despois ao punto de partida co documento sen alterar nin unha coma, excepto unha pequena alteración que non afecta o estado de gastos? Poñan un aviso claro ao comezo da tramitación e evitamos todo este esforzo, todo este traballo. A fuga tamén no depósito de confianza que teñen os cidadáns nas institucións, que como nos encoros hai uns días, agora xa non, se lles vían as costuras no fondo. O aviso —en fin, é un clásico— seguindo a Dante podería ser: deixade toda esperanza, abandonade toda esperanza.

¿Como explicarlles aos cidadáns, como explicarnos a nós mesmos, que tantas horas destinadas a recoller información, a discutir estes temas, a razoar, acaban chocando co muro da indiferenza dun Goberno que non atende a razóns de trinta e catro deputados?

Saben perfectamente, ademais, que o orzamento está cheo de imperfeccións; algunhas delas xa as comentamos en público e en privado. Saben, por exemplo, —e isto non foi comentado pero vén moi ao conto hoxe— que o fondo de continxencia foi reducido substancialmente neste último orzamento moi por debaixo do que son as previsións de carácter legal. Pero ese fondo de continxencia o que debería é mobilizarse para unha continxencia como estes temporais, en canto o orzamento sexa aprobado —supoño que esta mesma mañá—, para poder atender as demandas dos concellos máis afectados, para poder repor as infraestruturas dependentes da Xunta de Galicia e que foron deixadas en peor estado polo temporal, para poder crear unha liña de axudas que atenda as demandas da xente, non só do sector lácteo, do sector gandeiro, senón de moitos outros sectores industriais e de servizos, e familias que viron como o seu medio de vida estaba paralizado durante tres días con consecuencias que aínda non somos capaces de calcular. (*Aplausos.*) Moitas delas, seguramente, cubertas polo seguro e moitas delas, seguramente —e aquí hai que facer un esforzo—, responsabilidade das compañías eléctricas que deberían garantir a subministración. Pero, en todo caso, unha axuda pública para aquilo que non estea cuberto por nada disto sería benvida.

Un orzamento —e sábeo vostede perfectamente, señor conselleiro— que vai ser obxecto de modificacións ao longo do exercicio, e moitas delas xa están previstas desde hoxe. Polo tanto, non van ser o resultado do cambio das condicións que se produzan nos próximos meses. É que en moitos casos está feito para incumprirse, porque non van ser capaces de executar nin sequera a un ritmo normal ou habitual moitas das partidas que están previstas nel. Polo tanto, que dista moito de ser perfecto.

Esta resistencia ao cambio durante o debate parlamentario responde a unha actitude política, non é froito do azar. O cofre do orzamento público só está aberto para redes que pasan polas direccións xerais e as consellerías da Xunta de Galicia, que transitan polas pólas ben ramificadas de apoio ao Partido Popular, e que ninguén teña a decisión de discutir ese privilexio, porque non vai pasar. A mensaxe política é clara: quen manda aquí é o Partido Popular e non hai nada máis que facer. Pois se esa é a mensaxe, o debate languidece, e este acto, o que estamos representando aquí nos últimos dous meses, é perfectamente inútil. E como dicía Ortega: o esforzo inútil produce melancolía.

Poñámonos, pois, un pouco melancólicos nos minutos que quedan e falemos algo máis do orzamento. Poderíamos repetir o debate de totalidade, xa que é o mesmo documento que entrou o que chega agora no seu trámite final, pero entón á melancolía engadiríamolle aburrimiento seguramente, tedio, porque volveríamos discutir outra vez sobre os mesmos parámetros.

En todo caso, antes de introducir algunhas novidades, permítame citar moi brevemente aqueles elementos que formaron parte da miña intervención na discusión inicial sobre o orzamento:

Primeiro, o ano 2016, foi un ano que rompe unha tendencia moi negativa para Galicia, foi un ano excepcional. No ano 2017 volveremos outra vez estar por debaixo das cifras de crecemento en produción, por tanto, en emprego aínda máis, que o conxunto da economía española. O ano 2016 foi excepcional e volvemos á normalidade. Algo falla na política económica da Xunta de Galicia cando non somos quen de garantir un crecemento económico no noso país, cando menos, similar ao español. E non falemos xa do emprego, porque aquí as distancias son aínda moito máis alarmantes, e todo parece indicar que van seguir sendo así. Galicia vai a menos en produción e, sobre todo, en emprego.

Segundo, hai unha dependencia excesiva das decisións de investimento privado nas previsións da Xunta de Galicia. A Airef fixo hai pouco público un documento no que avalía as previsións globais e indica que lle parece que as da Xunta son unhas previsións razoables. Eu non vou discutir iso, eu non estou discutindo as previsións globais, estou discutindo as previsións específicas centradas no investimento. Os resultados económicos para o ano 2017 dependen en exceso do comportamento expansivo da formación bruta de capital. Keynes xa nos alertou a todos da inconstancia, da volatibilidade, da fraqueza psicolóxica das decisións de investimento. Máis recentemente, outros premios Nobel, como Akerlof e Shiller, falando disto, recordábanos que nas condicións actuais aínda é máis difícil controlar iso que chamaba Keynes e que chaman eles «espíritos animais», máxime cando o risco xeopolítico no que está Galicia non fai máis que subir. Esa dependencia enfraquece as previsións da Xunta de Galicia, porque o futuro é incerto e as previsións son máis débiles.

Terceiro, seguen vostedes empeñados, e non o corruxaron ao longo do debate, nunha estratexia centrada no cumprimento do déficit. A estratexia fiscal dos últimos nove exercicios pode definirse por isto. Cumprir o déficit está ben, pero iso non é unha estratexia, iso debe ser unha restrición, unha restrición á que someter a estratexia na acción de goberno. E a ausencia de proxecto é a consecuencia de confundir a restrición coa estratexia. O clientelismo é a estratexia de substitución real, o que se fai na realidade, pero iso non pode pórse nos papeis. A Xunta de Galicia dedicouse así ao curto prazo: gañar eleccións, fronte ao medio e o longo prazo, que fala da produtividade, do progreso inclusivo ou do emprego.

Neste orzamento hai un axuste excesivo, a Xunta de Galicia supera o estipulado nas cifras globais para as comunidades autónomas. Hai unha perda, un desvío á baixa, que ciframos aproximadamente en 60 millóns de euros na capacidade de endebedamento, que seguramente é unha das modificacións que vostedes van introducir ao longo do ano no orzamento; por iso dista de ser perfecto. Digamos que non tiveron a decisión de facelo durante o trámite parlamentario para que puideramos discutir aquí a que van destinados eses 60 millóns.

Pero o que coñecemos da liquidación do ano 2016 dos orzamentos da Xunta indica que o déficit para este mesmo exercicio vai estar bastante por debaixo do autorizado. Con esa diferenza podía terse feito, por exemplo, a recuperación dos soldos dos funcionarios públicos no ano 2016, sen agardar ao 2017, ou afrontar un investimento que permitiría facer medio hospital de Vigo en vez de facelo a través de fondos privados. Falta ambición e falta confianza.

O orzamento do 2017 é un orzamento escaso en investimentos. Hai unha redución do aforro corrente proxectado, con implicación sobre o volume de investimento público da Xunta de

Galicia. Cun robusto crecemento económico estáncase o investimento da Xunta en termos de produto interior bruto e redúcese o seu peso en porcentaxe no orzamento consolidado. Sen embargo, recuperar os niveis de investimento autonómico é necesario para atender as demandas embolsadas durante todos estes anos desde distintos sectores, desde distintos territorios, para poder ter os servizos públicos de calidade que necesitamos.

Houbo unha estratexia tributaria de chuvia fina centrada en rebaixas selectivas por medio da introdución de beneficios fiscais dirixidos a sectores ou a actividades determinados, e unha renuncia ao uso da capacidade para alterar os tipos e intensificar a progresividade fiscal. Un exemplo é a rebaixa fiscal para a compra de vivendas no medio rural, pero é que de acordo coas informacións publicadas isto dá unha cantidade de sobre dous millóns e medio de euros, cubrindo máis do 90 % do territorio. Alegrámonos polos beneficiarios destas axudas, que quede claro; en fin, moi ben para eles. Pero a cuestión que nos debemos preguntar entre todos é: ¿isto vai significar un cambio de rumbo nas circunstancias económicas das actividades agrarias ou incluso da poboación residente no medio rural? ¿Imos ter un efecto?, ¿imos ter un resultado? Porque diso se trata. Se non temos ese resultado, ¿para que facemos isto? ¿Vai beneficiar sobre todo a aqueles que emprenden un proxecto de vida ligado ao medio rural ou vai beneficiar aos propietarios de segundas residencias en zonas periurbanas, que tamén están afectadas por esta bonificación? Iso é o que temos que preguntarnos: polos resultados, non tanto polas intencións, que todos seguramente as temos magníficas.

E, por último, é un orzamento que non reflicte a recuperación e que non introduce as reformas necesarias. O ton económico cambiou nos últimos anos, sen dúbida. Levamos tres anos de recuperación cando menos, pero o orzamento non acomete a reforma profunda do perfil de gasto que se necesitaría para atender as necesidades sociais e impulsar o crecemento. Temos que falar algo máis disto, xustamente porque este é o debate sobre o estado de gasto.

Fixemos un esforzo considerable para alterar profundamente o perfil de gasto coas nosas emendas, aínda dentro dos límites que introduce este debate. Presentamos cincocentas emendas aproximadamente, cun importe acumulado de 414 millóns de euros. Se deixamos fóra os capítulos de gasto que non consideramos conveniente emendar porque non é posible, tales como os compromisos en materia de persoal, o capítulo III, os capítulos VIII e IX de gastos, pois aproximadamente estas emendas afectan un 8 % dos créditos restantes. O esforzo é considerable. Sen embargo, nós cremos que estas emendas mellorarían substancialmente o orzamento. Permitirían, por exemplo, facer unha Galicia máis de oportunidades, para xoves sobre todo, pero, en xeral, para todos aqueles que queren emprender unha actividade económica ou que necesitan atopar un emprego.

Presentamos emendas que no conxunto do orzamento suporían modificar aproximadamente 85 millóns de euros en materia de emprego, con programas específicos dirixidos á mocidade, ás mulleres, aos parados de longa duración, aos afectados polos ERE, aos discapacitados, creando centros especiais de emprego para o fomento do emprendemento, para a implicación dos concellos e a recuperación dos pactos territoriais do emprego e da economía social, para reforzar a formación dos parados e dos ocupados. E dos ocupados, algo que vostedes non fixeron no ano 2016. Neste ano 2016, coa situación de emprego como estaba, non sacaron a convocatoria de ocupados no ano pasado. Repito: non sacaron a convocatoria de for-

mación para ocupados no ano 2016. Esta é a xestión que nos presentan en materia de emprego.

E os datos son ben coñecidos:

Se comparamos a ocupación no último trimestre do 2008 e no último trimestre do 2016, Galicia é a comunidade autónoma que máis emprego en proporción destruíu: un 12,3 %. Andalucía, a famosa comunidade autónoma de Andalucía, tan citada aquí, destruíu un 7 %. Nós o doce e pico.

Pero a recuperación, se avaliamos o que sucede na recuperación desde o último trimestre do 2012 ata hoxe, os últimos catro anos, Galicia é a que menos emprego recuperou de todas as comunidades autónomas, xuntamente co País Vasco: o 1,5 % de crecemento de emprego. Consequimos crear desde o último trimestre de 2012 uns 15.000 empregos en termos netos en Galicia. Ese é o resultado. Andalucía recuperou un 9 %, nós o 1,5 %.

Non falemos xa de sectores específicos como a mocidade, a industria; non falemos xa da calidade do emprego, porque os resultados serían sempre moito máis desalentadores.

¿E estas cifras non deberían chamalos á reflexión, a limitar —digamos— a arrogancia na xestión do orzamento, a desconfiar da perfección deste documento? Algo está funcionando mal en San Caetano: continúaase a confiar nuns programas con tan escasos resultados e nuns xestores que son incapaces de facer chegar os recursos dispoñibles a aqueles que os precisan no momento en que máis os precisan.

Temos que darlle a volta ao orzamento, e así o entendemos coas nosas emendas, xuntamente para ofrecer oportunidades de emprego e oportunidades de reciclaxe profesional adecuada aos homes e mulleres de Galicia. O Plan estratéxico establecía para o ano 2020 unha taxa de emprego do 70 % para Galicia —ese é o obxectivo—, na Unión Europea do 75 %, e estamos no 61 %. Cos datos que vostedes ofrecen no orzamento como obxectivo para este ano non conseguimos avanzar decisivamente nesa vía. Non estamos na senda correcta para acadar o modesto obxectivo que ten definido o Goberno, estamos lonxe da Galicia de oportunidades que queremos construír.

Nós queremos coas nosas emendas facer unha Galicia máis competitiva. Eu xa sei que ese diferencial entre crecemento de ocupación e da produción é o incremento da produtividade. E isto está ben, Galicia estase comportando ben en termos de incremento da produtividade. Isto é correcto, parécenos ben. A economía non absorbe a falta de traballo nas doses adecuadas, pero estamos sendo algo máis eficientes na produción industrial nos servizos e noutras. ¿Que me preocupa? Preocúpame que, se vemos isto desde o outro lado, ese diferencial é o excedente dispoñible para investir. Se estiveramos nunha sorte de modelo —en ton menor— digamos igual que un modelo económico chinés, onde hai un grande impulso do investimento financiado con eses excedentes, que permite impulsar a produción e impulsar o emprego, pois poderíamos discutir o equilibrio dese modelo, pero, en todo caso, teríamos algúns fenómenos positivos que resaltar. Pero está sucedendo o contrario: estanse deprimindo en termos relativos os salarios, están aumentando os excedentes, pero non hai ese

impulso do investimento que permite crear máis emprego e crecer máis que o resto. Estanse reconstituíndo os balances empresariais, reducindo o endebedamento, pero tamén seguramente, aínda que non temos esas cifras dispoñibles, tamén por outros datos indirectos, están saíndo moitos recursos ao exterior que xeran capacidade de produción e emprego noutras latitudes.

Por iso nós queremos actuar sobre os factores da oferta, e entre eles aqueles que afectan as decisións de investir, de empresarios, de empresas, con programas específicos para os sectores tradicionais ben coñecidos como a lousa e o granito, os auxiliares de automoción —dos que xa falaremos no pleno que vén a continuación—, do naval. Pero tamén apostando por reforzar outras áreas nacentes: a biotecnoloxía aeronáutica, ou as empresas de alto crecemento, ou aquelas que combinan un potencial intenso de crecemento con efectos externos positivos sobre o medio ambiente na área da biomasa ou da minieólica. Cunha actuación máis decidida no medio rural, para impulsar as concentracións parcelarias e a creación de masas forestais sostibles, para defender o sector lácteo ou o regadío. Cunha aposta pola rexeneración dos bancos marisqueiros e a recuperación da pesca artesanal, que aínda agardamos que vostedes reflexionen e sexan capaces de apoiar as nosas emendas para reforzar os recursos en favor das EDAR, que permitan que os ríos vaian máis limpos e que non exista risco de contaminación nas nosas rías.

Para impulsar a comercialización en sectores estratéxicos, como o do mexillón. Non estamos contra a acuicultura, pero si cremos que os apoios á acuicultura non poden comprometer os que deben darse a outros ámbitos da pesca. E hai que facer unha aposta máis equilibrada polo conxunto dos sectores pesqueiros.

Cremos que hai que actuar sobre a internacionalización. Temos un saldo comercial favorable —xa o dixen aquí algunha vez—, pero é excesivamente dependente dun número reducido de grandes empresas exportadoras. Hai que incorporar outras sociedades á exportación, singularmente pemes, outros segmentos, servizos —moi importante—; hai que gañar outros mercados; hai que anticiparse ás turbulencias do comercio internacional, facer do *Brexit* unha oportunidade, ver as consecuencias da eventual ruptura da NAFTA ou a evolución dos prezos da enerxía. E, sobre todo, hai que actuar con decisión sobre o investimento, dándolles confianza, dándolles estabilidade ás empresas. Hai programas no Igape que simplemente convén executar a un ritmo máis rápido do que se está facendo agora, reforzando algúns con máis recursos e mellorando substantivamente aqueles que non funcionan, para que as empresas aposten por Galicia. Hai que normalizar as relacións coa Confederación de Empresarios e discutir con eles e os sindicatos un programa a medio prazo, non só para a industria auxiliar do automóbil, senón para as outras que xa citei antes, actuando sobre a investigación e a transferencia tecnolóxica.

O outro día estiven nun acto moi interesante na Cidade da Cultura e o presidente da Xunta presumiu de todo o que se estaba facendo nesa materia. E é verdade que se está facendo moito, pero hai que lembrarse dunha cuestión: cando Núñez Feijóo chega á presidencia da Xunta o gasto en I+D+i estaba en Galicia no 1,2 % do produto interior bruto, hoxe está por debaixo do 0,90. ¡Está ben, estase facendo moito con menos recursos, pero hai que apostar moito máis! E, sobre todo, non debe apostarse só pola universidade —e dígoo eu que son

universitario, que dirixín ata hai pouco tempo un instituto de investigación universitario—, hai que facelo sobre todo porque aí é onde temos o principal déficit. Hai que facer un esforzo adicional nas empresas, para que aposten pola innovación e consigan ser competitivas no medio prazo.

E coincido coa portavoz do BNG: hai que actuar decisivamente sobre a política de solo industrial e os polígonos industriais. A oferta de solo público competitivo a bo prezo é insuficiente en áreas de Galicia que o necesitan, limitando a capacidade de atraer empresas novas ou novos investimentos.

Debemos prepararnos para unha expansión da demanda nos vindeiros anos se as cousas van ben e vender mellor as nosas capacidades. Temos que apostar polo crecemento inclusivo e reforzar máis a Galicia que coida da súa xente. Non debemos deixar ninguén atrás, especialmente aqueles que estiveron padecendo de xeito máis intenso nestes anos as consecuencias da crise do axuste do gasto público. A recuperación ten que ser inclusiva, porque isto é o que nos dá non só cohesión social senón estabilidade política, e se é ben feita pois tamén nos dá impulsos para o crecemento económico.

As nosas emendas, que xiran sobre todo nesta fase de emendas parciais sobre as infraestruturas necesarias, recollen o sentir común de moitas persoas de Galicia —de alcaldes, de concelleiros nosos, de organizacións de carácter social— que teñen necesidades insatisfeitas, e contan historias de necesidades da xente que non fomos capaces de cubrir nestes anos desde o orzamento público e que agora deberíamos estar na recuperación económica en condicións de atender: dificultades para mandar os fillos estudar a centros públicos no contorno das cidades, onde se habilitan as bibliotecas e outros espazos porque xa non dan para máis; centros de ensino que deberían ser reformados; para facer centros de saúde que permitan atender mellor nalgunhas zonas e dar unha atención primaria de calidade; de accidentes e atrasos nas comunicacións que unha deficiente actuación nalgunhas estradas fai absolutamente imprescindible —vidas difíciles que nós pugnamos por trasladar a estas emendas orzamentarias e convencelos para que cambien as súas prioridades e poidan atendelas—; de portos que precisan repararse; de infraestruturas rurais que necesitan máis coidados.

Non hai demandas pouco fundamentadas nas nosas propostas. Pode haber recursos insuficientes, pode haber que priorizar outras cousas, pode haber tamén, e hai moitas veces, unha decisión política de non atender ben aqueles concellos que non están gobernados polo Partido Popular. E iso non é aceptable. Os fondos que financian estas actividades —nós xa o reiteramos moitas veces— dos investimentos de carácter inmaterial, e non porque non haxa que facelos, que hai que facelos, pero cando chega finais de novembro e decembro e vemos tantas páxinas ou tantas emisións que máis que explicar un programa se dedican a loar a acción da Xunta, e están concentradas nun período de tempo moi curto, dámonos conta de que aí hai demasiados recursos que poderían estar destinados a outra cousa. E por iso facemos as nosas emendas.

Coidemos da nosa xente cando máis o precisa. E por iso apostamos polo reforzamento dos servizos sociais dos concellos, os incrementos dos recursos na loita contra a pobreza, e por iso queremos reforzar os programas que atenden as persoas con diversidade funcional.

Todos os informes son coincidentes, procedentes de organizacións que traballan a pé de rúa ou de informes sisudos de organismos internacionais: España partía dun nivel de desigualdade baixo e isto empeorou moitísimo durante a crise, estamos alcanzando pouco a pouco os países de Europa máis desiguais. E Galicia, que estaba por debaixo de España, está seguindo o mesmo camiño, estamos aínda por debaixo, pero seguimos o mesmo camiño. A desigualdade nace da deterioración do mercado laboral, da perda de emprego, pero nace tamén do axuste excesivo nos servizos públicos, da deterioración dos salarios, das condicións laborais, pero tamén de que había moitos recursos que se lles facían chegar ás familias con dificultades a través de servizos públicos que agora non chegan.

A mocidade viu deteriorada a súa situación, os maiores aguantaron mellor. Pero sabemos todos que non é posible manter esa situación se non creamos emprego, se non creamos oportunidade para os xoves e se non resolvemos tamén as incógnitas que pesan sobre o sistema de pensións.

Os sistemas públicos de axuda a aqueles que o precisan son imprescindibles. Os datos do Instituto Galego de Estatística dinnos que o nivel de desigualdade antes da aplicación das axudas públicas sería o dobre que despois; por tanto, está funcionando no seu papel. Pero hai que facer moito máis porque o nivel de desigualdade é aínda inaceptable. Hai que desenvolver, por exemplo, a Lei de inclusión social de Galicia, porque despois de catro anos non ten desenvolvemento regulamentario. E vostedes deberían saber mellor que é necesario facer isto para impedir que algunhas prácticas que están enquistadas no funcionamento da administración e que fan volver ao punto de partida moitas solicitudes, cando é xente que xustamente ten moitas necesidades. Hai que eliminar esas prácticas e facelo ben. E a garantía pública de servizos básicos —a educación e a sanidade— afecta tamén a calidade de vida e, de xeito moito máis intenso, aqueles que teñen menos recursos. Falei pouco diso hoxe porque a maior parte das nosas emendas polo formato do debate orzamentario céntranse nas infraestruturas. Pero é claro que necesitamos facer moito máis para ter uns servizos públicos de calidade, recuperando o nivel de emprego e facéndoo funcionar de maneira máis eficiente.

Por último, necesitamos unha Galicia que coide de si mesma. ¿Saben vostedes canto destina o orzamento da Xunta de Galicia neste ano á defensa e ao mantemento dos nosos bens patrimoniais unha vez que eliminamos o capítulo de gastos de persoal? Cinco millóns de euros, ¡5 millóns de euros para a defensa do noso patrimonio! Unha cantidade parecida para a normalización lingüística: ¡5 millóns de euros! Non debe sorprender que fagamos emendas que reforcen eses programas e os retiremos de recursos destinados a outras funcións. Coidamos de Galicia coa protección do medio, coa creación de sendas verdes, co selado dos vertedoiros, coa recuperación das praias. Coidamos de Galicia coa lingua e a cultura e coa defensa do patrimonio.

Moitas das nosas emendas —volvo insistir— queren reforzar a política de construción de infraestruturas hidráulicas para preservar o medio, para garantir vías limpas, para garantir ríos limpos para o goce da xente. —Remato xa—. Consideramos estes orzamentos unha oportunidade perdida para a rectificación das políticas que non funcionan, para a posta en marcha das iniciativas que a recuperación fai posible, para trasladar a recuperación á xente. Vostedes perseveran nos erros e non se molestan en entender as razóns da oposición. Son maioría deste Parlamento, tiveron o número de votos para gobernar, ninguén o discute; pero

unha vitoria electoral xestionada con arrogancia —e este orzamento xestiona esa vitoria con arrogancia— dilapida a confianza e defrauda a cidadanía. Gobernar hoxe é un exercicio sometido ao escrutinio instantáneo da opinión pública, e hoxe esta opinión pública debe estar desalentada. Porque podían crear máis oportunidades, facer Galicia máis competitiva, coidar mellor da nosa xente, protexer a Galicia material ameazada e a súa identidade esvaída. E non quixeron compartir con nós este reto de facer unha Galicia máis forte. É a súa responsabilidade e así llelo demandaremos nos próximos meses.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Leiceaga.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea, para fixar a súa posición sobre o ditame e defender as súas emendas, ten a palabra o señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Bos días.

Hai veces que a coincidencia de feitos nun mesmo período destapa a farsa que se esconde moitas veces e que se trata de ocultar. En moi pouco tempo, en pouco menos de dous meses, asistimos a unha suba do prezo da electricidade de máis do 30 % grazas ao gran modelo de sistema eléctrico deseñado polo ministro Soria e o Partido Popular. Asistimos tamén ao nomeamento como membro do Consello de Administración de Rede Eléctrica do señor Arsenio Fernández de Mesa, tamén grazas á concepción da hixiene democrática que ten o Partido Popular; este home que, segundo a sentenza do *Prestige*, tivo unha xestión confusa e difusa naqueles días de infausto recordo para este país. Porque vostedes ao señor Fernández de Mesa, que traballa na administración pública, sempre chupando do bote da administración pública dende o ano 1979, como bos amantes do neoliberalismo e do libre mercado que son vostedes, sempre o meten en lugares onde pensan que non vai estorbar moito. Vostedes pensaban que de delegado do Goberno non ía estorbar moito, e xa vimos as consecuencias de ter a inútiles e incapaces á fronte de responsabilidades políticas, sen outro mérito que ser un leal amigo dos poderosos. E agora méteno en Rede Eléctrica Española tamén cobrando 150.000 euros aproximadamente ao ano. Unha burla máis.

Coincidía isto tamén co anuncio da venda das centrais hidroeléctricas, ante a tibieza do Goberno galego, por parte do señor Villar Mir, amigo do señor Fraga Iribarne. E o acordo fala de 253 millóns de euros polas centrais hidroeléctricas. Prezo baixo pero que dá a ver a magnitude do espolio e do saqueo que continuamente se fai sobre os nosos ríos, a cambio de case nada, neste caso a cambio nin sequera do traballo.

E coincidía case no tempo tamén este temporal cos cortes de luz a miles e miles de persoas, sobre todo no rural, ante a ineptitude, a pasividade e a incapacidade do Goberno galego. Porque supoño eu que vostedes tamén serán ineptos, incapaces e pasivos como o foi o Goberno bipartito no 2009, segundo o señor Feijóo e o señor Rueda, ¿verdade? Estes tachaban que os problemas dun temporal similar a este e os cortes de luz en xaneiro de 2009 foran pola incapacidade, a ineptitude e a pasividade da Xunta, e exixían a comparecencia do señor Touriño no Parlamento. Supoño que ante similares acontecementos vostedes tamén serán incapaces,

ineptos e pasivos, ¿si ou non? ¿Vai vir comparecer o señor Feijóo para explicar esta desfeita, si ou non?

E digo que esta coincidencia de feitos destapa a gran farsa, a gran estafa na que vostedes levan colaborando durante moitos anos. Porque non hai que esquecer que a principal distribuidora —que case ten un monopolio natural sobre a distribución da electricidade neste país— Gas Natural-Unión Fenosa cobra aproximadamente entre 800 e 1.000 millóns de euros anuais para garantir o mantemento das instalacións de distribución e para crear as novas liñas segundo a demanda que se precise.

Nós xa denunciámos aquí na lexislatura pasada o que facía a Dirección Xeral de Industria con ese plan de investimento, que é non facer vixilancia, senón deixar colar auténticas estafas como as que denunciámos no seu día. ¿Onde está o labor da Dirección Xeral de Industria deste Goberno galego para vixiar que as redes de distribución se manteñen en boas condicións, señores do Partido Popular? Levanten a cabeza, ¿onde está ese labor? Segundo os testemuños de moitos alcaldes —incluso do Partido Popular— e de moitos veciños e veciñas, ese labor deixa moito que desexar, pero non é por falta de capacidade, é por conivencia coas eléctricas unha vez máis. É a farsa e a estafa destapada por mor da natureza de sempre: primeiro, pola seca e, despois, pola choiva e o vento. Pero está ben ás claras e ben o ve a xente.

Ben, agardamos que respondan como lle demandaron ao Goberno bipartito que respondese, se non unha vez máis veremos a súa verdadeira cara.

En canto aos orzamentos, o que se pretende nestes tempos por parte do Partido Popular, e mentres se fala de que o peor xa pasou, de que xa estamos na recuperación, é simplemente consolidar o modelo da perda de dereitos das maiorías, da precariedade, da corrupción sistémica que vostedes levan practicando e colaborando a facer, e da falla de perspectivas para unha maioría social. Vostedes, que engordaron estes anos aos poderosos, aos seus, aos que crearon a crise, queren convencernos de que deamos o si a este modelo de recuperación, á consolidación dun modelo que exclúe cada vez a máis xente.

Os que causaron o colapso en 2008 xa saíron a flote hai tempo, pero moita xente sae máis pobre e máis precarizada que no inicio da crise. Só como un exemplo: os salarios neste tempo entre o 2008 e 2015 perderon un peso fronte aos beneficios empresariais de 2,4 puntos porcentuais. E para saber que o que se intenta é a consolidación dun modelo e non é o malestar de moita xente ou a precariedade de moita xente, non é algo conxuntural, superficial ou pasaxeiro, é importante ollar o conxunto, ter perspectiva de conxunto, para saber que, sen embargo, moitas das cousas que acontecen e que vostedes tratan como cuestións menores son estruturais neste modelo poscrise neoliberal.

Primeiro, pódese falar do traballo, de falta de traballo, e dísenos que se está recuperando o emprego. Pero mentres tanto hai enormes continxentes de persoas neste país maiores de 45 anos que levan máis de dous anos no paro, excluídos da posibilidade de ter un emprego, de integrarse socialmente, de ter unha vida digna. Os problemas de emprego da xente moza, que moitas veces non traballa e cando traballa é en contratos temporais que non dan para vivir. Xa vemos esas bases de cotización ás que dá lugar o seu modelo laboral, que non dan

para soste o sistema da Seguridade Social tampouco. E isto é estrutural, estrutural o modelo que vostedes nos propoñen, é consecuencia directa do seu modelo; non son erros das súas políticas, son as súas políticas. Vostedes son adais dun modelo que xera desigualdade, que precisa de man de obra barata; traballadores sen dereitos desesperados por aceptar condicións que noutras condicións non aceptarían.

Podemos falar do emprego desde o punto de vista da mocidade, ¿canto desemprego?, ¿canta emigración?, ¿canta temporalidade?, ¿canta precariedade? Pode mellorar a situación nunhas décimas porcentuais, pero o que non desaparece con esta pequena recuperación é esa precariedade, a temporalidade, o paro. Ese é o panorama que ten moita xente moza neste país: ou saír ou ser precario, e vivir sempre coa angustia de cando se lle van acabar os días de poder cobrar e traballar.

Podemos falar tamén de vivenda e de desafiuzamentos. E tamén vemos que nos seus presupostos se lles dedican partidas sectoriais, para nós menores, e non se afrontan as cuestións estruturais deste problema, porque este problema é debido a que hai salarios baixos, hai pobreza e a que o prezo da vivenda non baixa, non hai vivenda de alugueiro. En definitiva, unhas políticas de vivenda que priorizan como un ben de investimento as vivendas e esquecendo o dereito a desfrutar dunha vivenda digna; modelo que leva anos provocando a exclusión de miles e miles de persoas das súas casas. Xa non é cuestión de que os pille desprevidos, pois desde o 2009 os datos de desafiuzamento seguen constantes neste país.

Vostedes están do lado do que están, están do lado dos bancos e das empresas que especulan coa vivenda. Se falamos de pobreza enerxética, do que estamos falando é, por unha banda, de pobreza, de xente que non ten ingresos suficientes para poder pagar a subministración eléctrica, a alimentación, o ensino, a roupa, etc., e tamén falamos da estafa das eléctricas, da conivencia dos gobernos coas eléctricas, coa suba dos prezos da luz despois da falsa liberalización que disque ía provocar a baixada dos prezos e que os duplicou en apenas quince anos.

Estafa, tamén estafa social, porque nun informe do Consello Económico e Social de Galicia, presidido pola señora Corina Porro, daban os datos do incremento de determinados servizos en Galicia nos últimos cinco anos, ata o 2015. E dicía este informe do Consello Económico e Social —que non o di En Marea, nin o di Nicolás Maduro— que a vivenda lle subiu á xente un 22 %; a electricidade, gas e outros combustibles un 31 %; a auga, lixo, gastos de comunidade, un 21 %; os grupos de ensino, un 16 %: educación universitaria un 26 % e educación infantil e primaria un 14 %, así como a secundaria un 13 %; os gastos de produtos farmacéuticos e material terapéutico pagado pola xente incrementáronse un 11 %; e despois en servizos sociais, residencias de anciáns, axuda a domicilio para maiores, garderías, etc., a xente en cinco anos tivo que facer fronte a un incremento do 17 %. Se vostedes nos discursos dos orzamentos falan de que non se recortaron os servizos sociais, de que se blindaron os gastos sociais, ¿como é posible que haxa estes datos?, ¿por que a xente paga un 20 % máis en produtos farmacéuticos ou en produtos terapéuticos?, ¿por que hai este incremento do 17 % nas garderías, residencias para maiores, etcétera? Será porque a xente ten que pagar o que vostedes deixaron de pagar, creo eu.

Esta, ademais, é a política insensible fronte aos débiles, pero moi considerada cos poderosos. E xa sabemos —dígoo unha vez máis— de que lado están vostedes.

Este panorama que debuxaba podería ser común incluso para todo o Estado. Pero despois de oito anos de Goberno Feijóo, vostedes non son uns recentemente chegados, tamén Galicia pesa menos a nivel poboacional, demográfico; pesa menos economicamente, en PIB, en relación co Estado; e pesa menos politicamente. Un Goberno e un presidente que parecen encantados con que Galicia pase á segunda división política en temas tan transcendentales como a negociación do sistema de financiamento autonómico.

Galicia perdeu desde que vostedes gobernan 80.000 habitantes, e moi por riba da media do Estado español, moi por riba. Se cando comezou a crise, cando comezaron vostedes a gobernar, eramos o 6 % da poboación do Estado español, hoxe somos o 5,82, e a crise supoño que afectaría todo o Estado. Esta baixada proporcional de Galicia con respecto ao Estado o que significa é un peor comportamento deste país: a xente ten que emigrar e a xente plantéxase menos ter fillos e fillas porque non ten perspectivas laborais que lle garantan unha vida digna.

Cuestións tan delicadas como a dependencia, con situacións e persoas verdadeiramente dramáticas, dannos unha visión dos efectos da súa política neoliberal, das que son discípulos avantaxados. escoitamos nós —e seguro que vostedes tamén— testemuños de persoas que hai uns anos percibían 400 euros por unha axuda á dependencia e agora non chegan aos 200. E non é causalidade, pois Galicia ten unha ratio entre dependentes recoñecidos e beneficiarios autenticamente paupérrima, a ratio está moi debaixo da media estatal. Galicia segue por baixo en axudas á prestacións á dependencia respecto da media estatal, e a porcentaxe de prestacións efectivas sobre beneficiarios do sistema de axudas á prestación pola dependencia é das máis baixas do Estado. E non estamos falando de cifras, estamos falando, precisamente, das políticas públicas que se destinan ás persoas que máis están a sufrir. E vostedes recortan, e recortan máis que un Estado que xa é campión dos recortes. Polo tanto, vostedes son insensibles ao sufrimento destas persoas, mentres están negando este problema, mentres están negando esta realidade.

Galicia envellece máis que o Estado. Si, Galicia ten unha idade media poboacional de 46,2 anos, o Estado ten 42,4, e subindo a distancia que hai, porque tamén coñecemos os datos da xente que tivo que saír deste país, pese a que vostedes e o señor Feijóo o negan día si e día tamén. Tamén perdeu máis emprego que a media española.

Falaban antes os compañeiros do BNG e do Partido Socialista do medio rural, e cando a señora Pontón falou de «exterminio» ríanse, vociferaban. Iso si, sen a chamada de atención do presidente, que só ten o pescozo torcido para este lado. ¿De que se escandalizan cando se fala de exterminio do rural? Seguramente é por descoñecemento, porque vostedes non saben que desde que vostedes gobernan se destruíu un de cada tres empregos do sector primario agrario, gandeiro e forestal, un de cada tres. Cando vostedes chegaron estaban dados de alta 71.600 persoas, e hai dous anos —os últimos datos que eu coñezo— eran 45.000. ¿E como lle chaman a isto de que queden despoboadas cinco ou seis aldeas cada mes ou cada semana, non sei?, ¿que lle chaman a isto? ¿Como lles chaman ás situacións que pasaron nestes días de temporal, e que non quero concretar, de persoas maiores sen luz e que non tiñan a quen dirixirse para pedir auxilio?, ¿como lle chaman a esta situación? ¿Isto que é a modernidade segundo vostedes, non? E despois levantan a voz cando se fala de «exterminio». Polo menos, un pouco de vergoña.

Perderon tamén en Galicia, moi por riba da media, un de cada cinco empregos industriais. Podemos falar tamén de feitos diferenciais deste marabilloso Goberno. Do sector lácteo tamén, e unha noticia moi positiva para a conselleira, que o 60 %, este ano o 70 %, das explotacións que pechan no Estado son galegas. Iso é bo, é a modernidade unha vez máis. Eu o que coñezo da modernidade é que, polo menos, se se reduce no sector primario, créase no sector industrial. E no sector industrial agrogandeiro ben se sabe a política do Partido Popular, que foi Alimentos Lácteos: darlles nove, oito millóns e medio de euros, a amigos para que os despilfarrasen, para que deixasen endebedados aos gandeiros e para que quebrasen varias cooperativas. Tamén vostedes fomentan as cooperativas así.

Aquí, no sector lácteo, os que cumpriron os seus deberes, os que fixeron os deberes ante un modelo que vostedes lles plantexaron como a panacea —ese modelo de comprar cota, de dimensión, de comprar tecnoloxía—, iso foron os gandeiros os que o fixeron. Un gandeiro galego pode competir con calquera gandeiro europeo a nivel de coñecementos, instalacións, etc. Os que non cumpriron foron vostedes, que levan gobernando trinta de trinta e cinco anos de democracia neste país. E xa vemos como teñen a ordenación territorial para que poidan ter base territorial os gandeiros e non pagar o prezo da terra, prezo prohibitivo para unha actividade produtiva como a gandeira. Ou, por exemplo, non cumpriron tendo unha política industrial minimamente coherente; non só minimamente coherente, que vostedes foron á contra, vostedes rebentaron calquera intento de facer un grupo lácteo galego, de facer un proxecto industrial para este país. Foron vostedes os responsables. E despois escandalízanse de que falemos de «exterminio» ou de «catastrofismos»; din que somos moi catastróficos.

Nós no rural cremos que houbo unha posibilidade de crear emprego e riqueza en sectores que teñen moito potencial para facelo neste país. Vostedes non moveron un dedo. Herdaron un proxecto de crear unha marca de garantía para a horta galega, xa estaba feito o borrador, faltaba aprobalo, non fixeron nada, nin iso.

Outro dos factores diferenciais deste Goberno, e outra tamén traizón ao país, foi a súa política enerxética. No sector enerxético e das renovables Galicia tamén tiña potencial para crear emprego —e sobre todo no rural— e vostedes fixeron unha xestión nefasta, e ademais da xestión nefasta, vostedes puxéronse do lado das eléctricas. Vostedes paralizaron o sector eólico galego: cero megavatios do concurso do señor Feijóo, que ía ser histórico, ¡cero! ¿Non tiveron tempo a instalar un megavatio?, ¿que pasou? É unha sentenza a que di que a suspensión do concurso anterior era ilegal, que o que fixeron é paralizar este sector. E, aínda por riba, o señor Soria cando fixo esas reformas que paralizaron completamente o sector das renovables, o señor Feijóo estivo caladiño. Non dixo nin pío, cando tiña que poñerse en fronte do país para que non paralizasen un sector que podería ser o noso futuro e a saída para moitas persoas.

Pero aquí en todos estes temas hai que escoller: na vivenda hai que escoller se se está do lado do dereito á vivenda ou dos especuladores da vivenda, vostedes escolleron; nas eléctricas hai que escoller se están con Gas Natural, con Iberdrola, dándose abrazos, ou están co dereito da xente a ter unha subministración eléctrica; ou se se está do lado das empresas do negocio da sanidade ou se se está do lado da sanidade pública.

Ben, chegando aquí —é unha cuestión común dos compañeiros—, empezarei por falar das nosas emendas. Pero antes lembrar esa chamada ao diálogo coa que o señor Feijóo nos obsequiou no inicio desta lexislatura. Xa se ve. ¡Home!, nós xa non nacemos onte, xa non cremos esas promesas, pero hoxe constatamos que de mil emendas non se aproba ningunha. E entendemos que estamos nos antípodas. Como xa dixen: nós escollemos bando tamén e vostedes escollen outro bando. Estamos nos antípodas. Pero o que nos estraña é que hai emendas, dentro desas mil, que non son emendas ideolóxicas, que son emendas de sentido común, moitas veces reclamacións de todos os grupos municipais que nolas trasladan. E esas non é que non as aproben, é que nin as estudan.

E xa que hoxe están aquí veciños e veciñas de Sada, creo que dunha e doutra cor política, e o alcalde de Sada, gustaríame falar dunha emenda que nós presentamos para solucionar un problema que houbo en Sada hai un ano e que segue a haber potencialmente: o problema das graves inundacións ocorridas en marzo de 2016, creo lembrar. Ese problema non o causou a xestión de Sada Maioría ou dunha Marea, é un problema herdado das políticas do Partido Popular, que case ininterrompidamente gobernou Sada. O Concello de Sada o que propón é unha solución de sentido común —que non vou explicar porque non teño tempo—, é unha solución técnica de ampliar a sección. Ben, levámola á Comisión, onde o compañeiro Marcos Cal a expuxo, quen se parou a expoñer esta emenda porque nós queremos que, evidentemente, se pode ser, se nos aproben as emendas. O Grupo Popular nin tiña coñecemento desa emenda... (*Murmurios.*) non tiña coñecemento e dilles que non. Claro, xa sabemos... Pero podemos falar da ponte da Garga en Ponteceso, do tanque de tormentas en Corme... Son peticións de sentido común que vostedes nin estudan, é unha falta de respecto absoluta ese descoñecemento do que nós presentamos. Pero é unha falta de respecto non para nós, para os veciños e veciñas de Sada, de Corme, de Ponteceso, que teñen o mesmo dereito a pesar de non estar gobernados por gobernos do Partido Popular. Abandonen o seu sectarismo, (*Aplausos.*) e pensen que vostedes son o Goberno de todos os galegos e as galegas.

E si, señor conselleiro, mal que nos pese, mal que lles pese a vostedes de que en moitas alcaldías os botaron para fóra por facer políticas da corrupción, políticas do clientelismo, entre outros Sada, A Coruña, Ferrol, Compostela; mal que lles pese. (*Aplausos.*) Pero vostedes teñen que gobernar tamén para eses concellos. Teñen que gobernar tamén para eses concellos e non facer como levan facendo na historia deste país: facer galegos de primeira e de segunda, segundo estean gobernados ou non polo Partido Popular. Nós dámoslles a oportunidade de cambiar, señor conselleiro, dámoslles a oportunidade de cambiar e que empecen a gobernar para todos. Espero unha contestación, unha resposta, non só a unha emenda senón a esta actitude do Partido Popular.

Nós priorizamos a emerxencia social e as necesidades básicas das persoas, e por iso as nosas emendas son coherentes con este principio.

Na sanidade os recortes enormes en gasto sanitario neste país, 75 euros/per cápita desde o ano 2008; mantense a insuficiencia económica. Podemos falar de que houbo recortes de ingresos, si, entón non falen de que se blindaron estes servizos. E non falen de que, se agora estamos en recuperación, non se recuperan eses orzamentos, falta persoal, e nós emendamos para recuperar os niveis de persoal anteriores. Son 1.800 prazas perdidas nestes anos

que afectan, sobre todo, a atención primaria, que afectan, sobre todo, o medio rural. Vostedes apostan pola privatización e por darlles negocio ás empresas na sanidade, en algo tan delicado como a sanidade, por iso nós emendamos para recuperar para o público o hospital de Vigo. Colaboración público-privada: si, é custo para o público, negocio para a privada. Triplicaron o orzamento do hospital de Vigo e, aínda por riba, a única vantaxe que din que ten este sistema de colaboración público-privada, que engade 3.000 millóns de euros á débeda de 10.000 millóns na que vostedes deixan este país despois de oito anos, resulta que é que, teoricamente, financia a parte privada as obras, non ten que ser unha administración pública. Pois ao final o que soubemos é que quen financia é o Banco Europeo de Investimentos, que é un organismo público. Iso é pechar o círculo da farsa. Por iso pedimos esa reversión, pedimos que a investigación quede en mans públicas. Se o coñecemento e a investigación queda en mans privadas, o poder queda en mans privadas.

No ensino pretendemos tamén reforzar a educación pública, e aquí tamén establecemos prioridades. Para vostedes houbo crise só para a educación pública, non para os concertados. Vostedes dedican 26 millóns de euros para profesores de Relixión, é moi lexítimo que vostedes o fagan, nós cremos que hai outras prioridades. Vostedes consideran a educación privada unha prioridade, nós consideramos que hai que reforzar a pública e nese sentido facemos as nosas emendas.

En política social queremos que se reforce a Risga para camiñar cara a un salario social galego.

Queremos tamén saber se no hospital de Vigo se está cumprindo co labor, polo menos de fiscalización, das obras da concesionaria. Porque a concesionaria xa empeza a facer aquilo que fan todas as empresas que entran neste tipo de concursos, que é solicitar reequilibrio financeiro, solicitar sobrecostos nas obras, etc. E, polo que sabemos nós, a Xunta non está cumprindo cos pregos de condicións administrativas para a fiscalización deste hospital.

Queremos dotar de máis recursos o Plan galego de saúde mental, o Plan saúde muller, afectivo-sexual, 2 millóns, Plan de saúde buco-dental, etc.

Queremos tamén mellorar as infraestruturas que levan demasiado tempo abandonadas en sanidade.

Como dicía, en política social queremos reforzar a Risga e as pensións non contributivas e crear máis prazas de centros de día e centros da terceira idade.

No emprego temos prioridades tamén. Primeiro, atender aqueles colectivos máis vulnerables, a xente moza e a xente maior que está excluída do mercado laboral. Por iso queremos dotar 15 millóns de euros para o plan galego de emerxencia contra a precariedade laboral e uns 6 millóns de euros para o plan de emprego para colectivos vulnerables.

Tamén queremos que se recuperen os orzamentos para a política lingüística, que sufriu nestes anos un recorte, nada máis e nada menos, que do 78 %, e que non se faga política contra a lingua.

Queremos tamén apostar polo sector cultural, porque a cultura chegue a todo o mundo, porque non se faga unha cultura de elite, senón para todo o pobo.

Queremos tamén crear emprego nos sectores produtivos, na industria, na enerxía. Apostamos polas renovables dun xeito transversal cambiando a normativa e apostando, tamén orzamentariamente, para crear un modelo descentralizado en mans da xente e non en mans do oligopolio. Por iso dotamos tamén 11 millóns de euros para o Plan galego de autosuficiencia de explotacións agrarias ou 6 millóns de euros para un plan sobre enerxías renovables, a maiores das que xa están dotadas.

En vivenda e alugueiro apostamos por facer políticas de verdade, que afronten de verdade este problema. Vostedes non poden vir aquí defender que foron un éxito as súas políticas, máis ben son un fracaso cando, ano tras ano neste país, se producen aproximadamente dous mil catrocentos desafiuzamentos. Non poden dicir que foron un éxito, son un fracaso cando o Programa Realoxa, que tiña que darlles solución a todos eses miles de desafiuzamentos, tivo un resultado de 223 beneficiarios. E vostedes veñen aquí esquecéndose da xente que queda fóra destes programas dicir que todo é marabilloso. Por iso poñemos orzamento e poñeremos tamén ideas para facer unha política antidesafiuzamentos verdadeiramente efectiva.

Medio ambiente, saneamento das rías. Tamén un éxito o saneamento das rías. Gobernaron trinta anos, de trinta e cinco, neste país e xa se ve como están as rías galegas, recibindo premios europeos todos os días. Non teñen responsabilidade vostedes, seguramente tamén foi Touriño ou González Laxe, tamén se remontan os problemas a González Laxe, Zapatero, etc. Non foi culpa destes escándalos do señor Arias Cañete con Aquagest nin estas cousas, nin da corrupción, nin de que se puxeran depuradoras de cartón pedra. Apostamos por reforzar esas infraestruturas e con modelos que funcionen, non con modelos que estean feitos para non funcionar.

En infraestruturas apostamos polo tren de cercanías. Aínda non sabemos a razón pola que o Partido Popular di que aposta polo tren de cercanías pero non o prioriza, que mo expliquen despois se poden.

E en medio ambiente tamén falamos de Sogama, un modelo autenticamente aberrante. E ademais o que hai que aguantar: a señora Beatriz Mato anuncia que conxela o canon da xestión do lixo de Sogama. Que eu saiba, aplícaselle o IPC, ¿verdade? Un 3 %. Non sei se é este ano un 3 %, aplícaselle o IPC. Ben, pois con eses resultados hai tres anos subiu un 33 %, baixou un 10 % ao ano seguinte e agora sobe un 3 %, é dicir, en tres anos subiu un 26 %, e jiso é conxelar o canon de Sogama! Xa lles gustaría a moitos pensionistas e a moitos traballadores que durante estes anos se lles aplicase ese concepto...

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...de conxelar.

Apostamos en medio rural por... (*Aplausos.*) —xa remato—, apostamos no medio rural —na seguinte intervención complementarei— tamén por acometer o principal problema

que ten o agro neste país e o medio rural neste país e que é un auténtico drama. Xa o repetín moitas veces: menos do 5 % dos titulares de explotacións agrarias non chegan aos corenta anos. Isto debería dar lugar a unha reflexión pola súa parte sobre que políticas están aplicando para a incorporación. Porque moito presumen de cantas incorporacións se producen todos os anos, pero non dan ningún dato do fracaso desas incorporacións ao cabo do tempo. Por iso propoñemos un plan de incorporación de xente moza ao rural; propoñemos fomentar a formación e a extensión agraria e forestal a este sector, que pide moito coñecemento, que pide moito máis apoio que créditos nos bancos, que é o único...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...que vostedes ofrecen.

Polo tanto, nós non cremos que esteamos ante unha recuperación, estamos ante unha estafa e a consolidación do modelo da desigualdade, da inxustiza. Os peixes gordos, coa súa axuda, recuperados e a xente traballadora, máis precarizada. Non nos resignamos, cremos neste país, no seu potencial; cremos necesario un cambio de modelo de relación de producións na supresión dos privilexios; cremos nas políticas de igualdade...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...e que paguen máis os que máis teñen...

O señor PRESIDENTE: Rematou o seu tempo.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...e que se beneficien das políticas públicas os que menos.

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas, señor Sánchez...

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Cremos en Galicia, na súa xente, no seu enorme potencial.

O señor PRESIDENTE: Rematou o seu tempo.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Moitas grazas, señor presidente pola súa flexibilidade. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Un minuto e medio, grazas; sobre trinta, tampouco está tan mal.

Grupo Parlamentario Popular, señor Puy.

O señor PUY FRAGA: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, como vostedes saben, nós rexeitamos hai pouco, cando entrou na Cámara o orzamento, as emendas á totalidade. E fixémoslo, entre outras cousas, entre outros motivos, porque —como dixemos daquela— entendiamos que ao rexeitar os orzamentos Galicia paraba e, polo tanto, rexeitamos as emendas á totalidade.

Hoxe iniciamos e votaremos os orzamentos de Galicia, e creo que esta é unha noticia significativa, xusto cando 183 concellos están sen orzamentos, o cal vai ter moitas consecuencias para os seus cidadáns. Hoxe aprobamos uns orzamentos que o Goberno remitiu ás dúas semanas da investidura a esta Cámara e, certamente, hoxe aprobámoslos despois dun traballo parlamentario intenso. E a aprobación dos orzamentos hoxe vai ser unha mostra da estabilidade política —certamente ten moito que ver—, é consecuencia dos resultados electorais de hai catro meses, pero tamén —como acabo de dicir— do traballo do Goberno e do conselleiro ao traer á Cámara estes orzamentos e, por suposto, dos grupos parlamentarios, dando unha imaxe, por certo, de absoluta normalidade institucional.

Hoxe, cando vemos noutras comunidades autónomas que se trata de rachar xa non coa normalidade institucional, senón coas normas constitucionais en si mesmas, cando aquí algún grupo fala que aplicar a lei e respectar a xustiza é autoritarismo e, en cambio, non o é intentar impoñer a outros a súa vontade á marxe do que establece a lei, pois creo que si, é digno de salientar que hoxe estamos nun momento de máxima normalidade.

Algúns dos portavoces da oposición, nomeadamente a señora Pontón e en boa medida tamén o señor Sánchez, aproveitaron este discurso en vez de para falar dos orzamentos, para falar das cousas da actualidade. Tivo tan mala sorte a señora Pontón que mentres pedía que se abriera un expediente a Fenosa, o señor conselleiro de Industria estaba informando que se van abrir expedientes a todas as compañías eléctricas, que se van exixir as indemnizacións aos usuarios. As consellerías, todas elas, Educación, Agricultura, Sanidade, Mar, etc., están traballando para avaliar e repoñer os danos que fixo o temporal. E, certamente, o presidente comentoume agora mesmo que leva toda a fin de semana falando a Xunta coas subministradoras, coa Red Eléctrica, e el persoalmente co ministro de Enerxía.

Polo tanto, queda aí esa nova de actualidade e, xa que estamos no Parlamento, eu tamén salientaría outra nova de actualidade. Eu creo que é a primeira vez neste debate en que o que se supón que lidera a oposición maioritaria do Goberno non intervéñe neste debate. Sería moi chamativo que, por exemplo, o señor Feijóo, cando accedeu á presidencia do partido, non debatese co conselleiro de Facenda as súas propostas para Galicia. Isto é o normal, como fixo o Bloque Nacionalista Galego ou como fai o Grupo Socialista. Sen embargo, nas mareas hai unha coralidade, unha pluralidade que, posiblemente, leva a que o principal grupo da oposición non interveña neste debate a través do seu líder. Eu simplemente constato a novidade porque, como estamos a falar de política nova, esta tamén é unha innovación. *(Aplausos.)*

Nos debates que mantivemos a raíz da entrada no Parlamento deste documento que hoxe votaremos tamén xustificamos que, desde o noso punto de vista, as alternativas que propoñía a oposición non eran axeitadas. Díxose reiteradas veces polo grupo principal da oposición que tiñamos menos gasto que no ano 2009, cando o PIB imos igualalo ao ano do 2009. No debate de admisión eu xa dixen que iso era falso porque, naquel ano, a execución, se excluíamos as transferencias do Estado ás comunidades, ás administracións locais e lles sumabamos os 1.600 millóns de liquidacións negativas, daba un gasto de 7.787 millóns, con 600 millóns de endebedamento, cando esta leva 300 millóns. Había 6.700 millóns de euros de ingresos correntes no ano 2009, 8.700 millóns van incluídos nos orzamentos do ano 2017, e —insisto— con 300 menos de endebedamento adicional, e ademais incorporando liqui-

dacións positivas moderadas. De feito, algún grupo da oposición mesmo intentou que subíssemos as liquidacións positivas incorporadas ao orzamento fronte aos 1.600 millóns de euros negativos que estamos aínda debendo á conta do ano 2009. Non se viu vir a crise, chamábase unha desaceleración.

No debate na Comisión este argumento debeu ser convincente, falóuseme do ano 2008. Naquel ano foron 10.960 millóns os de gasto non financeiro que restados aos 830 das corporacións locais e aos 573 de liquidación negativas que aínda seguimos a deber dan lugar a 9.500 millóns; é dicir, un pouco máis do que hai este ano. Efectivamente, ese ano a Xunta gastou un pouco máis que este ano pero sen esquecer que estabamos no pico da burbulla, sen esquecer que tras o 2008 veu o 2009, mentres que aquí, tras o 2016 cun crecemento do 3,2 %, vai vir un ano no que esperamos crecer por riba do 2,5 % e que, certamente, hoxe aínda notamos os efectos da crise na recadación dalgúns tributos. Basta con ollar como evoluciona a recadación do IVE como consecuencia de que se está a incrementar o consumo e mentres a recadación de sociedades —porque as empresas están compensando as perdas que a crise deixou nos seus balances— segue a fraquear e, polo tanto, aporta menos recursos ao conxunto das administracións públicas.

Polo tanto, estamos cuns orzamentos semellantes. E iso tamén quero salientalo cando se vén aquí dicir que temos desmantelado o país, que temos desmantelada a agricultura, o urbano, o medio ambiente, etc. Precisamente a persoa que interveu naquel momento —a señora Díaz—, quen exercía de portavoz nesta Cámara polo grupo que hoxe é o principal da oposición, no debate dos orzamentos, señora Pontón —a vostede que lle gustan tanto os «*déjà vu*» e os «*días da marmota*»—, dixo algo así como que o Goberno estaba morto, que basicamente é o mesmo que dixo vostede, que é que está parado, paralizado e que está esgotado. Bueno, alí, evidentemente, a linguaxe foi máis forte, máis grosa, e eu agradézolle que vostede non dixera nada de «*morto*». Dixo que aquel orzamento, o do ano 2016, era ideolóxico e radical nas súas propostas. Decía que a economía galega crecía menos que a española —as cifras que estamos a coñecer non din iso— e mesmo nos acusou de facer trampas nos orzamentos, neste mesmo debate. Dixo que falseabamos a realidade, que a baixada de impostos se ía notar en 2017 cando gobernasen as esquerdas. A baixada de impostos notouse no 2016 —40 millóns de euros menos de recadación polas rebaixas fiscais— e, certamente, no 2017 non están gobernando as esquerdas. Pero seguiu dicindo que non iamos cumprir o teito de gasto porque era do 4,3 %, cando en realidade non o cumprimos. ¿Por que? Porque o sobrepasamos. ¿Por que? Porque houbo máis flexibilidade no déficit e se puido aproveitar esa marxe de déficit adicional para non só executar orzamentos senón sobreexecutar. Remataba quen interveu entón pedíndonos que fixeramos algo sensato, que escoitásemos a xente de aí fóra, e rematou dicindo: «*fagan algo decente e convoquen eleccións*». Quería que as convocásemos, fixemos algo decente, que foi convocalas cando tocaba; escoitamos a xente de aí fóra; e este é o resultado. (*Aplausos.*)

Pois ao igual que daquela, eu creo que hoxe hai que falar de feitos. A pesar de que se dicía que o 2016 era un ano electoral, Galicia cumpriu o déficit, a diferenza do que ocorreu coas demais comunidades autónomas cando tiveron eles ano electoral, e ademais temos uns orzamentos realizables. Respecto dos de 2017 acaba de emitirse hai quince días escasos un informe da autoridade fiscal independente que avalía como prudentes as previsións da Xunta

nos orzamentos do 2017; é dicir, estamos no mellor rango, prudentes, fronte a outras en que é probable e outras ás que se lles piden explicacións para ver como se van executar. En definitiva, estamos hoxe en contra do que se dixo entón e do que se di agora, cunhas bases máis sólidas, cun crecemento do PIB no 2016 que, de acordo co INE, é igual que ao de España —3,2 %—; que, de acordo coa Airef, é catro décimas superior ao de España —3 % España, 3,4 % Galicia—; que, de acordo con Funcas, é unha décima superior ao de España —3,2 % e 3,1 %—. E, evidentemente, intentar volver ao 2009 ou ao 2008 paréceme que está fóra de todo lugar.

O emprego está mellor. A ocupación creceu o ano pasado un 1,65 %, o paro diminuíu un 8,32 %; a taxa de paro está no 17 % mentres que en España está no 20,25 % —por certo, en Andalucía, unha das comunidades que se mencionou aquí, no 31,38 %—. O paro rexistrado descendeu un 10 %, máis que a media española, que descendeu un 9,5 % no ano 2016. Ademais, o crecemento baséase no repunte da demanda, no investimento no gasto público e nas exportacións. O saldo récord de exportacións no ano 2016 vai andar sobre os 19.000 millóns de euros, e Galicia lidéao xunto co País Vasco —País Vasco primeira comunidade autónoma, Galicia terceira co mellor saldo exportador—, o cal implica que estamos gañando competitividade. E o bo comportamento dos sectores eu creo que é xeneralizado; basta con poñer o caso do naval, do que falamos tantas veces e que ten a mellor carteira de pedidos dos últimos cinco anos.

En definitiva, señorías, estes orzamentos reflicten o fin da recesión, que o crecemento é razoablemente san, que temos unha expansión prudente do gasto público sen incorrer en déficit e seguindo a cumprir cos compromisos que ten Galicia co resto das comunidades autónomas, co Estado e coa Unión Europea, e con prioridades orzamentarias claras. O investimento crece por riba do gasto corrente e o compromiso social está fóra de toda dúbida.

Dísenos que ao rexeitar as emendas imos votar que non a unha serie de cousas boas. Eu podería inverter o argumento e dicir exactamente o contrario: cando vostedes voten que non a estes orzamentos van votar que non a que Galicia manteña as taxas universitarias máis baixas de toda España ou a que as bolsas estean na media de toda España; van votar que non a un sistema que está dando, de acordo co Informe PISA, o mellor rendemento que a media de España —dez puntos por riba en comprensión, cinco por riba en cálculo, mantén o tema en ciencias, onde é a terceira comunidade de España en ter unha das notas máis altas en ciencias—. Galicia é a cuarta comunidade con menor abandono escolar; a formación profesional xa ten practicamente o mesmo número de estudantes que a universidade; estamos nunha media na que a repartición entre estudos profesionais e universitarios é semellante á de Alemaña —das poucas comunidades autónomas que estamos nesa media—, e oito de cada dez estudantes de formación profesional atopan emprego. Vostedes van votar que non a estes avances.

Podería dicir tamén que van votar que non a que incrementemos as intervencións cirúrxicas, que pasaron de duascenas mil o ano pasado a reducir listas de espera —dez días, aínda que seguen sendo moi altas—, a que se incremente o número de consultas hospitalarias —máis de 5 millóns o ano pasado, cen mil máis que no 2015— e tamén se incrementou un 3 % a atención en Urgencias.

E, por certo, xa que falaram todos do Álvaro Cunqueiro, ninguén se acordou de felicitar os traballadores do Álvaro Cunqueiro porque, como saben, se sitúa como o mellor hospital de Galicia segundo o Índice de excelencia hospitalaria 2016. E nós queremos transmitir esa felicitación ao persoal do Álvaro Cunqueiro.

Cando vostedes votan que non aos nosos orzamentos, votan que non aos primeiros orzamentos nos que a media de persoas con dereito recoñecido sen prestación está por vez primeira máis baixa que no conxunto de España: Galicia, 27,12 %; España, 29,33 %. Pensen que no ano 2009, cando chegamos ao Goberno, a ratio de atención era do 36 % e agora é do 72,8 % con fondos autonómicos. Esa é a diferenza. Estamos atendendo, en vez de a 14.000, a uns corenta e nove mil e pico usuarios do sistema da dependencia, — insisto— pagando a Comunidade Autónoma o 72 %, porque dos 14.000 pagaba a Comunidade Autónoma o 36 %. A Risga segue a aumentar, as pensións non contributivas mantéñense — unha das únicas tres comunidades autónomas que as ten—, as prazas públicas de gardería están por primeira vez por riba da media que recomenda a Unión Europea, as residencias de maiores incrementáronse un 22 %, os centros de día un 141 %. E vostedes van votar que non a seguir incrementando estas cifras. Somos a cuarta comunidade autónoma con menos desafiuzamentos. E, por certo, neste orzamento incrementáanse un 30 % as partidas contra a violencia de xénero como consecuencia do acordo ao que chegamos a pasada lexislatura, incrementáanse un 30 %. Polo tanto, os acordos son bos, sobre todo en materias como esta. Certamente, nós desde o Goberno cumprimos incrementando as partidas asociadas a esa reforma legal. *(Aplausos.)*

En resumo, eu creo que a Comunidade Autónoma de Galicia aínda padece as consecuencias da peor recesión que nunca tivo, pero está en mellor situación que as demais comunidades autónomas para superar os efectos que a crise deixou entre nós. Entre outras cousas, porque o gasto en servizos públicos en Galicia é superior á media por habitante de España: 2.715 euros *versus* 2.693; é dicir, moito máis que a media e moito máis que o modelo que sempre se propón desde a esquerda, que é a Comunidade Autónoma de Andalucía, 2.715 en Galicia contra 2.475 en Andalucía.

Non é de estrañar que os informes, por exemplo o de EAPN España, é dicir, European Anti Poverty Network, diga, respecto da taxa de risco de pobreza ou exclusión social, que Galicia é unha das tres comunidades autónomas na que baixou no peor da crise, ou que diga, en canto aos niveis de pobreza por comunidades autónomas, que en Galicia están en pobreza, desgraciadamente — e seguiremos traballando para que desaparezan e diminúan—, o 13,9 %, cando a media de España é o 14,3 %; e en pobreza severa o 3,3 % en Galicia e o 6,1 % de media no conxunto español. Polo tanto, creo que algo terá que ver o gasto público autonómico nestas cifras.

Evidentemente, se non coincidimos na diagnose é difícil aceptar as emendas. E non as aceptamos por dous motivos esenciais: uns de fondo, de filosofía económica — sobre os que quero pasar brevemente—, e outros de forma, máis específicos.

Filosofía. Pese a que, certamente, por vez primeira nestes orzamentos non cargan o bombo co endebedamento da Xunta e unicamente hai unha proposta de incrementalalo, en relación

co momento no que se presentaron, para aproveitar o incremento do límite de déficit que se pactou en Madrid para todas as comunidades autónomas, pese a ese cambio, seguen con dúas cuestións:

A primeira é o gasto. Seguen dubidando de que algunhas das políticas de gasto que estamos a facer teñan capacidade redistributiva. Eu creo que isto, como dixo o portavoz socialista —a quen lle agradezo a súa intervención—, é algo que hai que asimilar para entender, porque algunhas das cuestións que vostedes critican permanentemente cando se introduce algún tipo de copago, como nos comedores escolares ou como noutros aspectos, por parte de quen máis ten para poder axudar máis a quen máis o necesita, isto é unha cuestión, evidentemente, de filosofía na que non estamos de acordo.

E a segunda é que non cremos que sexa o momento, neste momento en que a economía galega empeza a recuperarse, para un incremento xeneralizado da presión fiscal. Porque, en total, vostedes o que nos piden é que se suba o IRPF e o patrimonio —o PSOE concrétao aínda que o sobrevalora—. Pero ademais pídenos que introduzamos unha subida do ingreso de sucesións de 30 millóns de euros, que non sabemos como se podería concretar; no de transmisións patrimoniais, de 17 millóns; un imposto de superficies comerciais que non se define; un imposto de impacto visual das liñas telefónicas que tampouco se define, 20 millóns; un imposto sobre verteduras de auga que tampouco definen, 5 millóns; un imposto sobre bolsas de plástico que non definen, 1 millón; un imposto sobre emisións de óxido nítrico pola aviación comercial que tampouco definen, outro millón; gravames sobre protección civil que tampouco definen por 3 millóns; e unha loita contra a fraude de máis de 20 millóns. Polo tanto, isto é inconcreto e ademais acaba trasladándose aos consumidores.

En Marea só concreta o IRPF, o patrimonio e a auga embalsada, un 46 % da súa previsión de ingresos, sobrevalorada, como debatemos na Comisión, pero ademais queren poñer un imposto de grandes superficies que non definen; recuperar un millón e medio de euros de imposto de vivendas baleiras que non definen; medio millón no imposto sobre bebidas azucreadas que non definen e que ademais vai ser estatal, polo que as comunidades autónomas non o van poder regular, ao igual que ocorre cos impostos sobre os depósitos nas entidades de crédito; e reducen 80 millóns sen especificar os beneficios fiscais e conténtanse con só 12 millóns na loita contra a fraude. É difícil apoiar uns orzamentos de gasto que se basean en ingresos, que nin vostedes mesmos chegan a definir tecnicamente como se configurarían estes impostos.

Non compartimos a filosofía económica subxacente, non é o momento de alterar o patrón de consumo que está contribuíndo á recuperación económica de Galicia. Estes impostos, na súa inmensa maioría, trasladaríanse ou ben á capacidade de consumo das familias, ou ben á capacidade de aforro, e evidentemente prexudicarían o crecemento. Polo tanto, nós non imos apoiar emendas que se basean no fondo nunha suba fiscal xeneralizada.

Pero hai tamén motivos específicos. Din que non aceptamos nin unha soa emenda, e eu comprendo —e permítanme que me poña neste plan, pero a verdade é que a min non me gustaría verme na súa situación— que é moi complicado vir aquí con emendas a estados de gastos, intentar dar unha mensaxe política —que eu entendo que queren dar—, e o problema é ter

que xustificala nesas emendas aos estados de gasto. Falouse de arrogancia. Xa me gustaría a min poder ter aceptado moitas emendas para darlle continuidade ao clima de diálogo que creo que estamos a ter noutros ámbitos. Pero, sen arrogancia ningunha, permítanme que lles diga algunha cuestión:

En primeiro lugar, pactar os orzamentos dun ano é difícil. Se teñen algunha dúbida no PSOE, pregúntenlle a Abel Caballero, que non aceptou ningunha emenda, e no Bloque, ao alcalde de Pontevedra, que tampouco aceptou ningunha emenda, ou na deputación que gobernan conxuntamente, onde non aceptaron ningunha emenda. Se é difícil pactar, pregunten na Coruña onde, incluso sendo obrigatorio pactar, non son capaces de pactar nin ceder para que se aproben os orzamentos. (*Aplausos.*) Polo tanto, eu creo que non vou falar demasiado de pactos. Díxose que a Xunta non quere pactar. Señora Pontón, eu creo que estamos, vostede mais eu, moi contentos de que o encontro entre o presidente da Xunta e o alcalde de Pontevedra fose tan ben, foi esta semana, e ás palabras do alcalde de Pontevedra —que os dous respectamos moito— me remito: un acordo e, polo tanto, capacidade de diálogo.

¿Que ocorre coas emendas? Por clasificalas en catro bloques, hai unhas primeiras emendas que vostedes presentan, e nós non podemos aceptar, nas que se trata de sacar cartos de gasto corrente que non son verosímiles. Por exemplo, o BNG deixa a cero na súa emenda 20 ao persoal eventual da Consellería de Facenda. O señor alcalde da Coruña dixo hai pouco literalmente: «*Nos hemos pasado de frenada, se arrepiente de haber recortado tanto en coches y asesores*». ¡Home!, unha cousa é recortar, como fixemos nós, e diminuír o gasto notablemente en asesores, e outra cousa é deixar o conselleiro —por moi bo que sexa— sen ningún tipo de asesor, sen ninguén que lle axude tan sequera á atención de coller o teléfono.

Na emenda 70 do BNG deixan sen comunicacións telefónicas a Consellería de Economía. Difícilmente vai poder seguir a subministración eléctrica a Consellería de Economía se deixan a cero a partida telefónica.

O PSdeG suprime na súa totalidade, nas súas emendas 64 e 67, unha partida de 1,2 millóns de euros para material de oficina informática dos xulgados de Galicia.

E En Marea elimina na súa emenda 17 o mantemento da residencia de Monte Pío; esa que na campaña se dixo que era un servizo público que se pensaba utilizar no caso de chegar á presidencia.

Claro que tamén, ás veces, non se sabe moi ben o que se suprime. O BNG retira na súa emenda 1 os cartos que financian os trescentos pequenos centros dependentes da Secretaría Xeral de Medios que dan a cobertura de TDT ao medio rural galego. Debe ser que hai que incrementar a audiencia da Televisión de Galicia suprimindo os repetidores do rural galego.

Hai un segundo tipo de emendas que eliminan os ingresos dos entes das axencias pero sen eliminar os gastos das axencias, é dicir, o que fan é quitar os cartos da transferencia que fai a consellería á axencia pero non diminúen os gastos das axencias. ¿Por que? Porque eses proxectos que se financian teñen nomes e apelidos. Así ocorre, por exemplo, coas emendas 3 e 5 do Partido Socialista de Galicia e na 21 de En Marea con Antega, á que lle retiran entre 2 e

5 millóns de euros sen dicir claro que proxectos deixarían de facer; ou na 40 do Bloque, que detrae 50 millóns das transferencias da Axencia de Infraestruturas sen especificar que obras que ten prevista a Axencia de Infraestruturas pensan deixar de executar. E máis paradoxal, incluso, é o que fan co CIXTEC, do que En Marea na súa emenda 28 detrae 1 millón de euros para destinalo a un plan contra a loita da fraude fiscal, cando con ese millón de euros o CIXTEC o que fai é elaborar as aplicacións informáticas necesarias para desenvolver a loita contra a fraude fiscal. Ben, como comprenderán, non podemos aprobar estas emendas.

Hai un terceiro mecanismo, que é dicir que se van facer cousas sen explicar que vai pasar coa xente que queda, basicamente, tirada —entendo eu—. Por exemplo, vostedes nas emendas da 120 á 141 e 297 á 304 do Bloque, e 60 á 72 de En Marea —Bloque e En Marea—, retiran o financiamento dos centros educativos concertados, e con eses cartos fan obras en centros educativos públicos, museos, proxectos de normalización lingüística. Pero en ningures se di que vai pasar cos 79.859 alumnos que están matriculados na escola concertada, en infantil, primaria e ESO. ¿Que facemos cos rapaces? Poderían, polo menos, dicir que as emendas, en coherencia, se destinan para poder acollelos na educación pública, pero non, o único que se fai é deixalos colgados.

E o mesmo cos concertos sanitarios. Todas as emendas sanitarias do Bloque e de En Marea, 77 á 82 e todas as do Bloque... O Bloque participaba no Goberno que incrementou un 45 % os concertos sanitarios. Pero, bueno, dando por bo iso de que a hai que retirar, se retiramos os fondos aos concertos sanitarios non se poden dedicar estes a rescatar o hospital de Vigo, nin a programas de drogodependencias, a non ser que os pacientes que actualmente van aos hospitais concertados non teñan asistencia sanitaria.

Cuarto e último mecanismo, que para nós tamén é preocupante: deixar de cumprir os compromisos adquiridos. É dicir, sacan gasto que está nos orzamentos para financiar compromisos de gasto do pasado. Por exemplo, o PSdeG nas súas emendas da 36 á 57 todo tipo de plans de igualdade e melloras nos xulgados se financian con cartos que neste momento a través da Sociedade Pública de Investimentos están pagando aprazadamente os edificios xudiciais de Santiago e de Ourense.

Nas súas emendas da 166 á 197, e En Marea nas súas emendas 56 á 63, queren anunciar novas obras viarias e fano con cargo a retirar cartos da partida que está a pagar as anualidades que se iniciaron nos anos e nos tempos do Goberno bipartito. E así ocorre tamén coa EDAR de Santiago, sacan transferencias a Augas de Galicia que están destinadas á EDAR de Santiago para financiar a mellora da EDAR de Santiago.

O PSdeG nas emendas 104 á 165, e En Marea nas emendas 52 á 55, o que fan é financiar gastos suprimindo as concesións das autovías libres de peaxe.

E o PSdeG nas emendas 394 á 416, cando retira 6,5 millóns de euros que pagan a finalización das obras dos centros de saúde xa iniciadas e comprometidas, non explican que se vai facer con esas obras, senón que din que se van facer outros centros de saúde. En realidade, vostedes comprometen incluso sesenta e cinco centros sociais e dedícanlles 10,8 millóns de euros, cando a realidade é que custarían máis de 100 millóns de euros.

¿De que se trata? Pois un pouco como o de hoxe, e vou facer unha mención a Sada. En Sada, infórmanme de que non hai ningún proxecto que financiar, o que hai é un informe que non recolle ningún proxecto e que, ademais, ese informe recolle unha posible obra que Augas de Galicia non acaba de ver clara desde o punto de vista medioambiental. Polo tanto, non é un problema que se arranxe agora esta cuestión cunha emenda senón de que, de momento, non hai unha solución axeitada, que nós, desde logo, impulsaremos para corrixir as inundacións en Sada. E dito isto, do que se trata é diso: de ir polos pobos e dicir que o Partido Popular votou en contra de algo...

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

O señor PUY FRAGA: ...de facer política con esta cuestión.

Polo tanto, en suma, é difícil aceptar as emendas. Créanme que me tería gustado moito admitir algunha, aínda que só fose —insisto— para poder dicir que mantemos o clima de diálogo. Pero, cando as emendas se fan para que non se aproben, cando se fan para que non sexan aceptadas porque non poden ser aceptadas, é moi difícil aceptalas.

E insisto: non quero falar de temas de pactos demasiado. Pero fíxense vostedes: cando comezamos o debate orzamentario falou naquel debate do teito de gasto o portavoz do grupo principal da oposición e ofreceunos un pacto de 750 millóns se aprobabamos o teito de gasto; sen embargo, nas emendas que fan aos orzamentos eles só inclúen 500 millóns de euros de gasto. É dicir, eu para pactar con En Marea teño que aprobar un teito de gasto de 750 millóns, pero eles mesmos, nas súas emendas, pintando ingresos que non se van producir, metendo impostos, subindo a carga fiscal, etc., non son capaces de subir nada máis que 500 millóns de euros. Comprenderán que é difícil pactar (*Risos.*) Comprenderán que é difícil pactar. (*Aplausos.*)

E tamén é difícil pactar cando no pasado chegamos a acordos. Quero recordar que no peor momento da crise chegamos a un acordo co Partido Socialista para os tipos do imposto sobre o patrimonio, que é, xunto co da renda, onde podemos practicar de verdade a progresividade e a solidariedade, un imposto do patrimonio que grava o capital de quen máis ten no momento da crise. ¡Home!, semella que subilo agora rompendo o pacto ou renunciando ao pactado no momento no que estamos xa superando a crise pois non semella tampouco moi razoable.

En definitiva, señorías, eu creo que puxeron moi difícil a cuestión de pactar as emendas aos estados de gasto e por iso non houbo máis acordos. Eu confío en que isto non empañe o resto das cuestións nas que podemos chegar a acordos, pero, en todo caso, nós —como dixen ao principio da miña intervención— imos votar que si aos orzamentos que trouxo a Xunta á Cámara porque son expansivos; son equitativos, tanto pola vía do ingreso como pola vía do gasto; son prudentes nas súas previsións e, polo tanto, cumpribles; son equilibrados, é dicir, non incorren en déficit; e están contribuíndo a que, unha vez abandonada a recesión, podamos seguir crescendo e sobre todo redistribuíndo os resultados dese crecemento para que ninguén en Galicia teña máis problemas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Puy.

Rolda dos grupos parlamentarios para definirse sobre as emendas dos outros grupos.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Ben, a verdade é que despois de escoitar a Pedro Puy creo que a oposición temos que dimitir en bloque porque non sabemos sumar, restar, somos incapaces de facer unha emenda ben... E aquí a perfección está no olimpo do Partido Popular, (*Aplausos.*) que nos presenta uns orzamentos perfectos, divinos, impolutos, que van traerlles a felicidade aos galegos e ás galegas. Polo tanto, podemos pechar o Parlamento de Galicia porque, basicamente, é ao que nos invita hoxe o Partido Popular, que non esperabamos isto do señor Puy, quen, polo menos normalmente nos debates, mantén un pouco máis o nivel, e permítame que llo diga desde o respecto e a cortesía parlamentaria.

Claro, porque, primeiro, empezou co *déjà vu*. Eu creo que ao Partido Popular lle encanta o *déjà vu*: ou nos leva ao Bipartito ou trae o debate do ano anterior. Ben, parece que vostede bota de menos á señora Díaz, está ben, e creo que é un dato interesante. Logo fálanos do debate que vén a continuación, iso tamén está ben. A min permítame tamén que lle diga que me parece un sarcasmo que o Partido Popular, que subiu o IVE, os impostos á electricidade, que nos subiu o que pagamos no céntimo sanitario cada vez que temos que coller gasóleo ou gasolina nas estacións de servizo, agora venda aquí que son os que baixan os impostos.

¡Bueno! Señor Pedro Puy, creo que debería revisar esta teoría, e vostede sabe, ademais, que esa é unha decisión política e ideolóxica clara, porque a política fiscal que vostedes están facendo o que fai, nunha parte moi importante, é que sexan os traballadores e as traballadoras os que están pagando máis impostos, mentres as grandes empresas e as grandes fortunas teñen un tratamento fiscal claramente abusivo, desde o punto de vista que eles pagan moito menos que os traballadores e as traballadoras, e que vostedes están apostando por impostos regresivos como o IVE, que o paga igual unha persoa que está parada, que non ten ningún ingreso, por ter que facer cada día a compra diaria, que un señor —con todos os meus respectos— como Aman-cio Ortega, que podería aportar bastante máis desde un punto de vista económico.

Tamén lle quero dicir que, se o problema das emendas é de onde se detraen os cartos, pola nosa parte non hai ningún problema por parar agora este pleno e sentarnos a falar sobre aquelas emendas nas que vostede realmente cre que é importante o incremento que facemos; e non facer —como digo— deste debate un debate absolutamente inútil. Sobre todo, señor Puy, porque o que están é privando os galegos e galegas de que melloremos os orzamentos e de que os orzamentos non sexan única e exclusivamente froito do Partido Popular, senón que recollan propostas. Eu creo que, de entre 300, algunha haberá, como mínimo, que teña algún sentido recoller.

Eu tamén vou empezar a transmitir nos concellos deste país que ao PP lle parece mal que traíamos emendas sobre propostas e demandas concretas que teñen os cidadáns. Parécelles obsceno. Bueno, eu creo que iso forma parte da nosa obriga como deputados e deputadas, e realmente lamento que esa sexa a súa intervención.

Logo fixo aí unha reviravolta sobre os orzamentos municipais. Claro, eu non sei se o PP, que ten unha alcaldía nunha cidade, en Ourense, leva desde o ano 2014 cos mesmos orzamentos. Non sei se ese é o exemplo a nivel municipal, (*Aplausos.*) como entende vostede un bo funcionamento. (*Aplausos.*) Non sei se é Ourense o seu modelo e o seu exemplo. Eu, xa lle digo, moi orgullosa dos orzamentos de Pontevedra, que ademais infórmolle que recolleron moitas das propostas que se fixeron desde a oposición. Non como fai o Goberno galego, que —xa digo— é o Goberno divino que non ten que aceptar ningunha proposta nin escoitar nada de ninguén.

Logo tamén lle quero dicir que me parece moi ben que a vostede lle moleste que eu denuncie aquí o escándalo de que, xusto no mes no que acabamos de ter un tarifazo que supón que os galegos e galegas van pagar 6 millóns de euros a maiores na factura da luz, Fenosa nos responde con cortes de luz absolutamente abusivos. Non me parece normal que a vostede lle pareza mal que eu denuncie isto no Parlamento.

Tamén quero dicirlle que nos parece absolutamente tibia a resposta que está dando a Xunta de Galiza. Eu acabo de ver na información pública o que acaba de dicir o conselleiro de Industria. O conselleiro de Industria non di que van sancionar polos cortes de luz nin porque non teñen o tendido eléctrico ben no noso país. Non, di que vai ver se se cumpren os protocolos. ¿Isto sabe a que me soa? Si, si, sóame a un conto que xa coñecemos aquí. Non sei se se lembran, a AP-9. Cada vez que hai grandes atascos na AP-9, saía a ministra Ana Pastor e o conselleiro ou conselleira de turno dicindo que lle ían abrir un expediente a Audasa. ¡Ah! Logo iamos mirar que pasou con eses expedientes, e ¡nin unha soa sanción! Nós o que exiximos son sancións a Fenosa e que realmente non se nos tome máis o pelo. Porque o que non é de recibo é que estea xente 24, 48, 72 horas sen luz, perdendo alimentos, poñendo en risco a vida das persoas, con grandes perdas para o sector do campo, e que aquí non pase nada. Que nos digan que o señor Feijóo estivo chamando. ¿A quen?, ¿ao presidente de Iberdrola, co que foi inaugurar aquela central xusto nun momento no que Iberdrola estaba especulando cos nosos recursos e facendo trampas para encarecerlles a luz aos galegos e ás galegas? Mire, nós xa coñecemos este conto.

¿Vai haber axudas realmente para todos os afectados? ¿Vai haber unha resposta contundente ante un abuso continuado a este país? E sobre todo, ¿por que vostedes non votan a favor dunha emenda para que teñamos unha tarifa eléctrica galega que abarate a luz e que acabe co espolio da enerxía do noso país? Iso é ao que nos ten que responder hoxe o señor Puy, e non vir aquí darnos clases de 1º de Economía, que de verdade que para iso podemos ir a unha facultade.

Logo, sinceramente, co tema da violencia de xénero, porque non me vai dar tempo a constatar a todas e cada unha das cuestións. Na pasada lexislatura púxose en marcha a través dunha iniciativa do BNG —e nós seguimos dicindo que imos seguir colaborando en todo o que sexa mellorar a atención ás mulleres vítimas de violencia de xénero—, que este ano, nestes orzamentos, tiña que haber un incremento dos recursos para o salario da liberdade. ¡Só faltaría que aprobaran unha lei e que non se incrementaran eses recursos!

Pero é que hai dous días —a semana pasada— señor Puy, nós aprobamos neste Parlamento un acordo que dicía que incrementar os medios e os recursos económicos para loitar contra

a violencia de xénero, porque necesitamos maior sensibilización, maior formación e unha atención máis ampla que a que aparece recollida nos orzamentos da Xunta de Galiza. Vostedes desprezan ese acordo e non aceptan nin unha soa emenda para mellorar esas partidas. Ben, pois a nós, señor Puy, teño que dicirlle que iso nos parece absolutamente insuficiente e que é empezar con moi mal pé en relación cun tema que é central para o futuro do noso país, porque estamos falando da vida das mulleres e estamos falando de que se necesita que realmente as políticas de violencia de xénero non sexan o 0,01 % do orzamento da Xunta de Galiza, senón que teñan peso e corpo para que cambiemos a resposta dos poderes públicos ante unha violencia que —insisto— non cesa e que realmente estamos vendo as graves consecuencias que ten para o noso país.

Logo veu vostede aquí dicirnos que estamos moi ben no tema de pobreza porque hai lugares onde hai xente con máis problemas. ¡É que é sempre o mesmo argumento!

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: Collemos o último da fila e dicimos: como hai quen está peor, en Galiza non temos ningún problema.

Mire, non sei se lles causa polo menos algún tipo de reflexión —que creo que sería importante—. Dinnos: «Imos na boa dirección, estamos saíndo da crise». E os datos oficiais da Xunta de Galiza o que nos din é que medrou a pobreza cando vostedes nos din que saímos da crise. Entón, algo estará pasando. ¿Non van revisar ese modelo que está xerando máis desigualdade, máis pobreza, máis precariedade no noso país?

Mire, estes non son os orzamentos da felicidade nin son os orzamentos da perfección, son uns orzamentos continuístas, si, dun goberno que está en *stand by* porque, como gañou as eleccións, cre que non ten nada máis que facer por este país. Se gañan as eleccións, dan igual os problemas: dá igual que haxa xente en paro, dá igual que haxa xente que a desafíen... Dá igual, gañaron as eleccións no PP, e entón vostedes xa cumpriron co seu obxectivo. Pois non, a política está para solucionarlles os problemas á xente, e quen goberna, cando gaña unhas eleccións o que ten é unha responsabilidade maior. Estes orzamentos son máis do mesmo, e poden valerlles para gañar unhas eleccións, pero non valen para que a xente saia do paro, saia da pobreza, ou realmente se aposte por unha defensa dos servizos públicos.

Por iso nós votamos non, e lamentamos que dean un portazo a todas as emendas da oposición sen diálogo, sen sensibilidade e sen escoitar propostas que son serias e sensatas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Grupo Parlamentario Socialista. Señor Fernández Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Bos días de novo.

Eu creo que a intervención do portavoz do Grupo Popular nos di algo tamén sobre este debate. En fin, empeñouse en volver discutir o que está xa pechado a través do debate de totalidade, que son os ingresos. Outra vez fixo moita insistencia niso. Non forma parte deste debate, que é xustamente sobre o estado de gastos; á parte de intentar introducir outros temas que pouco teñen que ver.

Os pactos. Eu estiven na discusión de orzamentos do período 2005-2009. No ano 2005, na ponencia, por exemplo, na que estaba tamén o señor Orza —que acababa de ser conselleiro do Partido Popular—, fixemos un traballo de incorporación da metade aproximadamente das súas emendas ao texto articulado. E en todos os orzamentos que discutimos naquel momento aquel tan denostado Goberno presidido por Emilio Pérez Touriño —denostado polo Partido Popular— houbo sempre un esforzo para incorporar emendas. Nalgúns departamentos máis que noutros, é certo, non era o mesmo esforzo en todos eles, pero en moitos departamentos incorporábanse emendas do Partido Popular a este debate. Por se pode servir de referencia para unha actuación diferente. *(Aplausos.)*

Por outro lado, o orzamento... en fin, o crecemento san. O crecemento do emprego é particularmente malo, en termos comparativos, en Galicia; particularmente malo. Eu xa sei que podemos utilizar índices de todo tipo. Cando queremos, comparamos niveis relativos. Cando non, taxas de crecemento. E se non, a taxa de crecemento do último ano. E acabaremos atopando un dos indicadores que, comparado con alguén, nos dea ben. Pero este é claro. Comparemos o que está pasando en Galicia coa media española, e polo menos plantexémonos como obxectivo situarnos aí, en termos dinámicos. E nos últimos anos isto vai mal, non vai ben.

O ritmo de crecemento do 3,4 % do ano 2016 permitiu crear en Galicia 17.000 empregos. Levado isto a catro anos máis, imos estar por debaixo do compromiso do señor Núñez Feijóo. Pero, ¡fíxense vostedes!, para os próximos anos, as previsións que manexa o Goberno é que imos estar entre o 2 e o 2,5 %, por tanto, a capacidade de creación de emprego vai estar substancialmente por debaixo. Temos que modificar a relación entre incremento do produto e incremento do emprego porque, se non, non seremos capaces nin sequera de chegar a esas exixencias que nos poñemos.

As taxas universitarias máis baixas de España. Pero saben vostedes comigo que as taxas universitarias son os ingresos das universidades non son ingresos da Xunta. Se houbera unha partida no orzamento da Xunta que compensase esas taxas máis baixas e lles dera máis recursos ás universidades, pois habería de que presumir. Pero o que estamos conseguindo con isto é poñernos unha medalla política: «temos as taxas máis baixas de España», pero, ao mesmo tempo, reducindo o financiamento das universidades; isto é o que estamos conseguindo. Si, si, despois hai o Plan de financiamento, pero esta é a consecuencia... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non, non..., si, si, pero esta é a consecuencia directa. *(Aplausos.)*

En fin, non vou traer as emendas —permítanme— porque teñen unha tipografía moi reducida. Emenda número 2, 150.000 euros en gastos diversos para axudas extraordinarias aos emigrantes retornados; 150.000 euros que se reducen en gastos diversos para isto, Consellería da Presidencia. Non sei que problema existe para que isto poida ser aceptado.

A emenda 80, 2 millóns de euros de menos en investimentos inmateriais, Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, para reforzar a política en parques nacionais e en parques naturais. Claro, é que vostede ten que dicirme cal é a cantidade global que ten esa consellería en investimentos inmateriais, e ao mellor, a partir de aí, estas cifras non parecen tan desencamiñadas.

Eu teño que insistir. Na política social teñen que facer —porque fun un pouco rápido na anterior intervención, que estaba xa esgotando o tempo— un esforzo adicional. Eu xa sei que neste debate do estado de gastos as nosas emendas non cobren todos os aspectos que quixeríamos porque non hai marxe suficiente. Pero a política social é moi importante. A taxa de pobreza segue sendo inaceptable. E ademais, nos últimos anos, o número absoluto de persoas en risco de pobreza ou con privación material está estabilizado. A pesar do incremento tan notable no crecemento económico, está estabilizado. E non me poden dicir que é por un efecto estatístico, porque o nivel de referencia é practicamente o mesmo desde hai seis anos: euro abaixo, euro arriba, arredor dos 600 euros por mes. Por tanto, non hai un problema estatístico, está estabilizado. Non conseguimos atacar os factores que están actuando sobre isto.

É certo, a Risga aumenta un pouco, pero chega con falar con persoas que están traballando na Risga para saber que seguen tendo demasiado tempo os expedientes parados, sen tramitar. E que moitas veces, cando chegan a tramitarse, por motivos formais volven outra vez ao punto de partida. E estamos, por esa vía, deixando de dar cobertura a persoas que si teñen necesidade dunha atención. E estámolo facendo por motivos de financiamento. Porque, aínda que hai un incremento neste orzamento —¡que benvido sexa!—, é insuficiente. Por iso nós o que queremos é reforzalo un pouco máis con algúns recursos adicionais.

E a política social claro que non é só a Risga, significa tamén actuar cos concellos, porque moitas veces son os que están a pé de obra prestándolle a axuda que necesita á xente. Por iso nós plantexamos reforzar as transferencias neste sentido en relación cos concellos. E non habería só que reforzar as transferencias, habería que crear un marco estable para garantirles aos concellos un financiamento que permitira estabilizar o persoal e planificar a medio prazo, porque os convenios de ano en ano son unha distorsión para ese esforzo.

As emendas dos outros grupos, porque para iso é este turno, ¿non? Entón, imos intentar cumprilo; moi rapidamente. Con carácter xeral, nós imos apoiar as emendas dos outros grupos porque van nun sentido parecido. Só en catro casos, creo lembrarme, imos pedir unha votación por separado das emendas ben do BNG ou ben de En Marea; basicamente polo que ten que ver cos concertos educativos.

Nós cremos que os concertos educativos hai que revisalos; e hai que revisalos cun criterio de necesidade e de eficacia. Só alí onde cobren unha demanda que non pode ser satisfeita por medios públicos, e presentan uns resultados aceptables, os concertos deben seguir adiante. Pero tamén somos coñecedores de que os pactos hai que afrontalos, en fin, por dereito. Por tanto, alí onde existen concertos educativos en marcha, non cremos que se poidan detraer recursos porque a curto prazo iso significaría un problema para os alumnos que acoden a estes centros. Por tanto, por responsabilidade, non imos votar a favor desas emendas.

E, por certo, ¿aumentaron os concertos educativos no Goberno bipartito? Vostede sabe, coma min, que esa foi unha das últimas decisións do Goberno Fraga unha vez que as eleccións xa estaban celebradas. Un goberno que nos seus últimos días de mandato o que fixo foi prorrogar por cinco anos os concertos que estaban en marcha, por iso aumentaron os concertos educativos nese momento (*Aplausos.*)

Non todo está mal, por suposto; non toda a súa política é equivocada, por suposto. Pero temos que ser capaces de facer moito máis, e teñen que mostrar unha maior sensibilidade de carácter social. Hoxe repasaba moi rapidamente os xornais económicos mentres se producía este debate, e había dúas noticias —unha de un e outra de outro— que chamaban a atención, pero en conxunto dan unha idea do que teñen vostedes que cambiar.

Unha noticia dicía que o Goberno do Partido Popular en Madrid, o Goberno do señor Rajoy, estaba estudando como paralizar no Congreso dos Deputados a proposta de renda de inserción social mínima que, impulsada polos sindicatos, foi apoiada polos grupos da oposición. A segunda noticia preguntábase —eu non sei se con ironía ou non, non me deu tempo a ler o corpo do noticia— se Arsenio Fernández de Mesa ía ser o próximo presidente de Red Eléctrica Española. Ambos casos son suficientemente significativos dunha forma de facer política que teñen que modificar, e que, efectivamente, tamén proxecta unha sombra sobre o que están facendo vostedes en Galicia nalgúns aspectos.

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Arsenio Fernández de Mesa pode ser o que queira mentres governe o PP, xa o ten demostrado. Tamén era o amigo de Manuel Cruz, que foi o que lle presentou ao señor Feijóo a Marcial Dorado. Non eran amigos desde a infancia, coñecéronse xa cando o señor Feijóo era alto cargo do Sergas. Por iso era amigo do señor Dorado, evidentemente, se non o señor Dorado non o tiña como amigo. Hai moito escrito sobre iso.

Señor Puy, non sabía que vostede lideraba o Partido Popular de Galicia. Vostede queixouse de que non viñera aquí falar quen lidera En Marea, o señor Villares. ¿E veu aquí o que lidera o Partido Popular de Galicia, señor Puy? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡É o señor Puy o líder!

Por outra banda, non sei eu se manda tanto no Parlamento. ¿Vostede manda tanto no Parlamento que quere designar quen intervén de En Marea cada vez? Non me vou reiterar, pero vostede xa enfriou dous anos a Comisión de Investigación das Caixas *porque yo lo valgo*. Daquela, vostede tamén ten dereito a dicir quen fala e quen non. Moi ben, señor Puy. (*Aplausos.*) Debe ser que non tiña moito máis interesante que contar.

Iso si, volveu reiterar o que xa levamos escoitado moitas veces: que vostedes gañaron as eleccións. Moi ben, ninguén o nega, pero iso está demostrado que por si só non soluciona os problemas da xente. E vostede saca a conclusión de que, como vostedes gañaron, eses problemas xa desapareceron.

É evidente que vostedes, cando se moven nos desafiuzamentos, cando se moven na pobreza enerxética, cando se moven na exclusión social, é por medo ao desgaste electoral. Pero como vostede ben dixo aquí: non queremos cuestionar este patrón de crecemento. Acábao de dicir. Pero é que nós cuestionamos este patrón de crecemento, señor Puy. Porque este patrón de crecemento xera desigualdade; xera pobreza; xera que haxa 2.400 desafiuzamentos anuais en Galiza; xera que sexamos a segunda comunidade autónoma do Estado con máis pobreza enerxética nunha comunidade autónoma que exporta 1 de cada 3 megavatios dos que produce, ¿verdade?

O 14,5 % dos fogares deste país que sofren pobreza enerxética, señor Puy, ¿cantos son? Non son 100, non son 500, ¿verdade? Hai moita xente que destina moito máis do 10 % dos seus ingresos a pagar a factura da luz, segundo a definición, ¿verdade? E hai moita xente que non pode quentarse por iso. E, aínda por riba, escoitamos o señor Puy dicir que as nosas emendas non as podían aprobar porque deixaban tirada á xente.

Si, señor, ¡claro que si! ¡Claro que deixan tirada á xente! O mesmo que deixaron vostedes tirada a toda esa xente que se foi das casas, ¿verdade? O mesmo que deixaron tirada a toda esa xente... Non ría, ¡non ría que o conto é moi serio, señor Puy! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, si, a toda esa xente que non pode pagar a factura da luz, a toda esa xente que tivo que emigrar porque non ten expectativas laborais aquí e non é amiga do señor Baltar ou do Partido Popular para que a coloquen, como fan vostedes, ou como o señor Arsenio Fernández de Mesa.

¿A esa xente non a deixaron tirada, señor Puy, mentres se rescataron os bancos e a xente era desafiuzada, mentres aquí se gastaron 9.000 millóns de diñeiro público en sanear as caixas de aforros para que vostedes llas regalaran a un señor venezolano? ¿Non se deixou tirada á xente? ¿Este modelo non deixa tirada á xente, señor Puy?

Claro, déixase tirada á xente porque lles recortamos os concertos educativos cos colexios privados. Iso non se toca, ¡é evidente! Vostedes non o tocaron. Pero vostedes, mentres non se tocaban os concertos, recortaron na educación pública. ¡Iso si que o soporta todo!, ¿verdade? Iso soporta eses recortes e máis. É cuestión de prioridades, ¡claro que si! Deixar tirada á xente dos concertos, si, pero toda a xente á que se lle recortaron dereitos no ensino ou na sanidade pública, ou nas axudas á dependencia, como xa lle dixen, son casos reais. E pasar de cobrar 400 euros a cobrar menos de 200 unha persoa con dependencia total, ¿vostede cre que iso non é deixar tirada á xente? E é o que levan facendo en orzamentos sucesivos vostedes, señor Puy, e o que volven facer con este.

Entón, ¡claro!, tivo que explicar o inexplicable. O señor Puy é un señor moi intelixente, moi ben formado, pero explicar que non se acepta nin unha das mil e pico emendas que se presentan da oposición porque somos moi malos na técnica orzamentaria, é moi dificilmente crible, señor Puy, ¡moi dificilmente crible! (*Aplausos.*) ¡É inxustificable, claro!

Falaba tamén do de Sada; isto foi en marzo de 2016. Non sei que fixo o Partido Popular ou a Xunta de Galicia ao respecto, o que si sei é o que fixo o Partido Popular nos anos anteriores en Sada: xerar o problema e, aínda por riba, no plan de inundacións deixala fóra e non presentar alegacións porque quedou fóra do Plan de inundacións. Nós xa presentamos unha iniciativa para que se inclúa.

Iso foi o que fixo o Partido Popular, e agora hai que resolver os problemas. E vostede di: ¡Es que no hay proxecto! Reuníronse en novembro coa conselleira, ¿non houbo tempo de facer un proxecto e de dialogar? Non, porque non é un goberno do Partido Popular, nin máis nin menos. ¡Non veña con escusas, que hai perfectamente tempo para solucionar ese problema!

O centro para atención de persoas con diversidade funcional de Ourense, infradotado nestes orzamentos. ¡Ata o seu alcalde apoia esta iniciativa, e vostedes non a van apoiar aquí! Hai unanimidade en Ourense para pedir dotación orzamentaria para ese centro, e vostedes non a van apoiar. Non falemos máis de Ourense. Evidentemente, claro, o dos orzamentos en Ourense tamén é de escándalo.

Despois falaba tamén dos ingresos e dos impostos. Mire, vostedes o que fixeron durante estes anos é agravar a desigualdade que se provoca coa perda do peso dos salarios fronte aos beneficios empresariais. Xa hai unha primeira diferenza, que é que cada vez os salarios pesan menos. A xente cobra menos, á xente sóbenselle servizos básicos como a alimentación, como a electricidade, como o saneamento, etcétera, e segundo vostede estamos ben porque a taxa de pobreza é máis baixa en Galicia, e algo terá que ver o imposto autonómico sobre iso.

Non, mire, señor Puy, ¡non intente enganar! O que ten que ver con que as taxas de pobreza de Galicia sexan menores que a media do Estado é o maior peso das pensións. E, que saiba eu, vostedes non pagan todas as pensións neste país, ¿verdade, señor Puy? É a única explicación, ¡é a única explicación! Pero iso non explica esa taxa que se mide en función da media dos ingresos de todos os galegos e galegas; que, por certo, baixaron, e iso tamén axuda a que non haxa tanta taxa de pobreza.

O que explica iso é, simplemente, o maior peso das pensións porque temos unha poboación máis envellecida, nin máis nin menos. Pero iso non é óbice para que toda esa xente que segue cobrando igual ou menos, ou que está en desemprego, teña que pagar un 17 % máis en sanidade, un 20 % máis no ensino, un 31 % máis en subministracións básicas como o gas e a electricidade. E iso non se mide pola taxa de pobreza, ¿entende? Ou, se non, explíqueme a min como se fan as contas.

Claro, despois tamén criticaba as nosas propostas de ingresos. Claro que había algún ingreso que ía ser estatal e entón non tiña sentido. A vostedes sempre se lles adiantan, ¿por que non puxeron vostedes o imposto sobre os depósitos bancarios antes de que o puxese o Estado, por exemplo? ¿Por que non queren poñer imposto ás vivendas baleiras dos grandes posuidores? ¿Por que nunca quixeron poñer o imposto de grandes superficies? Porque é evidente que na fiscalidade hai ideoloxía, e vostedes privilexian a uns para castigar a outros. E o que subiu aquí —e sábeo todo o mundo en Galicia— son os impostos que afectan á xente de abaixo, son os impostos que afectan á vida diaria de moita xente.

Sobre un diagnóstico, dixo: se non temos un diagnóstico común, malamente imos poñerlle as solucións. ¡Claro que temos un diagnóstico moi diferente! Vostede veu aquí dicir que todo vai ben, e que non hai que mudar estas políticas. Nós discrepamos. Nós cremos que para algúns vai ben, algúns xa están recuperados da...

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...chamada crise, e hai outros que seguen moi mal, e puxemos datos. Puxemos datos de desafiuzamentos, puxemos datos de pobreza, puxemos datos de pobreza enerxética. Para esa xente vai mal. Puxemos datos de emigración. Por primeira vez en moitisimos anos, neste país houbo tres consecutivos de saldo migratorio negativo; é dicir, vaise máis xente da que entra. ¿Iso é síntoma, señor Puy, dunha economía que funciona? ¿É síntoma dun país onde hai oportunidades se a xente se vai e a xente non vén? ¿Se dende o ano 2008 temos 200.000 persoas menos de entre 16 e 35 anos; 200.000 mozos menos neste país? E non todo se explica pola baixa natalidade, explícase porque moita desa xente está fóra. Aínda hoxe había unha noticia de que Galicia era a que lideraba a emigración de xente con licenciaturas. E segundo vostede todo vai ben. ¿Por que se van? ¿Porque teñen máis espírito aventureiro, como dixo esa ministra —e non dimitiu, e non pasou nada—? ¿Ou é porque en Galicia vostedes non teñen proxecto de país, porque non desenvolveron o medio rural, porque se negaron a desenvolver o sector das renovables, porque fracasaron nos seus intentos de políticas industriais, etcétera, e a xente non ten onde traballar ou os salarios non lle dan para vivir? Eu creo que é isto segundo.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Vostedes gañaron as eleccións e, polo tanto, todo vai ben.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

Grupo Parlamentario Popular, señor Puy.

O señor PUY FRAGA: Moitas grazas, señor presidente.

Hai unha anécdota parlamentaria dun personaxe que era complexo, Alan Greenspan, que chegou ao Parlamento e dixo: «vou falar claro, así que o máis probable é que non me entendan». Eu síntome algo parecido, porque dixen claramente que estamos saíndo da crise, superada a recesión. E do que estamos a falar é de conseguir —e estes orzamentos contribúen a iso notablemente— que a xente á que a crise deixou tirada poida volver saír adiante, e os estados de gastos reforzan esa tese. Simplemente lles recordo que estamos gastando moito máis, e agora dareilles algunhas cifras en materia social.

Señor Sánchez, evidentemente, como vostede comprenderá, o último que me preocupa a min nesta vida é quen é o líder das Mareas ou se son corais ou non son corais. O único que fixen foi constatar un dato. Neste debate interveñen sempre os portavoces dos grupos par-

lamentarios. A min chamoume a atención que o principal grupo da oposición o destinara a vostede, que o fai moi ben. Por iso non necesita agora falar, porque xa o fixo moi ben.

Incluso estou case seguro —e non mo tome a mal, senón como un eloxio ao noso común amigo, o señor Villares— de que o señor Villares incluso o faría un pouquiño mellor que vostede. Pero o feito é o feito. Aquí hoxe non falou o portavoz parlamentario das mareas, e non quero dicir nada máis porque xa sabe vostede que ese tema é complicado. Eu, desde logo, vouno respectar sempre a vostede, porque sabe que o fago. É máis, voulle dicir algo: a min vostede sorprendeume moi favorablemente a primeira vez que falou na Comisión 3ª de Economía, cando o chamaron a correr porque tampouco viñera o señor Beiras. Pero, dito isto, eu non vou engadir nada máis que o feito de que hoxe falou vostede e non o líder dos grupos, cousa que foi o que fixemos os demais grupos.

Lonxe da perfección, eu non dixen en ningún momento —non o dixen— que estes orzamentos fosen perfectos. Dixen que as emendas non as podíamos aceptar e que con esas emendas non se melloraban estes orzamentos, o cal non quere dicir que sexan perfectos.

Sobre o tema impositivo. O feito é que hoxe estes orzamentos teñen unhas tarifas fiscais que son máis progresivas que as que había cando gobernaba a esquerda. O imposto de patrimonio é máis alto que cando gobernaba a esquerda. O imposto sobre a renda é máis baixo para as persoas que menos renda teñen que cando gobernaba a esquerda. Entón, claro, eu comprendo que a vostedes lles custe isto e que veñan con emendas que son moi chamativas. Pero ¿que queren que lles diga?

En Galicia temos o imposto que grava o patrimonio, é dicir, as grandes fortunas, dos máis altos de España; pactado co Partido Socialista, semellante ao que hai en Andalucía. E asumímolo tendo en conta todas as dificultades técnicas que ten un imposto como o de patrimonio —xa hai persoas que están practicando isto de marchar porque hai outras comunidades que o teñen a cero—, e compartimos iso porque sabemos que estamos nunha situación en que os que máis teñen teñen que facer un esforzo especial.

Pero claro, vir falar de salarios o señor Sánchez, dicir que o problema son os salarios, e traer como proposta subir o imposto sobre a renda, non deixa de ser curioso. ¿Vostede sabe sobre quen cae o imposto sobre a renda? Grava os salarios; máis dun 85 % son rendas do traballo. E vostede, como soben pouco, cousa que nos últimos anos está mellorando en Galicia, por certo, a través das cifras que vamos coñecendo, que están participando máis no produto que o que o facía antes, no peor momento da crise, e van gañando máis conforme o emprego vai crecendo e vai entrando xente no mercado laboral, vostede vén e trae como solución, para que suban os salarios, subir o imposto sobre a renda. Ao mellor ten que facer como dixo a señora Pontón e mirar un pouco como vai o imposto da renda, como afecta ao mercado de traballo e como afecta aos salarios; porque, se esa é a solución, cando menos é contraditoria.

Vostedes trouxeron emendas para subirlle o tramo do IRPF a todo o mundo, ata aos que gañaban máis de 12.000 euros, que son os tramos máis baixos da renda. Entón, consecuentemente, perdoe, pero así non se arreglan as cousas. Por iso nós non podemos aceptar esas emendas.

Á señora Pontón eu expliqueille por que non podemos aceptar algunhas emendas. Eu non podo aceptar unha emenda para facer algo, por moi loable que sexa, se vostede me deixa a unha consellería sen gastos que está a facer. Comprenderá que eu non podo aceptar esa emenda, porque dicilo é gratis, pero despois hai que executar o orzamento. Eu non podo aceptar ese tipo de emendas.

Pero o que non vale é inverter os termos do debate. Eu defendo un orzamento que trouxo o Goberno, e vostede tenme que dicir, se quere cambiar o gasto, cales son as súas prioridades e de onde saca os cartos. O que non vale dicir é: saco cartos para facer unha obra e quítollos á transferencia que fai a consellería á axencia que executa outra obra, sen dicir que outra obra quita vostede. ¡Esa é a trampa! E agora di que son eu o que ten que dicir de onde saco os cartos que vostede necesita para facer non sei que obras.

Non, é vostede, ese é o xogo. Eu teño un orzamento, eu teño uns compromisos de gasto, eu teño unhas obras en marcha, e vostede dime que saque cartos desas obras, pero non me di de cales, para facer outras. ¡Home!, a trampa faina vostede, é así. ¡Home! (*Aplausos.*)

En Vigo o Partido Popular presentou 60 emendas, non lle aceptaron ningunha. Aquí aceptamos unha, e os que saben matemáticas saben que 1 partido por cero dá infinito. Eu alégrome ter aceptado polo menos unha, porque iso significa que somos infinitamente máis xenerosos na aceptación de emendas que o alcalde de Vigo. Porque ser igual sería preocupante, polo menos nesta cuestión.

O tema de Ourense é relevante, porque eu creo que todos os grupos que estamos nesta Cámara sabemos que en Ourense o que impide que se aproben os orzamentos, e en boa medida está bloqueando a cidade, é a existencia dun grupo que eu supoño que ninguén dirá que emprego mal a palabra se digo que é populista. E fronte a un grupo populista que bloquea a quen tivo máis votos nas eleccións, ¿cal é a colaboración da oposición? ¡A min gustaríame sabelo!

Se estamos de acordo en que hai que aprobar os orzamentos para que a cidade avance, e en Ourense hai un grupo que todos tachamos de populista, e a proba é que vostedes non queren formar unha coalición para desprazar o partido máis votado porque non queren unirse ao grupo populista, díganme vostedes onde está a responsabilidade da oposición en Ourense.

Esta reflexión creo que é interesante, e ao mellor vostede pode falar cos seus compañeiros de Ourense e dicirlles: ¡Home!, aquí ao final quen está gobernando é quen quere que haxa un caos na cidade de Ourense, que é un grupo que paradoxalmente —dime de que presumes e direiche de que careces— se chama Democracia Ourenzá. (*Aplausos.*)

Din que non deixan tirada a xente. O xogo de emendas é: eu saco os cartos dunha cousa para facer unha cousa que considero máis prioritaria. Vostedes sacan os cartos dos concertos da concertada na educación e non din que vai pasar cos 80.000 alumnos que están na concertada. ¿E din que non deixan á xente tirada? ¿Pero de que estamos a falar? ¿Onde está a responsabilidade?

Eu entendo, aínda que non comparto, que vostedes non queiran que se paguen concertos educativos, concertos que agora, polo visto, son culpa de Fraga, pero que despois de catro anos seguían igual ou máis. É dicir, entón Fraga non desacertou tanto se o Bipartito os mantivo. En todo caso, dito isto, ¿vostedes que pensan facer cos alumnos da concertada? ¿Que facemos con eles? ¿Onde os metemos? Se non din nada nas súas emendas, sacan os cartos dos concertos e propoñen moitas cousas moi interesantes... Eu non ataquei ningún dos obxectos que vostedes pretendían facer cos cartos, simplemente dixen que non se sabía de onde os sacaban.

E o mesmo podemos dicir da concertada na sanidade. Os concertos de sanidade están funcionando porque hai xente que vai aos hospitais que están concertados coa Xunta. ¿Que facemos con eles? Sacamos os cartos da concertada para rescatar o hospital de Vigo, que é un hospital público, evidentemente, aínda que construído por un sistema de financiamento público-privado. Rescatamos iso, ¿e a xente que ía aos hospitais concertados que facemos con ela? Iso é deixar á xente tirada, iso foi o que quixen dicir.

Señora Pontón, a Comisión de igualdade aínda non comezou. De entrada, soben un 30 % os recursos contra a violencia de xénero como consecuencia dun acordo desta Cámara que non foi unánime —desgraciadamente—, porque houbo un grupo que se desmarcou.

En todo caso, señora Pontón, cando se fala destas cuestións de gasto social, eu xa sei que hai informes para todos. Hai un informe recentemente sobre os concellos, sobre o que se podía considerar que eran concellos que tiñan bos servizos sociais ou malos servizos sociais. Nós gobernamos en Galicia 2/3 partes dos concellos en números redondos, e este informe saca catro concellos que teñen servizos sociais pobres: un é do PP —é dicir, un 25 % cando gobernamos o 60 % dos concellos—, e os outros tres son outros que non goberna o PP, vouno deixar aí. Porque é certo que todas as cifras son cuestionables.

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando.

O señor PUY FRAGA: Señorías, eu teño aquí algúns datos de como evolucionou o gasto en relación coa media española, que viviu España toda a mesma crise. Galicia, na media de gasto sanitario por habitante, no ano 2004 gastaba 105; no ano 2009, 103 e no ano 2013, 106. Con respecto á media, nós incrementamos o gasto sanitario en relación coas restantes comunidades autónomas.

Gasto educativo per cápita: 2004, 93; 2009, 99; 2013, 99. Perdoen, pero é que as cifras non falan do que vostedes din, de que estamos a destruír moitas cuestións.

Señor Leiceaga, eu agradézolle moito o seu ton. Certamente, as taxas son substituídas polo Plan de financiamento, e certamente nós cremos que é mellor financiar os estudos universitarios en Galicia a través dun financiamento público, a custa dos impostos de todos os cidadáns, que subindo máis as taxas...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PUY FRAGA: ...mantendo as bolsas estables.

Finalmente, quixera dicir que nós imos votar estes orzamentos non porque sexan perfectos, non porque sexan os mellores do mundo. Certamente non puideron ser mellorados coas emendas que se nos presentaron, pero cremos que son os apropiados para Galicia. Son —como dixen ao remate da miña intervención anterior— expansivos, redistributivos, prudentes, responsables, e por iso eu quero felicitar a consellería e agradecerlles a todos os grupos a súa colaboración.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Puy.

Debate do articulado

O señor PRESIDENTE: Pasamos agora ao debate do articulado.

En primeiro lugar, rolda dos grupos para explicar a súa posición sobre o ditame da comisión e, se é o caso, defender as emendas mantidas.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Bo día a todos e a todas.

Desde o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego diciamos no pasado pleno de orzamentos que este non era só un debate de números, senón de decisións políticas; de decisións sobre a ferramenta máis poderosa que temos para cambiar, nun sentido ou noutro, a vida dos galegos e galegas e alicerzar un futuro de dignidade para o noso país.

O propio articulado que debatemos hoxe enmárcase neste mesmo marco e vai precedido el mesmo dunha exposición de motivos, onde o Goberno galego explica un pouco as motivacións dos orzamentos, e, sinceramente, xa nin sequera nesa parte, nesa introdución, podemos concordar, porque reflicte que estes orzamentos están fundamentados nunha análise irreal do momento histórico que estamos a vivir e porque está fundamentada nunha lectura que se fai pensando nas elites e non nas maiorías.

Nesa exposición de motivos dise literalmente, e repetiuse no debate que escomezamos de novo esta mañá, que foi posible o cambio de tendencia e que se reconduciu a situación da crise. Ou sexa, continuamos con iso. Eu pregúntome se en serio pode o Goberno galego mirar á cara das persoas, dos 375.000 fogares galegos que non ingresan nin tan sequera un salario mínimo interprofesional ao mes, e dicirlles que xa non hai crise, que está todo arranxado. Sinceramente, non o entendo.

Hoxe, neste mes de febreiro, os últimos datos que coñecemos de cotizacións á Seguridade Social indícanos que temos 13.000 cotizantes menos no noso país que cando se presentaron estes orzamentos que hoxe debatemos e finalizamos o seu trámite parlamentario: ¡13.000 menos!

¿Poden mirar, de verdade, a cada unha das 212.000 persoas que hai no desemprego neste país e dicirlles que esta crise está superada? Sinceramente, desde o Grupo Parlamentario do

Bloque Nacionalista Galego, non compartimos esta lectura do contexto e non compartimos a superioridade do Partido Popular, como se explicou hai un anaco.

Desde logo, non por máis repetirnos que grazas ás súas políticas de austeridade se acabou a crise, iso se vai converter en realidade. E non por moito repetir que se prioriza o gasto social, iso se vai converter en realidade, e este articulado dá proba de que iso non é así; pois ten tamén no seu haber posibilidades para blindalos e así decidiron non facelo.

Entendemos, pois, que estes orzamentos e o articulado que o introduce están nas antípodas do que precisaría este país, por iso puxemos alternativas sobre a mesa na primeira parte do debate e tamén para esta parte en concreto, como sintetizou antes a compañeira Ana Pontón.

Neste mesmo sentido, presentamos 33 emendas ao articulado da lei na mesma liña, para visualizar que é posíbel unha alternativa política á economía que nos presenta o Partido Popular, e demostrar que é posíbel defender de forma radical os servizos públicos básicos.

Por iso presentamos unha batería de emendas a todo o articulado, por considerar que é cómplice duns orzamentos contrarios ao que precisa a xente deste país e deste noso pobo.

Dedicarei a miña intervención a salientar, destas 33, as que consideramos máis importantes e de máis fondo político.

Entón, en primeiro lugar, entendemos que neste articulado se perde unha oportunidade de ouro para traballar pola blindaxe dos servizos públicos, que debera ser unha liña incuestionable para o grupo de goberno.

Defendemos propostas para non dar nin un paso atrás nas conquistas que as xeracións anteriores conseguiron para os dereitos dos traballadores e traballadoras e que este articulado non ampara como debera. Por iso, por exemplo, a nosa emenda número 3 vai dirixida a que de ningunha maneira se poidan realizar cambios nestes orzamentos para facilitar a consecución do equilibrio económico-financeiro que acaben significando recortar neses servizos básicos que nós consideramos imprescindibles, que, polo tanto, deberan ser intocables e que contribúen a sustentar ese Estado de benestar tan en cuestión no noso país.

Nós con esta emenda pretendemos blindar o gasto dedicado a estes servizos básicos, que xa temos sinalado como absolutamente insuficientes. Presentamos tanto nas emendas á totalidade transversais, como nas parciais, emendas dedicadas a incrementar o gasto neste sentido. Vostedes acompañaron estes orzamentos dunha estratexia publicitaria moi boa, anunciando grandes investimentos en sanidade e ensino nomeadamente e que só medraron un 2,8 % e un 2,9 % respectivamente, un incremento similar á media. Polo tanto, xa deixamos cumprida conta de que para nós iso non é priorizar o gasto en sanidade nin no ensino e que, polo tanto, se xa xulgamos que non eran suficientes, pois moito menos podemos estar conformes cun articulado que ampararía a súa redución en aras do equilibrio financeiro.

Por iso salientamos a importancia que para nós ten esta emenda número 3 ao artigo número 9, de adecuación de créditos, e permítanme que engada que isto ten aínda máis sen-

tido tendo en conta como se marcou o teito de gasto destes orzamentos, que xa criticamos nas nosas emendas á totalidade e que nos tería permitido ampliar un bocado o teito de gasto se este goberno non tivera tanta prása e se este goberno non fora máis papista que o papa e aceptase ese primeiro límite orzamentario que se prevía para as comunidades autónomas.

En definitiva, un cúmulo de decisións políticas que xa temos avaliado, que para nós reflicte pouca ambición de país e pouca vontade de defender elementos fundamentais para a calidade de vida da nosa xente. Por iso pedímoslles que dean un xiro e que acepten esta emenda e así impidan que as políticas de recortes para o control de déficit volvan cebarse con cuestións tan imprescindibles para conseguir a igualdade social como a sanidade ou o ensino.

Tamén, en segundo lugar, me gustaría salienta a nosa emenda número 22, de adición para o artigo 45 bis, referida aos contratos de colaboración público-privada e de concesión de obra pública, outra cuestión fundamental se queremos efectivamente blindar neste articulado eses servizos básicos. Con esta emenda, o que queremos é impedir que o recurso á colaboración público-privada sirva, continúe a servir para entregar servizos e infraestruturas públicas a mans privadas, hipotecando así tanto a Facenda galega con decisións económicas e políticas que non só son para este mandato senón para os vindeiros, hipotecando así as posibilidades de manobra que teremos as xeracións políticas futuras cando consigamos desprazalos do goberno.

Con esta emenda, damos entrada a corrixir unha cuestión que nos preocupa a nós, e non só, pois, como ben saben, o propio Tribunal de Contas tense manifestado de forma crítica respecto do recurso abusivo a este mecanismo, a este tipo de colaboracións público-privadas, tanto por incrementar o endebedamento non financeiro como pola incerteza que xera en canto á sustentabilidade futura das finanzas públicas; unha preocupación que o Goberno galego di ter na xustificación dos orzamentos, pero que despois non actúa en consecuencia. Por iso, para evitalo, como xa dicía, desde o BNG propoñemos que na vixencia desta lei non se poida recorrer a este mecanismo para financiar servizos elementais.

Ademais, incluimos unha proposta concreta para que en ningún caso o canon satisfeito para o concesionario supere o custo financeiro do que lle tería custado á Administración esa infraestrutura no caso de asumir ela propia o financiamento de forma directa.

Queremos así que non se faga negocio a través de infraestruturas públicas e ter que seguir lamentando nesta Cámara casos como o do Hospital de Vigo, que nos ía custar 450 millóns e que xa levamos máis de 1.000 e que xa neste propio orzamento para 2017 se prevén case 42 millóns para ese destino. E quero lembrar xa neste punto que tamén a Xunta ten asumido compromisos de gasto por mor deste tipo de colaboracións que ascenden a máis de 2.857 millóns de euros até 2040, dos que 135 nos corresponden a este ano que xa iniciamos.

Está ben tamén que no informe económico se diga que non está previsto recorrer a este tipo de financiamento máis, pero, desde logo, se no propio articulado non hai unha expresión dunha vontade máis firme, pois permítannos que o poñamos en dúbida.

Tamén no marco desta filosofía que veño de describir presentamos outras emendas complementarias destinadas a salvagardar o puramente público.

Por exemplo, falando de ensino, na nosa emenda 23 pretendemos poñer límite aos concertos da Xunta e que non se poida aumentar en ningún caso o número de unidades concertadas nos centros educativos que xa temos no noso país. Neste punto ao que me estou referindo, o ensino, que parei a introducir algunhas das cuestións das moitas emendas que presentamos referidas aos traballadores e traballadoras públicas, hai elementos concretos deste articulado que son a clara mostra de que hai nula vontade tamén de restituír todos os seus dereitos malia a propaganda que se está facendo da paga extra. Por iso nós, por exemplo, no artigo 29, ao que nós presentamos a emenda número 18, queremos suprimir ese apartado que introduce o Goberno galego para facilitar a contratación de profesorado interino a tempo parcial. Nós pensamos que iso é unha porta de atrás que usa a Xunta de Galiza para seguir precarizando a condición de novas persoas que acceden á función do ensino e non blindar así un servizo que debера ser básico e no que tanto profesionais como alumnado e pais e nais denuncian a insuficiencia de horas, o exceso das ratios, e, desde logo, reducir as xornadas pois é un mal camiño.

Nós entendemos que os servizos públicos non se sosteñen con nomealos, senón que hai que dotalos de recursos, e que un dos máis valiosos é o persoal que o compón. Está moi ben felicitalos nesta Cámara, nós tamén os felicitamos, pero entendemos que queda moito por facer. Por iso presentamos varias emendas de cara a restituír os seus dereitos económicos e de cara a incrementar, por exemplo, no global do 3 % respecto das retribucións vixentes en decembro de 2016, ou cuestións como dotar dun fondo de acción social por valor do 1 % da masa salarial do capítulo I, ou apostar por restituír o volume de traballadores e traballadoras públicas previos á crise e superar a taxa da reposición do cento por cen naqueles servizos que nós consideramos que son elementais.

Doutra banda, varias das nosas emendas dan resposta ás inxedanzas sociais que entendemos que existen respecto da corrupción, que segue tendo uns niveis moi altos no noso país. Complementáanse con outras propostas tamén das emendas á sección 6 que xa foron desbotadas. E, por exemplo, gustaríame salientar a creación da Oficina de Control Orzamentario, novamente rexeitada polo Partido Popular, e moitas delas encamiñadas a alixeirar os prazos que temos de información neste propio Parlamento.

Falabamos no punto anterior do rodillo do Partido Popular, desa regra xa instaurada no funcionamento deste Parlamento, desde a chegada do señor Núñez Feijóo ao Goberno, pero, como en todo, en toda regra hai unha excepción. Entón, neste articulado ao BNG congratúlanos ser os únicos merecedores de que o Goberno do Partido Popular acepte unha emenda; entón, voume deter a explicala un pouco; unha emenda que nós agradecemos, non sei case se citar a Lina Morgan e emocionada e agradecida, xa que este Parlamento parece moitas veces un espectáculo máis propio de *Cine de Barrio* que unha ferramenta de control democrático.

Entón, a emenda que nos acepta o Partido Popular en pleno século XXI supón reducir un trámite de información á Comisión 3ª deste Parlamento de trinta días a quince. Nós estamos contentas e felices de que acepten esta emenda, pero, desde logo, tamén entendemos que

hai moitas outras que tampouco sería nada doutro mundo aceptar, como a emenda número 28, que tamén pretende reducir un prazo de trimestral a mensual e algo tan disparatado en pleno século XXI como fornecer información en soporte dixital para que os grupos da oposición poidamos traballar nese control ao Goberno.

Finalmente...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Dous minutos.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...—si, señor presidente— por ir avanzando, como noutros anos, a diferenza dos demais grupos parlamentarios, nós incluimos todas as nosas propostas en materia fiscal nas emendas á Lei de medidas fiscais e administrativas. Xa foron algunhas avanzadas nesta Cámara no pasado debate e na quenda de posición respecto dos demais grupos centrareime un pouco nas cuestións de ámbito fiscal e administrativo que propoñemos, aínda que algunhas xa foron saíndo no debate anterior.

Entón, basicamente estas emendas que presentamos ao articulado veñen facendo unha aposta rigorosa por blindar o gasto dos servizos básicos e dotalos de recursos humanos. Complementábase tamén con cuestións referidas ás corporacións locais e afondar nunha maior transparencia e coas nosas emendas tamén ao artigo número 2, que propoñen modificar esas cantidades consignadas nos estados de gastos e de ingresos, para deixar claro o que a compañeira Pontón indicaba no primeiro punto: que é posible outro modelo político e outras políticas.

Para nós —xa o dixemos— estes orzamentos son unha mera cortina de fume que por detrás agocha un goberno que se limita a aceptar a política austericida que lle vén imposta tamén desde o Estado central, o repregamento do autogoberno e que carecen de ningún tipo de ambición para escribir un futuro diferente.

Despois, na seguinte quenda, referireime máis devagar ás propostas que facemos en materia fiscal.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Presas.

Por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas, para fixar a súa posición sobre o ditame e defender as súas emendas, ten a palabra o señor Losada Álvarez.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Bos días. Grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados, señor conselleiro de Facenda.

Quero empezar cun dato de carácter cuantitativo, logo pasarei ao cualitativo. Efectivamente, o Partido Popular ten 41 deputados, unha maioría nesta Cámara, o Goberno de Galicia e 676.676 votos, 47,53 %; é dicir, hai un 53 % dos cidadáns desta comunidade autónoma que

non os votaron a vostedes e que teñen todo o dereito a sentirse representados nos orzamentos que se aproban nesta Cámara. Non vale o argumento dos 41 deputados, porque, efectivamente —insisto—, nin sequera acadan o 50 % dos votos. Pero, en fin, supoño que o dato o saben, pero convén refrescalo de vez en cando.

Pasamos ao cualitativo. Hoxe avanzamos un pouco, señor conselleiro. Vostede falaba de modelos de xestión e o instituto de empresa quedou superado hoxe e o señor Puy deu un salto e xa non falou de xestión, falou de filosofía. A verdade é que a incapacidade ontolóxica da dereita para falar de ideoloxía a min tenme absolutamente fascinado; ou sexa, veñen aquí facer filosofía, facer xestión. Non, non, non veñen facer nada diso. Os orzamentos son ideoloxía política. Se se avergonzan da súa, se teñen problemas de conciencia, se teñen problemas dalgún outro tipo, solucióneno, pero non intenten enganar os cidadáns, porque a filosofía —e vou ler exactamente o que significa segundo o Dicionario da Real Academia— é un «conxunto de saberes que busca establecer, de maneira racional,» —véxase Arsenio Fernández de Mesa— «os principios máis xerais que organizan e orientan o coñecemento» —sígase vendo— «da realidade, así como o sentido do obrar humano».

Señor Puy, non falamos de filosofía aquí. En fin, está facendo algunha referencia ao marco analítico xeral, que pasou da xestión á filosofía. Eu espero que na intervención do voceiro neste punto da orde do día acaben na ideoloxía.

O Grupo Socialista presentou 48 emendas, con pouco éxito. Non nos aceptaron ningunha. A verdade é que me sentín discriminado en relación co BNG. Tiveron a inmensa sorte de que lle aceptaran unha emenda. De feito, necesitei apoio emocional certamente. Vounas —digamos— reflectir en grupos, que teñen que ver con distintas cuestións.

A primeira ten que ver cos temas de transparencia e bo goberno. As emendas 2, 8, 9, 10 e 11, sobre a necesidade de que as entidades instrumentais dean conta ao Parlamento, sobre a necesidade de fundamentar as modificacións orzamentarias e para que non pase iso de que os fondos do ticket eléctrico acaben financiando un estudo pagado pola Xunta sobre o impacto da propia publicidade da Xunta non se sabe moi ben en quen, supoño que no mercado electoral, supoño que, no fondo, no mercado electoral, porque, desde logo, a este humilde deputado outra alternativa —digamos— de obxectivo de investigación non lle quedou clara, pero tamén é posible que sexa un defecto do deputado. A 9 e a 10 teñen que ver coa xestión dos fondos europeos, que teñen uns niveis de execución moi baixos; eu sempre falei aquí, e sobre todo na Comisión 6ª, da necesidade de ter paciencia; calquera programa europeo no momento cero é como o Big Ben; efectivamente, ten o 0 % executado, pero o malo é cando se vai acercando o momento de peche deses fondos europeos e a execución continúa no 20 %, 25 % ou 30 %. E, por último, a emenda número 11, que ten que ver con mecanismos de prevención da corrupción.

Outro bloque ten que ver coas prioridades de políticas sociais, as 3, 4, 5, 6 e 7. Nós tentamos mostrar, dentro desa iniciativa lexislativa plantexada no Congreso dos Deputados, un paquete único para loitar contra a exclusión social e contra a pobreza, en temas de enerxía, en temas de dependencia, en temas de gratuidade e libros de texto, en temas de bolsas, en temas tamén da Risga, efectivamente. A min claro que me satisfai, por unha parte, que au-

mente a partida da Risga, claro que si. E desexaría que a xestión fose mellor, pero quero recordarlles: a Risga é a manifestación do fracaso das políticas económicas, sociais e laborais deste goberno. Non sei o que pasa en Andalucía (*Aplausos.*), pero, desde logo, insisto: a Risga é o síntoma dun fracaso.

Outro bloque ten que ver cos servizos públicos en relación coas prioridades de política social, porque houbo unha intervención moi interesante do señor Puy —como case sempre— sobre os temas de fiscalidade e os copagos. Señor Puy, discrepamos, e supoño que é ideoloxía. Eu non quero que se pague polos libros de texto, ninguén, porque é a única maneira de garantir dereitos universais (*Aplausos.*). O que quero é que os ricos en renda de traballo, en rendas do capital ou en patrimonio paguen impostos progresivos para pagar os libros de todo o mundo. A ver se o entenden, que é bastante fácil. E se non, explique aquí —pode deixar á parte a ideoloxía e falar de xestión, en fin, o voceiro que lle toque, ou falar de filosofía— por que non queren esa alternativa, se realmente non é ideolóxico, ¡claro! Eu creo que é ideoloxía, e ademais estou moi orgulloso de que o sexa.

Servizos públicos esenciais: 12, 13 e 14. É necesario superar as taxas de reposición, sobre todo en sanidade e en educación, porque hai verdadeiros problemas en canto a sobre-*demanda*, especialmente en sanidade, que non se está satisfacendo de maneira axeitada. Aquí falamos xa das urxencias do Hospital Álvaro Cunqueiro, seguro que hai problemas loxísticos, seguro que hai problemas de moitos tipos, pero cando a Xunta de Persoal di que, onde antes había dez persoas de persoal sanitario nun determinado servizo ou nunha determinada sección e agora hai sete, pois indubidablemente a presión asistencial sobre esas sete persoas, por moito que traballen e por moito que se esforcen —que o fan—, dificulta e fai que a asistencia prestada sexa peor. Eu creo que é bastante fácil de entender.

Seguinte bloque: emendas 15, 16 e 17, recuperación do poder adquisitivo dos traballadores públicos. Efectivamente, de todos, menos daqueles que, como políticos, deberían de dar exemplo, que son o presidente, os altos cargos e os membros do consello de administración de determinadas entidades empresariais públicas. Cremos que é importante esa mostra en termos —digamos— exemplificadores de compromiso cunha situación económica, que a pesar deses datos de crecemento do PIB —que eu lle recoñezo, porque están publicados— do 3,4 %- 3,5 %, moita xente non se está vendo favorecida ou beneficiada dese nivel de crecemento do PIB.

No tema dos consellos de administración, a verdade é que estou vendo agora a fotografía do Consello de Administración do Consorcio da Zona Franca de Vigo, e hai un membro que teño verdadeiro interese tamén en saber en calidade de que forma parte del, e estou seguro de que o voceiro mo poderá dicir e, en fin, poderemos intercambiar algunha opinión; un membro relevante do Partido Popular ata que deixou de estar no Partido Popular.

Pasamos ás emendas en relación coa gobernanza económica: as emendas 22, 23, 24, 25, 26 e 27, que teñen que ver sobre todo con temas de transparencia, con temas de avaliación dos proxectos de investimento, cos expedientes de contratación maiores de 3.000 euros —que deberían de ser remitidos ao Parlamento—, os controis das concesións directas de axudas ás subvencións, as xustificacións desas axudas e as obrigas dos beneficiarios desas axudas.

Eu creo que é fundamental que os cidadáns saiban non só qué se concede, qué se convenia ou que hai unha subvención ou unha axuda, senón cal é o retorno público ou o retorno para o conxunto da sociedade desa axuda.

A emenda número 28 é a emenda na que limitamos a colaboración público-privada a servizos non esenciais. Polo tanto, sacamos estes sistemas de financiamento á sanidade e á educación.

Da mesma maneira, na 29 limitamos os concertos educativos. Cremos que están aí, son unha realidade, nun determinado momento axudaron a solucionar problemas de déficit de oferta no sistema educativo, pero pensamos que ten que ser o sistema educativo público o que ten que ir progresivamente satisfacendo as demandas crecentes que poidan existir en termos educativos.

A emenda número 30, sobre gastos de publicidade e propaganda. Eu creo que, se os moderaran, ao mellor non tiñan que facer investigacións sobre o efecto da mesma nos mercados electorais, e era un pequeno aforro.

Logo a emenda 31, sobre fondos non condicionados para a Administración local, que consideramos tamén relevantes.

A 33, 34 e 35 teñen que ver coa rapidez na publicación da liquidación dos orzamentos anteriores e dos niveis de execución dos orzamentos anteriores.

A 35 ten que ver cunha Oficina de Control Parlamentario, que podería ou debería de depender do Parlamento de Galicia, o que garantiría a súa independencia ou polo menos axudaría a garantila, tendo en conta a maioría do Partido Popular. Eu case sempre son partidario de maiorías cualificadas.

A 36, que ten que ver co chan industrial, un problema serio que se vive con especial intensidade no sur da comunidade autónoma e que non acaba de ter solucións —digamos— contundentes ou plantexar solucións contundentes dende o ámbito público galego. E a metáfora segue sendo a PLISAN; o burato segue alí, as aves migratorias seguen nidificando nel, ten quince metros de profundidade, é certo que se están facendo obras menores nos bordes da PLISAN, pero eu invito os deputados do Partido Popular a que dean un paseo entre Salvaterra e As Neves, e tendo en conta que, cando falamos disto na anterior lexislatura, o Goberno galego dixo que estaría practicamente en seis meses urbanizado; dende logo, hai moito máis de seis meses que falamos; insisto en que é unha viaxe politicamente interesante, non sei se é interesante en termos de filosofía e de xestión, pero en termos políticos, para ver o que é a incompetencia e a incapacidade dun goberno, eu creo que é paradigmático.

Tamén pedimos que se incrementen nun 5 % as prestacións extraordinarias para os beneficiarios de pensións e subsidios non contributivos.

Pedimos tamén que abandonemos o espellismo da informática, e isto non é un discurso fordista de destrozarmáquinas, non. Eu creo que en sanidade é moi importante a tecnoloxía, é

moi importante a informática, pero non pode ser que os maiores esforzos financeiros vaian aí e non vaian a gastos de persoal. E dino os propios médicos, non o di este deputado, que realmente non ten demasiado coñecemento do ámbito.

Tamén na emenda número 40, no Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais, defender os dereitos dos traballadores, suprimindo ese artigo.

Tamén na 41, suprimindo un artigo sobre recursos educativos complementarios, igual que na 42.

E, por último, as 43, 44, 45, 46, 47 e 48 son emendas á exposición de motivos, porque na nosa opinión a exposición de motivos recolle unha visión claramente optimista e desconectada da realidade, do que é este país neste momento actual. Efectivamente, os datos publicados —dicíao antes— están aí, un 3,5 % de crecemento do produto interior bruto, pero a situación do país e a situación dos cidadáns tamén está aí.

Non se fala practicamente nada do contexto internacional, non se fala nada en termos de demanda externa, non se fala nada da demanda interna. Estamos vendo como, dende que se debateu o orzamento e a toma en consideración, o IPC se disparou por un feito non sei se conxuntural ou estrutural, relacionado co prezo da enerxía, que fai que se perda poder adquisitivo por parte de salarios públicos, por parte de pensións públicas, etc. Polo tanto, isto eu entendo que terá algo que ver coa demanda interna do país e polo tanto algo que ver co comportamento do produto interior bruto.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Dous minutos, señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Grazas, señor presidente.

E vou rematar falando de emprego e de desigualdade, e vou rematar falando en relación co conxunto de España. Eu xa sei que Andalucía é unha especie de inferno de Dante, homoloxable perfectamente a Guinea Conakri, pero eu vou falar de Galicia e do conxunto de España.

E empezo falando de Galicia, dos datos do último ano, é dicir, cuarto trimestre de 2015 e cuarto trimestre de 2016. O número de ocupados no conxunto de España medrou un 2,3 %; no conxunto de Galicia, o 1,7 %; medrou menos: 2,3 é maior que 1,7. E o número de parados diminuíu no conxunto de España nun 11,3 % no último ano, e en Galicia, nun 8,3 %; diminuíu menos: 8,3 é menor que 11,3. Dígoo porque despois se vén aquí con datos, taxas e demais *souvenirs*. Pero volvo repetir: datos da EPA, que lle pode proporcionar sen ningún problema.

Non vou entrar en como eran os contratos firmados ao longo deste ano, cantos traballadores hai por debaixo do salario mínimo, en fin, todo isto que vostedes teñen lido nos medios de comunicación. Pero si quero acabar cun dato que tamén procede da EPA, e que é un dato que ten que ver cos fogares sen ningún tipo de ingresos. En Galicia aumentaron no último ano un 13,1 % —señor conselleiro, de 32.800 a 37.100, é unha regra de tres simple: 13,1 %—, mentres que no conxunto de España baixaron un 12,6 %, 25 puntos de diferenza.

Pero vou máis atrás, vou dende que se inicia a serie —entendo que homoxénea— publicada polo Instituto Nacional de Estatística.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Remato, señor presidente.

Dende o terceiro trimestre do ano 2009 ata o cuarto de 2016, o número de fogares sen ningún tipo de ingresos en España medrou o 21 %, e en Galicia, o 88 %; 21 %/88 %. Non digo que sexa a única razón, pero algún titular como este, señor conselleiro e señores do Partido Popular, a min dáme vergoña: «*Feijóo saca pecho en Madrid con el cumplimiento del déficit.*» ¿Non terá algo que ver ese cumprimento do déficit con ese incremento dos fogares que non teñen ningún ingreso?

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea, para fixar a súa posición sobre o ditame e defender as súas emendas, ten a palabra o señor Lago Peñas.

O señor LAGO PEÑAS: Bo día.

O Grupo Parlamentario En Marea presentou e mantén neste Pleno 25 emendas ao Proxecto de lei de orzamentos para o exercicio 2017. Son emendas equilibradas, razoables, ben pensadas, e deféndense por si mesmas. Estou certo de que o grupo maioritario da Cámara, o que ten o poder de decisión, tenas estudado e valorado, e por iso non fai falla que agora fagamos unha defensa polo miúdo de cada unha das 25. Aínda máis, como xa sabemos que o grupo maioritario da Cámara as vai rexeitar, diga o que eu diga aquí, vou aproveitar mellor o tempo para todos facendo unha reflexión que nos axude a todos a mudar a estratexia orzamentaria no que queda de lexislatura.

Esa é a vontade: provocar unha reflexión nos deputados e deputadas do grupo maioritario, sabendo que hoxe van rexeitar o que nós propoñemos, pero ao mellor serve pra que mediten e, no que nos queda de lexislatura, sexan posibles outros acordos.

A primeira reflexión é a necesidade de que o orzamento deixe de ser un simple exercicio contable, que se limita a cadrar cifras que na súa maioría veñen impostas dende o Ministerio de Facenda. Pola contra, o orzamento debería de ser un exercicio de planeamento estratéxico que defina a estratexia necesaria para afrontar as necesidades e os problemas da economía e da sociedade galega.

E este orzamento de 2017 non é iso. Vou poñer un exemplo. Estas contas están construídas sobre un cadro macroeconómico que cando o Partido Popular vote o orzamento xa é pasado, non se corresponderá coa realidade. Un dato o demostra. O orzamento está construído sobre

unha previsión de IPC do 1,2 %, pero no mes de xaneiro de 2017 a inflación está no 3 %, e isto ten consecuencias moi relevantes, tanto sobre os ingresos como sobre os gastos.

No lado dos ingresos, porque ese incremento dos prezos do 3 % elevaría o crecemento do PIB nominal ao 5,4 %, e iso provocaría un incremento das bases impositivas de todas as figuras tributarias e un aumento da recadación, polo menos en termos nominais.

No lado dos gastos, ocorre exactamente o contrario. A inflación é un instrumento perverso para aplicar recortes, en aparencia, inocuos. En concreto, eses recortes van afectar a situación dos empregados e das empregadas públicas, especialmente nos seus salarios. Os empregados públicos levan anos cos seus salarios conxelados, perdendo poder adquisitivo. Pois ben, o repunte da inflación ata o 3 % supón unha nova ameaza de agravar a devaluación salarial que levan sufrindo dende o ano 2009.

O discurso da saída da crise, a festa no Obradoiro para celebrar que xa saímos da recesión, a idea de que volvemos ao nivel de PIB anterior, de que se acaban os recortes, debería trasladarse á recuperación dos dereitos e dos salarios dos empregados públicos. E, non obstante, o orzamento supón exactamente o contrario: hai incremento cero das retribucións dos empregados públicos, hai inflación no 3 %. E iso significa que no ano 2017 —o cuarto ano da recuperación— os empregados públicos empezan o ano perdendo o 3 % dos seus salarios reais. Esa é a realidade. (*Aplausos.*)

Para a segunda reflexión voulle pedir permiso ao Partido Popular, porque volveu utilizar unha figura que para eles é referencia —para min, non—: Cristóbal Montoro, o ministro de Facenda; o que di el suponse que ten credibilidade no seu grupo. O 26 de xaneiro o Ministerio presentou un informe titulado *Estratexia de política fiscal*, no que explica a evolución da economía española e serve de referencia para elaborar os orzamentos xerais do Estado. Neste informe o Ministerio non só di que o nivel de PIB en 2017 volverá ser o que había antes da recesión, senón que a recadación tributaria, os ingresos tributarios do conxunto do Estado van estar no ano 2017 no nivel previo da recesión; e, de feito, di literalmente que no ano 2017 é cando se vai acadar a máxima recadación de impostos no conxunto do Estado.

En concreto, o Ministerio cuantifica, señor conselleiro de Facenda, en 14.630 millóns de euros o incremento da recadación do ano 2017 comparado co ano 2016; crecemento no que teñen un peso destacado os ingresos por IRPF, que medrarán o 7,5 %, e sobre todo o IVE, que vai medrar o 9,3 %. Diante destes datos, é imposible entender a estimación de ingresos que se fai nos orzamentos da Xunta de Galicia.

Gustaríame que prestaran atención. ¿Como se pode explicar que os ingresos tributarios vaian medrar en 2017 o 7,8 % no conxunto do Estado mentres que a previsión para Galicia é un incremento do 1,1 %? ¿Como é posible que o Ministerio estime que a recadación do IRPF se vai incrementar no 7,5 % no conxunto do Estado e que a Xunta de Galicia diga que aquí vai ser só do 1,9 %? ¿Como é posible, como se explica que o IVE no Estado vaia medrar o 9,3 % en relación co ano 2016 e aquí o 2,8 %?

O presidente Feijóo dicía hai uns días que no tema do AVE non se enganaba. Pois ben, coa estimación de ingresos nos orzamentos de 2017, máis que diante dun engano, estaríamos diante dunha estafa, que se pode cuantificar. A participación de Galicia na distribución de fondos do modelo de financiamento autonómico sitúase no contorno do 7 %. Polo tanto, se a recadación das figuras tributarias que nutren o modelo de financiamento autonómico vai medrar en 14.630 millóns no ano 2017, Galicia debería recibir —7 %— 1.022 millóns de euros máis que no ano 2016. E, non obstante —non sei se os deputados e as deputadas do Partido Popular coñecen a cifra, vouna dicir—, a cifra que figura de incremento de ingresos no Proxecto de orzamentos é de 79 millóns de euros. ¿Como é posible que a recadación tributaria no conxunto do Estado vaia medrar en 14.630 millóns de euros e que a participación de Galicia varíe tan só en 79 millóns de euros? ¿Montoro está mentindo?, ¿está contando unha película? ¿Non é certo? ¿Estamos diante dun engano ou dunha estafa?

Ben sei —non fai falla que mo diga na resposta— que a norma legal de elaboración dos orzamentos obriga a Xunta a incorporar no seu orzamento o que o Goberno lle di que son os anticipos a conta. Por iso eu digo que é un simple e vulgar exercicio contable: incorpóranse as partidas que lles di o ministro e fan o orzamento. Pero neste caso a reflexión vai máis alá, porque a determinación da contía dos anticipos a conta está sendo un instrumento perverso que obriga a impoñer recortes dos gastos públicos. Atrapadas nas camisas de forza do teito de gasto e da repartición do déficit, basta con facer unha estimación á baixa dos anticipos a conta para que cadre o orzamento: hai que reducir os gastos.

Pero esta estratexia perversa acada no ano 2017 —digamos— o seu máximo nivel de perversión. Ese documento —que supoño que terá o conselleiro—, na páxina 15, di que os ingresos tributarios van medrar en 14.613 millóns de euros. ¿Pero sabe que recolle na páxina 39? Que os anticipos a conta que financian as comunidades autónomas están conxelados. ¿E sabe por que? Porque ese é o instrumento que está utilizando o Partido Popular para chantaxear —politicamente, enténdese— os gobernos autónomos gobernados por partidos diferentes para obrígalos a que lles apoiem e lles aproben os orzamentos do ano 2017.

En todo caso, gustaríame oír esa explicación, a explicación do Goberno galego, nesa enorme diferenza entre o que se vai incrementar a recadación no conxunto do Estado e os recursos que van chegar a Galicia. Coa resposta a esa pregunta, eu tirarei a conclusión de se estamos diante dun engano do Goberno central ou dunha estafa coa complicidade da Xunta de Galicia.

A terceira reflexión é de maior percorrido, porque a liña que dá coherencia ás nosas emendas parte dunha hipótese radicalmente diferente á que fai o Partido Popular. En Galicia non temos un problema de exceso de gasto, temos un problema de falta de ingresos. Non temos un estado de benestar excesivo, senón mal financiado, e, polo tanto, a estratexia non pode ser a de recortar e seguir recortando, senón a de buscar alternativas para incrementar os ingresos. O mantra neoliberal do exceso de gasto, que pretende xustificar a política de austeridade, que se materializa nos recortes, é falso. O problema do déficit e o endebedamento no que incorreu a Xunta de Galicia e o resto das administracións públicas non se debe a un gasto excesivo, senón a un problema de falta de ingresos. Non é unha opinión miña, dío o documento de estratexia de política fiscal cando di que os ingresos públicos en España equivalen ao 38 % do PIB, mentres que na media da Unión Europea é o 46,2 %; 8,2 puntos de

PIB, equivalentes a 86.000 millóns de euros, que, ademais, lle solucionan o problema de déficit. E evitar os recortes daría suficiencia ao modelo de financiamento autonómico.

No caso concreto de Galicia, os ingresos non financeiros, en termos homoxéneos, pasaron de 9.416 millóns de euros en 2008 a 7.906 no orzamento presentado para 2017; iso supón unha caída do 16 % en termos nominais. Agora ben, esta cifra, cando se ten en conta a variación dos prezos dende ese ano —dende o ano inicial—, supón unha redución en termos reais dos recursos públicos que a Xunta utiliza do 28 % en termos reais; en valores absolutos, 2.650 millóns de euros. É unha caída brutal dos ingresos, e, ante esa caída brutal dos ingresos, o Partido Popular no Goberno reaccionou con dúas medidas: por un lado, recortar o gasto público, e, cando non chegou, endebedouse.

E aquí teño que falar da sorprendente intervención do señor Puy. De verdade que non son quen de entendela. Eu teño amigos por aí que din que recortar as prestacións do Estado de benestar está no ADN do Partido Popular e que iso forma parte do traballo da dereita neoliberal: liquidar o público. (*Murmurios.*) E eu estaba disposto a pensar que non, que os recortes que aplicou o PP non os fixo porque si, senón que os fixo porque lle caeron os ingresos; como hai menos ingresos, teño que gastar menos. E eu estaba disposto a pensar que o Partido Popular estaba nesa lóxica. Pero hoxe vén aquí o señor Puy, fai unhas contas e dínos que temos os mesmos ingresos que tiñamos no ano 2008. Todo o que fixeron, todos os recortes de gasto, o devalo do investimento, a redución dos salarios de empregados públicos, a menor plantilla nos servizos de sanidade e de educación, ¿débase a que caeron os ingresos?, ¿débase a iso? O endebedamento no que incorreu a Xunta de Galicia, os 7.000 millóns de euros nos que nos endebedaron, ¿débase a que hai menos ingresos ou é amolar por amolar? ¿Ou é o prexuízo neoliberal de liquidar o público? (*Aplausos.*)

Señor Puy, tense que aclarar: ou hai menos ingresos, e por iso recortamos e nos endebedamos, ou, se temos os mesmos ingresos —esa conta que fai, que está mal feita, e logo explicareille por que—, ¿por que se recorta? Está no ADN do Partido Popular, é o seu traballo.

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando, por favor.

O señor LAGO PEÑAS: Vou ir rematando.

Na nosa opinión, o Proxecto de orzamentos para o ano 2017 é restritivo e, polo tanto, continúa a senda do axuste e os recortes, o que, unido ao esgotamento dos factores externos, vai provocar unha intensa desaceleración do crecemento económico, que a finais do ano 2017 estará por debaixo da metade do de 2016; un orzamento que reduce o IPC do 3 %, en termos reais, os recursos dedicados aos servizos públicos, as prestacións, a protección social e a capitalización do país.

Fronte á resignación, os recortes e o axuste permanente, nós demandamos unha política, unha posición ambiciosa da Xunta de Galicia, co obxectivo de incrementar os ingresos, co obxectivo de financiar unha política económica que impulse o crecemento, transforme o crecemento en desenvolvemento económico e social, que impulse a economía produtiva e

que traslade a maior riqueza ao benestar da cidadanía, combatendo a desigualdade, a precariedade, a pobreza e a exclusión.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Lago.

Grupo Parlamentario Popular, señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, señor presidente.

Bo día a todos.

Señor Villares, hai que actualizar o argumentario do Grupo de En Marea, non pode ser que ano tras ano o seu grupo veña sempre con ese discurso. Está moi manido, moi coñecido: liquidalo todo, austericidio, recortes, atacamos o Estado de benestar... ¡Oia!, ¿como é posible nun orzamento que sobe un 3 % contra o do ano anterior? 200 millóns de euros máis que no ano 2016, 600 millóns de euros máis que no ano 2015. ¿Quen recorta? Nós non. Señor Villares, actualícelle o discurso e o argumentario ao seu grupo.

Eu creo que vimos de escoitar unha intervención que retrata perfectamente cal é a actitude, o comportamento, a liña argumental desta oposición. Levamos un mes neste Parlamento debatendo sobre orzamentos e, a pesar de que dende o grupo parlamentario maioritario desta Cámara temos tendido a man á oposición en repetidas ocasións para chegar a acordos, o único que atopamos é iso, precisamente iso: tres minorías que están instaladas na confrontación e na crispación.

As tres minorías —a das Mareas de Podemos, a do Bloque Nacionalista Galego e a do Partido Socialista— están molestas, e están molestas porque se atopan uns orzamentos que priorizan a creación de emprego, priorizan o crecemento da nosa economía, que impulsan os nosos sectores produtivos, que melloran os servizos públicos do noso país e que, polo tanto, tumban o seu discurso catastrofista. Esa é a realidade, e non poden soportalo, non poden aceptalo, porque seguen pensando vostedes que canto peor lle vaia a Galicia, mellor lles poder ir a vostedes. Esa é a actitude de oposición das Mareas de Podemos.

¿E saben o que ocorre? Que é lamentable que a vostedes lles doa ter bos datos da EPA —aí están—; a vostedes dóelles que as cifras do crecemento do PIB estean ao redor do 3,5 %; a vostedes dóelles, en definitiva, cada éxito dos galegos, porque son éxitos colectivos, non dun goberno. Pero vostedes están en contra de todo.

Miren —xa llelo dixemos en numerosas ocasións—, intentaron atacar os eixos fundamentais dunhas contas que continúan polo bo camiño emprendido por este goberno durante estes anos de crise, e que, por certo, teñen un respaldo electoral —como ben recoñeceu o señor Abel Losada—. Aquí vimos todos de examinarnos o pasado 25 de setembro, uns aprobamos e outros suspenderon, e non lles vou dicir a vostedes en que grupo se atopan.

Miren, sinceramente, a este grupo gustaríanos ter enfronte de nós uns grupos da oposición que fosen razoables, que fosen construtivos, que fosen responsables, pero non o atopamos; miramos cada un dos grupos e non atopamos absolutamente nada diso.

O principal problema dos seus argumentos é que levan vostedes un mes defendendo nesta Cámara uns orzamentos, unhas propostas alternativas que parten dun erro. O seu erro foi presentar uns orzamentos alternativos cunhas cifras irrealistas de ingresos e que logo queren gastar todo ese diñeiro.

Calquera galego sabe que, se nunha familia se ingresan 1.000 euros, non se poden gastar todos os meses 1.500 euros. Sábeno todos os galegos, sábeno todas as familias, menos as familias da Marea de Podemos, as familias do PSOE e do Bloque Nacionalista Galego. E así nos atopamos neste debate con que o BNG di que a Xunta ten que gastar 135 millóns de euros máis, atopámonos con que o Partido Socialista di que a Xunta ten que gastar 370 millóns de euros máis e atopamos unhas Mareas de Podemos que queren que gastemos 500 millóns máis. En total, se xuntamos as tres minorías que conforman a oposición, atopámonos con que vostedes veñen aquí en bloque propoñer que gastemos 1.000 millóns de euros máis. E ¿de onde saen eses 1.000 millóns de euros máis? Dos bolsillos dos contribuíntes.

Vostedes o que propoñen é unha auténtica navallada ás contas correntes dos galegos e das galegas. Esa é a súa política. E ¿como pretenden recadar eses 1.000 millóns de euros máis? Subindo os tipos de gravame do IRPF, inventando impostos como o de grandes superficies, que están recorridos polos tribunais e que, polo tanto, o único que xeraría é inseguridade xurídica. Xa sei que ao señor Villares lle dá igual o que digan os tribunais, pero a nós, ¡home!, de momento... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) E o que pretenden é calcular así ao chou alzas na recadación con certos impostos sen calcular e demostrar onde están os cálculos. En definitiva, un auténtico despropósito dende o punto de vista de técnica presupostaria. Por non falar de que moitas das emendas que vostedes propoñen contraveñen directamente a lexislación estatal básica e que, polo tanto, son de imposible aprobación porque serían de imposible execución.

Non sabemos se as súas propostas se fundamentan no descoñecemento —que pode ser— ou se o que pretenden é que a Xunta cree unha situación de inseguridade xurídica que ao final levaría a Galicia a unha situación de parálise e de desaceleración. Quero pensar que o é o primeiro: descoñecemento puro e duro.

Ben, señores do Bloque Nacionalista Galego, a verdade é que sorprende o seu discurso. Negaron a crise, agora negan a recuperación, pero teñen que recoñecer que hoxe a Galicia lle vai moito mellor que cando había conselleiros do Bloque Nacionalista Galego; moitísimo mellor, mal que lles pese.

Nós non imos comentar neste momento a súa obsesión por deixar sen folios, a súa obsesión por deixar sen material de oficina, a súa obsesión por cortarlles o teléfono a distintas consellerías. Iso é o que propoñen en distintas emendas que teñen presentado, rigor absoluto —iso xa o falamos nunha comisión—. Tampouco lles imos recordar que querían quitarlle 30 millóns ao medio rural —iso polo que din que tanto se preocupan—, nin tampouco imos

recordarlles que tamén querían recortar 30 millóns de euros a unha partida que está destinada a centros de saúde. Iso xa o falamos nas distintas comisións.

O que si me gustaría comentar hoxe é a súa manía persecutoria por un concepto, que é o concepto de empresa privada. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Aplausos.*) Mire, todo o mundo sabe —grazas— da inspiración marxista-leninista do BNG, e que, polo tanto, todos entendemos que vostedes aspiran a que teñamos unha economía planificada —ese é o seu modelo—, na que non debería haber empresarios e na que sexa o BNG, como partido único —ese ao que vostedes aspiran—, quen controle a propiedade dos medios de produción.

Só así podemos entender que pidan que se retiren todas as partidas de todas as consellerías que levan unha epígrafe que é: «transferencias ás empresas privadas» Iso a vostede soou fatal e o que dixeron é: hai que quitalo, isto soa moi mal. ¿Saben o que pasa? Que, quitando esas transferencias a empresas privadas, vostedes eliminaron as axudas a mozos emprendedores, eliminaron as axudas ás pequenas empresas instaladas no rural, eliminaron o pagamento dos seguros para agricultores e gandeiros, que tanto precisan nestes momentos. (*Murmurios.*) Ese é o seu ataque ás empresas privadas. (*Aplausos.*) Aí está o BNG, retratándose día a día.

Vostedes queren acabar tamén coa colaboración público-privada, porque iso é nefasto, é malísimo. Cando gobernaban vostedes, estaba moi ben, pero agora non. E, nese ataque á educación concertada, a vostedes dálles igual eses 5.487 profesores da ensinanza concertada que perderían o seu emprego se nós votásemos a favor das súas emendas. ¿Pregúntannos por que non votamos a favor das súas emendas? Porque son prexudiciais para Galicia.

Señores do Partido Socialista, señor Losada, a verdade é que é un paso, é un paso: por fin recoñecen a derrota electoral, 47,5 % do voto conseguimos nas eleccións do 25 de setembro, e supoño que non será por casualidade; nós temos 41 deputados, vostedes teñen 14, e creo que está ben que por primeira vez recoñezan o varapalo que supuxeron para o Partido Socialista estas eleccións, nas que, evidentemente, o Partido Popular gañou as eleccións e vostedes pasaron a ser a terceira forza política, ¡vaia drama deste Parlamento! Pero, claro, eu entendo que é difícil ser socialista nos tempos que corren; fixo vostede un alegato en defensa da señora Susana Díaz, supoño que é un mandato explícito do señor Abel Caballero, e fai ben, fai ben obedecer o seu xefe.

Pero, falando das súas emendas, mire, a maioría das súas emendas divídense en dous grupos: as que piden que a Xunta faga o que xa estamos facendo —esa é a realidade— e as segundas, as que piden que a Xunta destine máis recursos a algo que xa está destinado todo o que se demanda.

Logo teñen unha batería de emendas que é absolutamente delirante —falaba vostede delas—. Queren que retiremos do texto da lei que a Xunta seguiu nestes anos criterios de eficiencia, de eficacia do gasto, para consolidar a recuperación económica; queren que retiremos do texto da lei que a Xunta reforzou o seu compromiso co gasto social neste ano —e é o que fixemos, precisamente o que fixemos—; e queren que se introduza, por exemplo, a expresión «área metropolitana», que isto debe ser outro encargo do señor Abel Caballero.

E logo está o tema da publicidade e propaganda, da que vostede fala. ¡Oia!, mire, nós hoxe gastamos un 40 % menos en gasto en publicidade e propaganda que cando aquí gobernaban os socialistas e vostede era director de gabinete do señor Pérez Touriño, un 40 % menos. Polo tanto, leccións, as xustas.

Ningunha das súas propostas busca mellorar a calidade de vida dos galegos e ningunha busca mellorar a acción do Goberno. Por certo, eu lamento que o moleste. Mire, efectivamente, en Galicia, crece o número de ocupados; en Galicia o paro baixa un 8,3 %; en Galicia 8 de cada 10 contratos son indefinidos e a xornada completa, e eu lamento que a vostede o moleste.

Imos co que ten que ver coas Mareas de Podemos. Fala vostede, señor Lago, de engano, de estafa. Eu teño que dicirlle que un engano, unha estafa é contabilizar nos orzamentos uns ingresos que logo non chegan, gastalos e que, finalmente, haxa un furado de 2.000 millóns de euros, que iso foi o que deixou o Bipartito, do que vostede tamén foi asesor, no período 2005-2009.

Felicito que vostede sexa agora un fan do señor Montoro, pero non se preocupe, que, se a Xunta consegue máis ingresos, os vai incorporar aos orzamentos do ano 2017. Nós, dende logo, non imos contabilizar ingresos que non estean asegurados, porque para ser pouco rigorosos e pouco serios xa están as Mareas.

Nós non saímos do noso asombro con vostedes. Vostedes estiman 500 millóns de euros máis de gasto, pero todas as súas estimacións están fundamentadas en opinións, non en cálculos. Vostedes incrementan os ingresos en 500 millóns de euros, pero non din de onde van saír, invéntanos, invéntanos, esa é a realidade. Vostede fala dunha revisión do modelo de financiamento, pero unha revisión que non vai ter efectos ata o ano 2018; polo tanto, vostede o que nos propón é un furado de 500 millóns de euros. Iso faise cando gobernan vostedes; con nós, dende logo, non se fai. (*Aplausos.*) Así funcionaban vostedes.

Voules facer un anuncio. Nós non imos copiar o modelo da irresponsabilidade e o bloqueo que vostedes están implantando nos lugares nos que gobernan. Nós non imos aprobar uns orzamentos como en Ferrol, como na Coruña ou como en Santiago, onde non os aproban. Nós traballamos dende o rigor, dende a solvencia e dende a estabilidade.

Vostedes viñeron a este Parlamento dar leccións en política social, cando xa vimos que non saben adxudicar comedores escolares, non son capaces de poñer rendas básicas que prometen, non son capaces de manter as colaboracións con entidades de atención ás persoas desfavorecidas se non as dirixen persoas das Mareas. Eses son vostedes. Vostedes veñen aquí dar leccións de economía, cando votan sistematicamente en contra de todos os proxectos que pretenden impulsar a creación de riqueza no noso país. Vostedes veñen a este Parlamento dar leccións de orzamento, cando levan ano e medio dando espectáculos incualificables nas cidades como Ferrol, A Coruña ou Santiago.

Todo isto ten unha explicación moi sinxela, ¿sabe? —e non llela vou dar eu, en nome do Grupo Popular, aínda que levemos meses advertíndoos—. Mire, a explicación déullela a semana pasada unha señora, a señora Yolanda Díaz, a través da prensa: «*Yolanda Díaz pide a*

En Marea que deje a un ladito las preocupaciones internas y que se centre en los problemas de las personas». Fáganlle caso por unha vez á señora Yolanda Díaz.

Vostedes están moi preocupados aquí do chofer, da secretaria, a ver se lle quitamos os despachos ao Bloque Nacionalista Galego, de cantos entran na directiva e a ver de que corrente son, de se Villares pode ser portavoz ou non pode ser portavoz, pero hoxe, no debate máis importante do ano, non se lle deixa falar. Miren, a vostedes iso é o que lles interesa, preocupápanlles moi pouco os orzamentos deste ano 2017. Pero non se preocupen: preocupápalles tan pouco como ao resto dos grupos da oposición.

Nós non imos apoiar as súas emendas, porque están cheas dun rosario de erros de vulto, de imprecisións, de contradicións, e, polo tanto, nós non imos estar nesa tarefa. Queremos pensar que todos eses erros se deben a que estes grupos minoritarios non tiveron ocasión de traballar o suficiente nos orzamentos, que non hai experiencia suficiente aínda, e nós o que agardamos é que se poñan a traballar a favor, remando para adiante e non en contra.

Señorías, nós cremos na importancia da estabilidade política, nós cremos na estabilidade política, porque...

O señor PRESIDENTE: Vaia rematando.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...onde hai estabilidade política hai estabilidade institucional, e onde hai estabilidade hai crecemento económico e hai creación de emprego.

Os galegos apostaron pola estabilidade o pasado 25 de setembro, aí están os resultados —coñéceos ben o señor Losada—, e nós temos a obriga de cumprir co mandato electoral. Cando aínda non transcorreron os primeiros cen días deste goberno, estamos aquí para aprobar, aquí e hoxe, os orzamentos destes ano, porque queremos ser exemplo de rigor, exemplo de responsabilidade e exemplo de estabilidade.

Vostedes, pola contra, trataron por todos os medios de poñer paus no camiño neste proceso. Trataron de ralentizar a aprobación dos orzamentos, de atrasalos. Señorías, Galicia avanza na senda da recuperación económica, e podemos facelo xuntos, se vostedes queren traballar do lado do Goberno, ou podemos facelo por separado.

¿Sabem unha cousa? Estivemos sós para loitar contra a crise económica. Cando Galicia se sumía na peor crise económica, tivemos en fronte a oposición... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...máis irresponsable con Galicia, unha oposición que se dedicaba a gritar, a patalear, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*, a petar cos zapatos nos escanos do presidente.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Nós, dende logo, saímos adiante nos tempos da crise económica e podemos saír adiante nos tempos da recuperación. Ao que si os invitamos é a remar a favor da corrente, porque hoxe o que é innegable é a recuperación económica.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Tellado.

Rolda dos grupos para que se definan sobre as emendas.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Señor Tellado, non estamos crispados, perda o medo, que desde logo non estamos crispados e crispadas, sabemos que a vostedes lle gusta que nos crispemos (*Aplausos.*), pero máis ben o que estamos é un pouco alucinados e alucinadas, porque a verdade é que eu xa, a estas alturas, a que nos chamen imbéciles todos os días, xa me acostumei un pouco, porque non ofende quen quere, senón quen pode. Pero que xa sexan tan bos actores e actrices como para que nos digan, precisamente, no trámite dos orzamentos que tenden a man, é que, desde logo, parece un mal chiste e non deixa de alucinarnos un pouco que con algo tan serio frivolicen ata tal punto.

Agora acúsannos de ralentizar o procedemento. Ralentizamos o procedemento porque circunscríbmonos ao proceso parlamentario, presentamos emendas, fomos aos debates, de feito, incluso favorecemos a axilidade parlamentaria, porque nin sequera esgotamos moitos dos tempos en comisión, visto para o que servían as nosas intervencións. Pero, en fin, lamentabelmente, isto vai seguir sendo así. Se non lles gusta o noso ralentizamento por dar cumprimento a un dereito que temos, pois xa saben, nesa maioría absoluta e absolutista da que xa tanto lles gusta presumir, recorten tamén estes trámites, porque, visto o que lles interesan, pois en fin...

Manía persecutoria é a que teñen vostedes co Bipartito. Eu, de verdade, voules dicir algo — que creo que lles vou recordar en máis intervencións — que lles digo moitas veces aos meus compañeiros e compañeiras do Bloque Nacionalista Galego. Eu teño ganas de que chegue un parlamentario ou parlamentaria nacionalista nacido despois de 2005 e que lle sigan recordando o Bipartito, a ver se seguen obsesionados. Cando pasen décadas e décadas do Bipartito, vostedes seguirán anclados aí.

En fin, despois, outra cuestión da que nos acusan vostedes sempre, cando comentamos algunha cuestión de actualidade política — pasou toda esta semana pasada ao fío de Rede Eléctrica e do señor Fernández de Mesa —, é que non nos circunscríbimos ao debate, que non tratamos o asunto do debate. Pero, sen embargo, vostedes alternan: primeiro non era o debate das medidas fiscais e falabamos de medidas fiscais, agora superamos o debate das emendas parciais e falamos das emendas parciais. Desde logo, desde o BNG non seremos quen diga do que debater ou non debater. Se queren, seguimos falando dos orzamentos de Pontevedra, non pasa nada. Nós adaptámonos. Pero parece indicar que igual o que hai detrás é que non teñen demasiados argumentos para non apoiar emendas como algunha das que

relatei antes. É certo que hai outras que son de modelo político, que son de incremento de gastos. Pero é que hai outras cuestións que simplemente non aceptan porque non lles dá a gana, como reducir un trámite de tres meses a un mes e dar unha información referente á Consellería de Facenda en soporte dixital. Entón, cando quedan sen argumentos, é o que fan.

Pero ben, proseguindo co procedemento e sendo disciplinada, como somos no BNG, vou proceder a posicionarme a respecto das emendas dos demais grupos da oposición. Nós temos algunha diferenza de matiz, entendemos que nalgunha cuestión nós imos máis alá, como no tema dos concertos; pero, con todo, daremos o noso voto positivo aos demais grupos da oposición. Apoiamos as emendas na comisión porque entendemos que visibilizan un modelo político alternativo, que visibilizan capacidade de diálogo, de chegar a entendemento en cuestión concretas. Algunhas delas nós emendámolas máis especificamente na parte da Lei de acompañamento, porque alí vén reflectido por parte do grupo do Goberno, aínda que non concordemos coa forma. E concordamos, aínda que con estimacións diferentes, en propostas en canto ao tramo galego do IRPF, onde nós propoñemos un novo tipo para aplicalo ás rendas superiores a 120.000 euros. Seguimos insistindo en que é posíbel tamén mellorar a progresividade en canto ao imposto sobre o patrimonio e reducir o mínimo exento. E propoñemos tamén suprimir todas as cuestións referidas ao imposto de sucesións e doazóns que se modificaron en 2015, como xa tamén introducía a compañeira Olalla Rodil no debate de totalidade da Lei de acompañamento, así como un novo imposto sobre as grandes superficies comerciais, ese imposto demonizado polo Partido Popular porque van tremer todas as disposicións legais do mundo. Xa o temos dito nesta Cámara, é cuestión de que as vontades políticas vaian introducindo tamén modificacións para dar lugar a avances coma este. E, desde logo, esperamos que a Xunta de Galiza teña esa mesma firme vontade de non incumprir a lei cando teña que posicionarse —que agardemos que sexa xa mañá mesmo— sobre as vendas das centrais hidroeléctricas do río Xallas e que diga un non contundente respaldando así a vontade deste Parlamento.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Grazas, señor presidente.

Señor Tellado, unha pregunta case retórica. Mire, ¿por que lle molestamos tanto? *(Risos.) (Aplausos.)* En *La vida es sueño* dicía Segismundo na cela: «¿Que delito cometí contra vosotros naciendo? Aunque, si nací, ya entiendo qué delito cometí.» *(Aplausos.)* O que lles molesta é que somos capaces de confrontar un modelo ideolóxico, ideolóxico, si, ¡ideolóxico!, e non vergonzante coma o seu. Si, ideolóxico e non vergonzante, coma o seu. Iso é o que lles molesta. *(Murmurios.)*

Mire, dicir que o 80 % dos contratos firmados en Galicia no último ano foron indefinidos a tempo completo, ademais de ser mentira, ¡mentira!, ¡mentira!; *(Aplausos.)* síntoo pero é mentira, é un insulto aos traballadores deste país. Porque os datos oficiais din que de

942.000 contratos firmados só 3.000 superan o ano, o ano, non indefinidos, señor Tellado, o ano; 3.000 de 942.000. ¡¿Que 80 %?! ¿De que nos fala? ¿Quen lle escribiu esa chuleta? E se a escribiu vostede, revise os datos. Se a escribiu vostede, revise os datos, porque lle digo que están mal.

Eu nunca asistín neste Parlamento —e levo dende o ano 2005— a que alguén golpeará co zapato nada. Eu, algunha vez..., brincando con algún compañeiro ao mellor no escano. Dixo co zapato. Eu non lle vin o zapato ao señor Beiras, excepto no pé. Eu non miro moito para os pés de Beiras, certamente.

Mire, claro que non me doe que Galicia medre un 3,5 %. Alégrome. O que me doe é que ese crecemento se reparta mal. Dóeme que a remuneración, o peso do traballo do PIB, perda catro puntos. Iso si que me doe, señor Tellado. Dóeme o que dicía Bernie Sanders: «*Alguien se está haciendo rico y no somos nosotros.*» Claro, *alguien se está haciendo rico*. ¿Sabe quen se están facendo ricos? Os rendementos do capital e as rendas empresariais. É así, porque o que se perde en rendas do traballo..., vasos comunicantes, señor Tellado, non hai máis milagres, a pesar da mirada medio reprobadora do conselleiro. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

A verdade é que me reafirmo na vocación docente dalgunha xente. E, neste caso, señor López Crespo, non é por vostede, jeh!

A última entrevista do señor Feijóo: «*El contexto político obliga al entendimiento. Es necesario actuar de manera inteligente y con generosidad y no hay ninguna razón de interés general que impida el consenso*». De 48 emendas presentadas, 0 aceptadas. ¿De verdade que vostedes poden falar de consenso e poden falar de algo que teña que ver coa mínima cooperación política neste Parlamento? ¡Pero como pode falar diso! ¿Como pode dicir que retrasamos a tramitación dos orzamentos se a reunión da ponencia desta lei durou exactamente dez minutos, nos que o señor Pedro Puy —e había ponentes dos outros grupos— dixo que non se acepta ningunha excepto a número «n» do BNG? ¿De verdade que di que retrasamos algo nós? ¡Oia, por favor, un mínimo de decencia, un mínimo de decencia! ¿Falan de filibusteirismo parlamentario vostedes, que tiveron a comisión de investigación das caixas tres anos crioxenizada porque non se sabe moi ben que pasaba? ¿Pero de verdade que nos poden dicir a nós que dificultamos...? ¿O que? Insisto, dez minutos de ponencia. Polo tanto 10 minutos significa que as 48 emendas do Partido Socialista foron 3,3... (periódico) minutos, señor Tellado.

Polo tanto, creo que xa está ben, xa está ben de falar dos servizos públicos, sanidade e educación. Todos os datos que publica o Instituto Galego de Estatística din que as administracións públicas substitúen 4.900 empregos fixos por temporais. ¿Cren que isto non ataca contra os servizos públicos? ¿Por que o fan? Por aforrar e por algo máis, por aforrar e por algo máis: porque, atacando aí, hai negocio. (*Murmurios.*) ¿Por que Trump o primeiro que atacou foi o *Obamacare* e as medidas de protección ambiental? Exactamente polo mesmo que vostedes cambiaron o proxecto do hospital de Vigo e chimpanaron o concurso eólico. (*Aplausos.*) ¡Polo mesmo, exactamente polo mesmo! Exactamente polo mesmo, por moito que se disfracen, por moito que se travistan, polo mesmo.

Eu agradezo a interacción, porque un sempre aprende.

E en temas de fiscalidade, señor Tellado, mire, «a recadación do ano 2017 vai acadar un máximo histórico». A remuneración de asalariados baixou 4 puntos no PIB, pero o IRPF...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...vaise manter no mesmo nivel. (*Murmurios.*) E, iso si, os rendementos de capital e os beneficios empresariais aumentaron 4 puntos, pero o imposto de sociedades caeu un 45 %. O señor Pedro Puy o outro día dixo que era porque se trasladaban as perdas de anos anteriores, que indubidablemente nunha parte é iso. Pero ¿non lle parece sorprendente que esas perdas que permiten ese traslado a anos posteriores significaran, sen embargo, un incremento porcentual no conxunto do produto interior bruto?

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: E outra cousa...

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...o IVE, que todos sabemos que é un imposto indirecto e, polo tanto, máis desigual e máis inxusto, duplicouse entre o ano 2009 e o ano 2017.

Non é xestión nin filosofía, é ideoloxía e negocio...

O señor PRESIDENTE: Grazas...

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...gústelles ou non lles guste. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Losada.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea, o señor Lago.

O señor LAGO PEÑAS: Ben, non vou esgotar todo o tempo, para que así o trámite do orzamento cumpra o calendario previsto.

A min gústanme as cifras, recoñezoo. E os deputados e as deputadas que están sentadas na dereita desta Cámara están aí coa lexitimidade de 676.676 votos. Os deputados que estamos sentados nos escanos da esquerda, estamos sentados coa lexitimidade que nos dan 644.952 votos. (*Aplausos.*) Hai unha diferenza de 36.724 votos entre a bancada da dereita e das forzas políticas que representamos un modelo diferente. Cando un fala de maioría absoluta e de minorías, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ten que facer as contas: 676.000 fronte a 644.000.

Segundo, se nós tiveramos o goberno, señor Tellado, gobernariamos. Eu recoñezo que son un novato aquí, pero non acabo de entender por que ao Goberno o que lle gusta facer é opo-

sición da oposición. (*Aplausos.*) Se eu chego aquí e lle fago preguntas concretas, con cifras concretas, eu esperaría intelectualmente que cando subira á tribuna contestara a iso. Pero vostede non contesta a nada do que é a súa responsabilidade e dedícase a morder os deputados da esquerda. E esa é unha actitude intelectualmente mediocre, mediocre. O Goberno goberna, o Goberno sabe máis ca nós, o Goberno ten todos os datos, e cando vén aquí debería explicar os datos. Por exemplo, ¿por que o Ministerio de Facenda estima que vai incrementar os ingresos en 14.630 millóns de euros no ano 2017 en comparación co ano 2016 —logo pasareilles o documento por se non o teñen— e o señor conselleiro de Facenda di que Galicia vai incrementar os seus ingresos derivados do modelo de financiamento autonómico en 79 millóns de euros? ¿Por que non explican iso en vez de morder?

Gustaríame insistir nesa idea dos ingresos. Poñámonos de acordo con iso. A única alternativa á crise de débeda e aos recortes é aumentar os ingresos, é a única alternativa. Poñámonos de acordo niso. E é certo, non se pode negar, que os ingresos en España se afundiron, foi o único país da Unión Europea que sufriu un devalo enorme nos seus ingresos tributarios. Iso é certo. Ten que ver, ao mellor, con problemas propios da burbulla inmobiliaria, etc., pero nese documento tan interesante do Ministerio, de Estatística e Política Fiscal, di que as reformas fiscais que fixo o Goberno no ano 2015 e 2016 teñen un custo en recadación, que baixa a recadación en 11.500 millóns de euros. Ou sexa, hai problemas económicos, si; pero hai decisións ideolóxicas que teñen que ver coa concepción do Estado que prefiren, como se ve, baixar os impostos, especialmente ás rendas altas, afundindo con iso a capacidade dos gobernos de actuar contra as persoas que máis o necesitan. E é que é un xogo de suma cero. Eu ingreso menos e, polo tanto, teño menos recursos para facer políticas sociais. Cando ingreso menos, ¿a quen lle quito os cartos? ¿A quen facilito con esas medidas? Aos que teñen máis recursos. E cando non podo facer políticas públicas, ¿a quen prexudico? Pois prexudico as persoas máis débiles. Polo tanto, si existe un modelo económico que ten principios e ideoloxías diferentes.

E remato cun último dato, que o dicía Abel Losada. Eu vía o outro día na enquisa de poboación activa —e deberían miralo—: dende o ano 2013, cuarto trimestre do ano 2013, ao trimestre do 2016, cando un compara os asalariados que había e os que hai agora e fai a conta, resulta que hai 2.500 asalariados máis con contrato indefinido, e 43.500 asalariados máis con contrato temporal. Polo tanto, o 95 %, 95 %, do emprego asalariado xerado na recuperación é precario, é temporal. Estamos cambiando parados por precarios. Ese é o éxito do seu goberno. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Lago. Moitas grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, señor presidente.

Non contaba ter eu que pedir desculpas por gañar o noso partido as eleccións do pasado 25 de setembro. (*Murmurios.*)

Mire, señor Losada, di vostede que alguén se está facendo rico coa recuperación económica. Eu o que lle digo é que eu creo que non, e espero que non. O que lle digo é que, con vostedes,

todos nos empobrecemos cando vostedes gobernaban. (*Aplausos.*) Esa é a realidade e iso é o que nos diferencia.

E, señor Lago, non nos pida que o sigamos nos erros, non nos pida que os sigamos nos erros. Miren, vostedes queren empufar Galicia. Fixérono cando gobernaron, e agora é o que nos propoñen. Queren empufar Galicia, e iso a min si que me parece mediocre. Polo tanto, non agarde a que nós os sigamos nesas plantexamentos.

E aquí ninguén morde a ninguén. Ao mellor, nas asembleas das Mareas de Podemos, si. Aquí intercambiamos ideas e falamos das cousas.

Mire, señor Losada, na Xunta de Portavoces os grupos da oposición —e nomeadamente o seu— pediron que se retrasasen os prazos de aprobación dos orzamentos cando se aprobou o calendario, pedían máis comparecencias, máis tempo para presentar as emendas. Iso foi o que pediron vostedes e, polo tanto, iso é tratar de retrasar o procedemento. Igual non llo contou o señor Leiceaga porque vostede é máis de Abel Caballero, pero esa é a realidade.

Mire, eu non veño aquí a amargarlle a mañá, pero, lamentablemente, hoxe fíxose público o informe de conxuntura que fai o Foro Económico de Galicia. A actividade económica galega acelera ata o 3,7 % a finais de 2016. A mellora económica medida ata o mes de novembro é a máis alta dos últimos oito anos. O indicador amosa o tirón das empresas de servizos e da industria —Foro Económico de Galicia, que coordina Fernando González Laxe—.

Nuns minutos imos proceder á aprobación dos orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2017, uns orzamentos que medran un 2,9 % ata esgotar o teito de gasto, que superan os 9.000 millóns de euros por primeira vez dende o ano 2011; uns orzamentos que consolidan a maior rebaixa fiscal da historia da autonomía e que inclúen novas baixadas selectivas de impostos; uns orzamentos que incrementan o gasto social en 229 millóns de euros, cun aumento de máis de 160 millóns para sanidade e para educación; uns orzamentos nos que o investimento medra un 4 % por riba da media e nos que o gasto da débeda baixa arredor dun 13 %; uns orzamentos que eliminan os impostos para os mozos, para as familias numerosas e para os discapacitados que merquen unha vivenda para vivir no medio rural; uns orzamentos que reanudan o complemento específico nas pagas extra dos empregados públicos un ano antes do previsto; uns orzamentos que destinan oito de cada dez euros a gasto social.

E vostedes, señores da oposición, van votar en contra destes orzamentos. Votan en contra porque están en contra de todo, votan en contra porque están en contra de todos os que non pensan igual ca vostedes. Presentan emendas imposibles e acúsannos de non querer dialogar por non aceptar propostas que levarían a Galicia á parálise máis absoluta. Dunha parte está o BNG, que por fin renega do Bipartito —a min paréceme ben—, doutra parte está o PSdeG PSOE, que andan botando as contas a ver se hai que ser pachistas ou hai que ser sanchistas ou hai que ser de Susana Díaz —bueno, están niso, ¡quen nos ía dicir a todos que iamos botar de menos os liderados de Pachi Vázquez ou do señor Rubalcaba!—. E logo están as Mareas de Podemos —como vostedes mesmos din—, que están preocupados polo seu, polo de vostedes, esquecéndose do que pasa na rúa, esquecéndose da xente do común. Bueno, así están as cousas, nós lamentámolo profundamente.

Acúsannos de non aceptar o diálogo, de non querer pactar con vostedes absolutamente nada. E ¿saben que ocorre? A realidade é que levamos anos rexeitando as mesmas propostas, as mesmas emendas. Esa é a realidade. Miren, no caso do PSdeG-PSOE, das 48 emendas que presentan ao articulado da lei de orzamentos deste ano, un total de 28 son as mesmas que as do ano anterior. (*Murmurios.*) Aí está, esa é a realidade. Das restantes, moitas resultan difíciles de incorporar a unha lei de orzamentos, prazos da Risga, concursos de traslados... Vostedes, que critican a Lei de medidas, pois pretenden facer o mesmo no articulado da lei. Nas Mareas de Podemos, de 25 emendas, 12 son as mesmas que presentaron cando se chamaban AGE. Miren, esa é a situación. As restantes son emendas de supresión. No caso do BNG, das 33 emendas que presentan, un total de 26 son as mesmas que as do ano pasado. ¡Claro que imos votar o mesmo que o ano pasado: en contra das súas emendas!

Señorías, remato xa. O pasado 25 de setembro recibimos un encargo dos galegos, e ese encargo é recuperar a economía, consolidar a recuperación económica, e crear emprego. Nós imos cumprir co mandato cidadán. Podemos facelo con vostedes se en realidade queren remar xuntos na mesma dirección. Se queren sumar, dende logo a nosa porta está aberta. Pero, dende logo, se o que queren é entreternos, retrasar os prazos, non conten con nós. Nós imos cumprir co mandato cidadán, porque en Galicia si hai maiorías que nos permiten gobernar...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...maiorías que nos permiten darlle a Galicia estabilidade. En Galicia si hai estabilidade, en Galicia si hai un goberno que traballa dende o rigor e dende a solvencia, un goberno que presenta os seus orzamentos cando aínda non pasaron os primeiros cen días de goberno dende a súa toma de posesión. Señorías, en Galicia, si; en Galicia si hai estabilidade política, si hai estabilidade institucional...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...en Galicia si hai un goberno serio, un goberno rigoroso, un goberno responsable. En Galicia, si; en Galicia si hai orzamentos.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Tellado.

Votación dos estados de gastos

Votación dos orzamentos das seccións e dos entes instrumentais dependentes delas

O señor PRESIDENTE: Terminado o debate, imos proceder ás votacións. Rogo a colaboración porque isto é un pouco longo, son moitas votacións e imos ver como levamos todo isto e que non haxa problemas.

Comezamos votando as seccións e entes instrumentais dependentes destas seccións. En concreto, Parlamento de Galicia, Consello de Contas e Consello da Cultura Galega.

Votación dos orzamentos da sección 01 (Parlamento de Galicia), da sección 02 (Consello de Contas) e da sección 03 (Consello da Cultura Galega).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 39; votos en contra, 25; abstencións, 7.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobados os orzamentos destas seccións.

O señor PRESIDENTE: Sección 04 (Presidencia da Xunta de Galicia)

Comezamos votando as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votación das emendas números 1 a 5, 7 e 300 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao orzamento da sección 04 (Presidencia da Xunta de Galicia).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Votamos as emendas do Grupo Parlamentario Socialista.

Votación das emendas números 1 a 18 e 21 a 35 do G. P. dos Socialistas de Galicia ao orzamento da sección 04 (Presidencia da Xunta de Galicia).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Votamos as emendas do Grupo Parlamentario de En Marea.

Votación das emendas números 16 a 27 do G. P. de En Marea ao orzamento da sección 04 (Presidencia da Xunta de Galicia).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Votamos o orzamento da sección 04.

Votación do orzamento da sección 04 (Presidencia da Xunta de Galicia).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 39; votos en contra, 32.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o orzamento da sección 04.

O señor PRESIDENTE: Sección 05 (Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza).

Votamos, en primeiro lugar, as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votación das emendas números 8 a 19 e 296 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao orzamento da sección 05 (Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Votamos as emendas do Grupo Parlamentario Socialista.

Votación das emendas números 36 a 69 do G. P. dos Socialistas de Galicia ao orzamento da sección 05 (Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Votamos as emendas do Grupo Parlamentario de En Marea.

Votación das emendas números 1 a 15 do G. P. de En Marea ao orzamento da sección 05 (Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Votamos o orzamento da sección 05.

Votación do orzamento da sección 05 (Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 39; votos en contra, 32.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o orzamento da sección 05.

O señor PRESIDENTE: *Votamos a sección 06 (Consellería de Facenda).*

Comezamos votando as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votación das emendas números 20 a 22 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao orzamento da sección 06 (Consellería de Facenda).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora as emendas do Grupo Parlamentario Socialista, que pide que se vote por separado a emenda número 72. Comezamos votando esta emenda.*

Votación da emenda número 72 do G. P. dos Socialistas de Galicia ao orzamento da sección 06 (Consellería de Facenda).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta emenda.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora o resto das emendas do Grupo Parlamentario Socialista.*

Votación das emendas números 70 a 73 (agás a número 72, xa votada) do G. P. dos Socialistas de Galicia ao orzamento da sección 06 (Consellería de Facenda)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: *Votamos a emenda do Grupo Parlamentario de En Marea.*

Votación da emenda número 28 do G. P. de En Marea ao orzamento da sección 06 (Consellería de Facenda).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta emenda.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora o orzamento da sección 06.*

Votación do orzamento da sección 06 (Consellería de Facenda).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 39; votos en contra, 32.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o orzamento da sección 06.

O señor PRESIDENTE: *Sección 07 (Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio).*

Comezamos votando as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votación das emendas números 23 a 39 e 307 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao orzamento da sección 07 (Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: *Votamos as emendas do Grupo Parlamentario Socialista.*

Votación das emendas números 74 a 103 do G. P. dos Socialistas de Galicia ao orzamento da sección 07 (Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: *Votamos as emendas do Grupo Parlamentario de En Marea.*

Votación das emendas números 29 a 50 do G. P. de En Marea ao orzamento da sección 07 (Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: *Votamos o orzamento da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.*

Votación do orzamento da sección 07 (Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 39; votos en contra, 32.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o orzamento da sección 07.

O señor PRESIDENTE: *Sección 08 (Consellería de Infraestruturas e Vivenda).*

Comezamos votando as emendas do Bloque Nacionalista Galego.

Votación das emendas 40 a 44, 46, 47, 49 e 58 a 61 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao orzamento da sección 08 (Consellería de Infraestruturas e Vivenda).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: *Votamos as emendas do Grupo Parlamentario Socialista.*

Votación das emendas números 193 a 195 e 205 a 207 do G. P. dos Socialistas de Galicia ao orzamento da sección 08 (Consellería de Infraestruturas e Vivenda).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: *Votamos as emendas do Grupo Parlamentario de En Marea.*

Votación das emendas números 51, 61 e 62 do G. P. de En Marea ao orzamento da sección 08 (Consellería de Infraestruturas e Vivenda).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: *Votamos o orzamento da Consellería de Infraestruturas e Vivenda.*

Votación do orzamento da sección 08 (Consellería de Infraestruturas e Vivenda).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 39; votos en contra, 32.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o orzamento da sección 08.

O señor PRESIDENTE: *Sección 09 (Consellería de Economía, Emprego e Industria).*

Comezamos votando as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votación das emendas números 62 a 82, 294, 295, 305 e 306 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao orzamento da sección 09 (Consellería de Economía, Emprego e Industria).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: *Votamos as emendas do Grupo Parlamentario Socialista.*

Votación das emendas números 229 a 235 e 284 a 300, do G. P. dos Socialistas de Galicia ao orzamento da sección 09 (Consellería de Economía, Emprego e Industria).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: *Votamos as emendas do Grupo Parlamentario de En Marea.*

Votación das emendas números 64 a 70 bis do G. P. de En Marea ao orzamento da sección 09 (Consellería de Economía, Emprego e Industria).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: *Votamos o orzamento da Consellería de Economía, Emprego e Industria.*

Votación do orzamento da sección 09 (Consellería de Economía, Emprego e Industria).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 39; votos en contra, 32.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o orzamento da sección 09.

O señor PRESIDENTE: *Sección 10 (Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria).*

Votamos as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Hai unha petición de votación por separado da emenda número 100. ¿Acepta o grupo esta petición? (Afirmación.)

Votación da emenda número 100 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao orzamento da sección 10 (Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta emenda.

Votación das emendas números 83 a 141 (agás a 100, xa votada), 297, 298, 299 e 301 a 304 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao orzamento da sección 10 (Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 18; votos en contra, 39; abstencións, 13.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Votamos

Votación das emendas números 301 a 393 do G. P. dos Socialistas de Galicia ao orzamento da sección 10 (Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Na votación das emendas do Grupo Parlamentario de En Marea hai unha petición do Grupo Parlamentario Socialista para que se separen as emendas 71, 72 e 73. ¿Acepta o Grupo Parlamentario de En Marea? (*Afirmación.*). ¿Podémolas votar todas xuntas? (*A señora Vilán Lorenzo pide a palabra.*)

Déanlle voz ao escano da señora Vilán, por favor.

A señora VILÁN LORENZO: Tamén a 74, presidente.

O señor PRESIDENTE: Tamén a 74. ¿Acepta o grupo? ¿Entón podemos votar estas catro xuntas? (*Afirmación.*)

Votación das emendas números 71, 72, 73 e 74 do G. P. de En Marea ao orzamento da sección 10 (Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 19; votos en contra, 39; abstencións, 13.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

Votación da emenda número 75 do G. P. de En Marea ao orzamento da sección 10 (Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Votamos o orzamento da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Votación do orzamento da sección 10 (Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 39; votos en contra, 32.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o orzamento da sección 10.

O señor PRESIDENTE: Sección 11 (Consellería de Sanidade.)

Votamos as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votación das emendas números 142, 194, 199, 200 e 203 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao orzamento da sección 11 (Consellería de Sanidade).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Votamos o orzamento da Consellería de Sanidade.

Votación do orzamento da sección 11 (Consellería de Sanidade).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 39; votos en contra, 32.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o orzamento da sección 11.

O señor PRESIDENTE: Sección 12 (Consellería de Política Social)

Comezamos votando as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votación das emendas números 204 a 240 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao orzamento da sección 12 (Consellería de Política Social).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Votación das emendas do Grupo Parlamentario Socialista.

Votación das emendas números 433 a 441 do G. P. dos Socialistas de Galicia ao orzamento da sección 12 (Consellería de Política Social).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Votamos as emendas do Grupo Parlamentario de En Marea.

Votación das emendas números 85 a 90 do G. P. de En Marea ao orzamento da sección 12 (Consellería de Política Social).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Votamos o orzamento da Consellería de Política Social.

Votación do orzamento da sección 12 (Consellería de Política Social).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 39; votos en contra, 32.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o orzamento da sección 12.

O señor PRESIDENTE: Sección 13 (Consellería do Medio Rural)

Votamos as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votación das emendas números 241 a 245, 257 a 259, 292 e 293 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao orzamento da sección 13 (Consellería do Medio Rural.).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Votamos as emendas do Grupo Parlamentario Socialista.

Votación das emendas números 442 a 465 do G. P. dos Socialistas de Galicia ao orzamento da sección 13 (Consellería do Medio Rural.).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Votamos as emendas do Grupo Parlamentario de En Marea.

Votación das emendas números 91 a 95 do G. P. de En Marea ao orzamento da sección 13 (Consellería do Medio Rural.).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Votamos o orzamento da Consellería do Medio Rural.

Votación do orzamento da sección 13 (Consellería do Medio Rural.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 39; votos en contra, 32.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o orzamento da sección 13.

O señor PRESIDENTE: Sección 14 (Consellería do Mar)

Votamos as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votación das emendas números 260 a 291 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao orzamento da sección 14 (Consellería do Mar).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Votamos as emendas do Grupo Parlamentario Socialista.

Votación das emendas números 466 a 498 do G. P. dos Socialistas de Galicia ao orzamento da sección 14 (Consellería do Mar).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Votamos as emendas do Grupo Parlamentario de En Marea.

Votación das emendas números 96 a 103 do G. P. de En Marea ao orzamento da sección 14 (Consellería do Mar).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Votamos o orzamento da Consellería do Mar.

Votación do orzamento da sección 14 (Consellería do Mar).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 39; votos en contra, 32.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o orzamento da sección 14.

O señor PRESIDENTE: Votamos a sección 20, a sección 21, a sección 22 e a sección 23.

Votación dos orzamentos da sección 20 (Consello Consultivo de Galicia), sección 21 (Transferencias a corporacións locais), sección 22 (Débeda pública da Comunidade Autónoma) e sección 23 (Gastos de diversas consellerías).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 39; votos en contra, 19; abstencións, 13.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobados os orzamentos das seccións 20, 21, 22 e 23.

Entidades públicas instrumentais

Organismos autónomos

O señor PRESIDENTE: Votamos os orzamentos das entidades públicas instrumentais. Comezamos polos organismos autónomos.

Votación dos orzamentos da Escola Galega de Administración Pública, da Academia Galega de Seguridade Pública, do Instituto Galego de Estatística e do Instituto de Estudos do Territorio.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 39; votos en contra, 32.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobados estes orzamentos.

O señor PRESIDENTE: Instituto Galego da Vivenda e Solo.

Votamos as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votación das emendas números 45, 48, 50 e 57 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao orzamento do Instituto Galego da Vivenda e Solo.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Votamos as emendas do Grupo Parlamentario Socialista.

Votación das emendas números 209 a 228 do G. P. dos Socialistas de Galicia ao orzamento do Instituto Galego da Vivenda e Solo.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Votamos o orzamento do Instituto Galego da Vivenda e Solo.

Votación do orzamento do Instituto Galego da Vivenda e Solo.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 39; votos en contra, 32.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o orzamento deste instituto.

O señor PRESIDENTE: Servizo Galego de Saúde.

Votamos as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votación das emendas números 143 a 193, 195 a 198, 201, 202, 308 e 309 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao orzamento do Servizo Galego de Saúde.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: *Votamos as emendas do Grupo Parlamentario Socialista.*

Votación das emendas números 394 a 432 do G. P. dos Socialistas de Galicia ao orzamento do Servizo Galego de Saúde.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: *Votamos as emendas do Grupo Parlamentario de En Marea.*

Votación das emendas números 76 a 84 do G. P. de En Marea ao orzamento do Servizo Galego de Saúde.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: *Votamos o orzamento do Servizo Galego de Saúde.*

Votación do orzamento do Servizo Galego de Saúde.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 39; votos en contra, 32.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o orzamento deste organismo.

O señor PRESIDENTE: *Instituto Galego do Consumo e da Competencia; Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral e Fondo Galego de Garantía Agraria.*

Votación dos orzamentos do Instituto Galego do Consumo e da Competencia, do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral e do Fondo Galego de Garantía Agraria.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 39; votos en contra, 32.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobados os orzamentos destes organismos.

Entidades públicas instrumentais de consulta ou asesoramento

O señor PRESIDENTE: Entidades públicas instrumentais de consulta ou asesoramento; en concreto, Consello Económico e Social de Galicia e Consello Galego de Relacións Laborais.

Votamos o orzamento destes consellos.

Votación dos orzamentos do Consello Económico e Social de Galicia e do Consello Galego de Relacións Laborais.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 39; abstencións, 32.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobados os orzamentos destes consellos.

Axencias públicas autonómicas

O señor PRESIDENTE: Axencias públicas autonómicas; en concreto, Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

Votación do orzamento da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 39; votos en contra, 32.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o orzamento desta axencia.

O señor PRESIDENTE: Axencia de Turismo de Galicia.

Votamos a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votación da emenda número 6 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao orzamento da Axencia de Turismo de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta emenda.

O señor PRESIDENTE: Votamos as emendas do Grupo Parlamentario Socialista.

Votación das emendas números 19 e 20 do G. P. dos Socialistas de Galicia ao orzamento da Axencia de Turismo de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: *Votamos o orzamento da Axencia de Turismo de Galicia.*

Votación do orzamento da Axencia de Turismo de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 39; votos en contra, 32.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o orzamento desta axencia.

O señor PRESIDENTE: *Axencia Galega de Infraestruturas.*

Votamos as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votación das emendas números 51 a 56 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao orzamento da Axencia Galega de Infraestruturas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: *Votamos as emendas do Grupo Parlamentario Socialista.*

Votación das emendas números 104 a 192, 196 a 204 e 208 do G. P. dos Socialistas de Galicia ao orzamento da Axencia Galega de Infraestruturas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: *Votamos as emendas do Grupo Parlamentario de En Marea.*

Votación das emendas números 52 a 60 e 63 do G. P. de En Marea ao orzamento da Axencia Galega de Infraestruturas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: *Votamos o orzamento da Axencia Galega de Infraestruturas.*

Votación do orzamento da Axencia Galega de Infraestruturas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 39; votos en contra, 32.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o orzamento desta axencia.

O señor PRESIDENTE: *Instituto Enerxético de Galicia.*

Votamos as emendas do Grupo Parlamentario Socialista.

Votación das emendas números 250 a 260 do G. P. dos Socialistas de Galicia ao orzamento do Instituto Enerxético de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: *Votamos o orzamento deste instituto.*

Votación do orzamento do Instituto Enerxético de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 39; votos en contra, 32.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o orzamento deste instituto.

O señor PRESIDENTE: *Instituto Galego de Promoción Económica.*

Votamos as emendas do Grupo Parlamentario Socialista.

Votación das emendas números 236 a 249 do G. P. dos Socialistas de Galicia ao orzamento do Instituto Galego de Promoción Económica.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: *Votamos o orzamento deste instituto. (Pronúncianse palabras que non se perciben.) ¿Perdón? Serían 39 en contra, entón. (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Estabamos votando o orzamento do Instituto Galego de Promoción Económica. Volvémoslo votar.

Votación do orzamento do Instituto Galego de Promoción Económica.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 39; votos en contra, 32.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o orzamento deste instituto.

O señor PRESIDENTE: *Axencia Galega de Innovación.*

Votamos as emendas do Grupo Parlamentario Socialista.

Votación das emendas números 261 a 283 do G. P. dos Socialistas de Galicia ao orzamento da Axencia Galega de Innovación.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: *Votamos o orzamento desta axencia.*

Votación do orzamento da Axencia Galega de Innovación.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 39; votos en contra, 32.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o orzamento desta axencia.

O señor PRESIDENTE: Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

Votamos a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votación da emenda número 256 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao orzamento da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta emenda.

O señor PRESIDENTE: Votamos o orzamento desta axencia.

Votación do orzamento da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 39; votos en contra, 32.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o orzamento desta axencia.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora os orzamentos das axencias seguintes.

Votación dos orzamentos da Axencia Galega de Emerxencias; do Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (CIXTEC); da Axencia Tributaria de Galicia; da Axencia Galega das Industrias Culturais; da Axencia Galega de Servizos Sociais; da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde; da Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos; do Instituto Galego de Calidade Alimentaria; e do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 39; votos en contra, 32.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobados os orzamentos destas axencias.

Entidades públicas empresariais

O señor PRESIDENTE: Entidades públicas empresariais; en concreto, Augas de Galicia.

Hai emendas do Grupo Parlamentario Socialista, que pide que se voten por separado en concreto a 503, 504, 505, 506, 510 e 511. ¿Votamos todas estas que acabo de comentar en primeiro lugar? (Asentimento.)

Votación das emendas 503, 504, 505, 506, 510 e 511 do G. P. dos Socialistas de Galicia ao orzamento da entidade pública empresarial Augas de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

Votación das emendas números 503 a 575 do G. P. dos Socialistas de Galicia (agás a 503, 504, 505, 506, 510 e 511, xa votadas) ao orzamento da entidade pública empresarial Augas de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: *Votamos o orzamento desta entidade.*

Votación do orzamento da entidade pública empresarial Augas de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 39; votos en contra, 32.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o orzamento desta entidade.

O señor PRESIDENTE: *Portos de Galicia.*

Votamos as emendas do Grupo Parlamentario Socialista.

Votación das emendas números 499 a 502 do G. P. dos Socialistas de Galicia á entidade pública empresarial Portos de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: *Votamos o orzamento desta entidade.*

Votación do orzamento da entidade pública empresarial Portos de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 39; votos en contra, 32.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o orzamento desta entidade.

Conorcios autonómicos

O señor PRESIDENTE: Conorcios autonómicos. Conorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

Votamos as emendas do Grupo Parlamentario Socialista.

Votación das emendas números 576 a 603 do G. P. dos Socialistas de Galicia ao orzamento do Conorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Votamos o orzamento deste conorcio.

Votación do orzamento do Conorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 39; votos en contra, 32.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o orzamento deste conorcio.

O señor PRESIDENTE: Votamos o orzamento dos conorcios seguintes.

Votación dos orzamentos da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística; do Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia; do Conorcio para a Xestión e Explotación da Rede Básica de Abastecemento de Auga aos Concellos de Cervo e Burela; do Conorcio Casco Vello de Vigo; da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia e do Conorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 39; votos en contra, 26; abstencións, 6.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobados os orzamentos destes conorcios.

Sociedades mercantís públicas autonómicas

O señor PRESIDENTE: Sociedades mercantís públicas autonómicas.

Votamos o orzamento de Xestión do Solo de Galicia-Xestur, S.A.

Votación do orzamento da Sociedade de Xestión do Solo de Galicia-Xestur, S.A.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 39; votos en contra, 32.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o orzamento desta sociedade.

O señor PRESIDENTE: *Votamos os orzamentos das seguintes sociedades mercantís públicas.*

Votación dos orzamentos das sociedades mercantís públicas: Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A.; Redes de Telecomunicación Galegas, S.A. (Retegal); Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo, S.A; Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A.; Sociedade Galega de Medio Ambiente, S.A. (Sogama); XesGalicia, S.A.; Sodiga Galicia, S.A.; Galicia Calidade, S.A.; Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A.; Galaria, Empresa Pública de Servizos Sanitarios, S.A; Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (Seaga); e Xenética Fontao, S.A.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 39; votos en contra, 32.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobados estes orzamentos.

Fundacións públicas autonómicas

O señor PRESIDENTE: *Fundacións públicas autonómicas.*

Votamos os seus orzamentos.

Votación dos orzamentos das fundacións públicas autonómicas: Fundación Deporte Galego; Fundación Galicia Europa; Fundación Semana Verde de Galicia; Fundación Centro Galego de Artesanía e Deseño; Fundación Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia; Fundación Exposicións e Congresos A Estrada; Fundacións Feiras e Exposicións de Lugo; Fundación Feiras e Exposicións de Ourense; Instituto Feiral da Coruña; Fundación Galega de Formación para o Traballo; Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña; Fundación Pública Cidade da Cultura de Galicia; Fundación Rof Codina; Fundación Pública Camilo José Cela; Fundación Instituto Galego de Oftalmoloxía; Fundación Pública Urgencias Sanitarias Galicia 061; Instituto Galego de Medicina Xenómica; Fundación Pública Galega para a Tutela de Persoas Adultas; Fundación Centro Tecnolóxico da Carne e Fundación Centro Tecnolóxico do Mar.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 39; votos en contra, 32.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobados os orzamentos destas fundacións.

Votación do texto articulado do ditame

O señor PRESIDENTE: Texto articulado do ditame.

Votamos, en primeiro lugar, as emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votación das emendas números 1 a 33 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego ao texto articulado do ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Votamos as emendas do Grupo Parlamentario Socialista.

Votación das emendas números 1 a 48 do G. P. dos Socialistas de Galicia ao texto articulado do ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Votamos as emendas do Grupo Parlamentario de En Marea.

Votación das emendas números 1 a 25 do G. P. de En Marea ao texto articulado do ditame, emitido pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitadas estas emendas.

O señor PRESIDENTE: Votamos o texto articulado do ditame.

Votación do texto articulado do ditame, emitido pola comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, sobre o Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade autónoma de Galicia para o ano 2017.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 39; votos en contra, 32.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o texto do ditame.

O señor PRESIDENTE: Con esta votación remata o que tiñamos que votar, e quedan, polo tanto, aprobados os presupostos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017. (Aplausos.)

Levántase a sesión.

Remata a sesión ás tres e vinte minutos da tarde.

RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Álvarez Martínez, Luis Manuel	(S)	39. Pazos Couñago, José Alberto	(P)
2. Amigo Díaz, María Encarnación	(P)	40. Pérez Seco, José Manuel	(S)
3. Antón Vilasánchez, María Ángeles	(P)	41. Pierres López, María Luisa	(S)
4. Arias Rodríguez, Raquel	(P)	42. Pontón Mondelo, Ana Belén	(BNG)
5. Balseiros Guinarte, Silvestre José	(P)	43. Prado Cores, María Montserrat	(BNG)
6. Bará Torres, Xosé Luís	(BNG)	44. Prado del Río, Paula	(P)
7. Barahona Martín, Magdalena	(EM)	45. Presas Bergantiños, Noa	(BNG)
8. Blanco Paradelo, Moisés	(P)	46. Puy Fraga, Pedro	(P)
9. Blanco Rodríguez, Noela	(S)	47. Quintana Carballo, Rosa María	(P)
10. Burgo López, María de la Concepción	(S)	48. Quinteiro Araújo, Paula	(EM)
11. Cal Ogando, Marcos	(EM)	49. Quiroga Díaz, José Antonio	(S)
12. Calvo Pouso, Diego	(P)	50. Rey Varela, José Manuel	(P)
13. Casal Vidal, Francisco	(EM)	51. Rivas Cruz, José Luis	(BNG)
14. Castiñeira Broz, Jaime	(P)	52. Rodil Fernández, Olalla	(BNG)
15. Chao Pérez, Luca	(EM)	53. Rodríguez Arias, Marta	(P)
16. Conde López, Francisco José	(P)	54. Rodríguez Barreira, María Julia	(P)
17. Cuña Bóveda, María de los Ángeles	(EM)	55. Rodríguez Estévez, David	(EM)
18. Díaz Villoslada, Juan Manuel	(S)	56. Rodríguez Pérez, Moisés	(P)
19. Egerique Mosquera, Teresa	(P)	57. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña	(S)
20. Fernández Fernández, Raúl	(S)	58. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María	(P)
21. Fernández Gil, César Manuel	(P)	59. Romero Fernández, Cristina Isabel	(P)
22. Fernández Leiceaga, Xoaquín María	(S)	60. Rueda Valenzuela, Alfonso	(P)
23. Fernández Prado, Martín	(P)	61. Salorio Portal, María Soraya	(P)
24. García Míguez, María Ángeles	(P)	62. Sánchez García, Antón	(EM)
25. Gómez Salgado, Carlos	(P)	63. Santalices Vieira, Miguel Ángel	(P)
26. González Vázquez, José	(P)	64. Santos Queiruga, Carmen	(EM)
27. Lago Peñas, José Manuel	(EM)	65. Solla Fernández, Eva	(EM)
28. López Crespo, Carlos Enrique	(P)	66. Tellado Filgueira, Miguel Ángel	(P)
29. Losada Álvarez, Abel Fermín	(S)	67. Toja Suárez, María Dolores	(S)
30. Mato Otero, Beatriz	(P)	68. Torrado Quintela, Julio	(S)
31. Merlo Lorenzo, Juan José	(EM)	69. Trenor López, Gonzalo	(P)
32. Moreira Ferro, Jacobo	(P)	70. Varela Suanzes-Carpegna, Daniel Luís	(P)
33. Mouriño Villar, Antonio	(P)	71. Vázquez Domínguez, Sandra	(P)
34. Murillo Solís, María Guadalupe	(P)	72. Vázquez Verao, Paula	(EM)
35. Novo Fariña, María Isabel	(P)	73. Vega Pérez, Daniel	(P)
36. Nóvoa Iglesias, Marta	(P)	74. Vilán Lorenzo, Patricia	(S)
37. Núñez Centeno, Aurelio Alfonso	(P)	75. Villares Naveira, Luis	(EM)
38. Núñez Feijóo, Alberto	(P)		



PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25